A GAITA GALLEGA

TOCADA PO LO GAITEIRO,

OU SEA

CARTA DE CRISTUS

PARA IR DEPRENDENDO

A LER, ESCRIBIR E FALAR BEN A LENGUA GALLEGA,

E AINDA MAIS.

PONTEVEDRA:
IMPRENTA DE JOSÉ Y PRIMITIVO VILAS,
calle de Isabel II, núm. 4.

1853.

EMIA
IA
4

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
30535
30294
Biblioteca

R. 1461

A GAITA GALLEGA

TOCADA PO LO GAITEIRO,

OU SEA

CARTA DE CRISTUS

PARA IR DEPRENDENDO

A LER, ESCRIBIR E FALAR BEN A LENGUA GALLEGA,

E AINDA MAIS.

REAL ACADEMIA GALLEGA
COLLICIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

PONTEVEDRA:
IMPRENTA DE DON JOSÉ Y DON PRIMITIVO VILAS,
calle de Isabel II, núm. 4.

1853.

Imprime: «La Voz de Galicia, S. A.
División de Artes Gráficas. La Coruña
ISBN: 84-600-2217-X
Dep. Legal: C - 540 - 1981

A Real Academia Galega enceta hoxe a publicación dalgúns textos literarios que son constituintes básicos do noso corpo cultural. E faino en reproduccións facsímiles das primeiras edicións. Serán libros doadamente accesibles. Dese xeito, cada quén poderá dispor dunha colección ilustrativa do esforzo dos nosos devanceiros. O esforzo que levaron a cabo para soerguer a língua ás fecundas outuras da vida do espírito. Ás outuras universais que, por dereito propio, lle corresponden.

Con esta empresa acada a noso Instituto ún dos seus designios neste ano que corre, a saber, o de conmemorar dignamente o 75 aniversario da fundación da Academia.

Iniciamos a nosa xeira coa obra de Xoan Manuel Pintos, «A gaita gallega». A figura de Xoan Manuel Pintos e o alcance deste seu libro están xa ben estudados polos especialistas que desto se teñen ocupado. Aquí somentes compre suliñar, unha vez máis, o carácter reivindicativo de Galicia e da sua língua que nas páxinas do escritor pontevedrés latexa con forza propia. De ahí o reflexo histórico de «A gaita gallega». Téñense citado, unha e outra vegada, unhas palabras de Ramón Cabanillas que agora parece necesario repetir: «este libro é a pedra de alicerce da nosa renacencia».

Esperamos que a lectura de «A gaita gallega» avive o sentimento galego de todo aquél que se achegue ao ilustre libro coa alma aberta para as suas suscitacións, aínda hoxe vivas e actuantes.



Cualesquier decidores o trovadores
de estas partes agora fuesen castellanos
andaluces o de la Estremadura todas
sus obras componian en lengua
gallega.

MARQUES DE SANTILLANA.

Alà no ceo do que manda
Hai un ollo mui fiteiro
Que colle de banda à banda
E ve todo mundo inteiro

Nunca dorme nin se randa,
Non deixa can tras palleiro
E sabe a falcatruanda
D'o principio ò derradeiro.

Somente cando sôa na Lanzada
O crudo vendaval e da o sino
Da rabia con que berra a fria bogada
Que ó home mais valente volve o tino
Humildes vos poñedes?
Do menumento os cabos encendedes
Si negra nube cobre a luz do dia,
E se acòra c'ò xufre dos lostregos
E sentese o trevon, a morte chia,
E ven a sua gadaña os mesmos cegos?
Rezades o rosario,
Lembrádesvos da pomba do calvario
Cando os regos van cheos como rios

Que do alto asolagan, e non voan
Os paxaros, e tristes asubios
Arremedan os ventos que resoan?
Remorsos do pecado
O voso corazon tein apretado
Si fenden ò través do ceo a terra
Os rayos que abren rachan como a serra,
E combas fogueadas van facendo
Como cando a serpente vai correndo?
Ay! a negra tormenta
A tod'os animales amedrenta!
Foge o lobo e debaijo de un penedo
Mirando para ô chan abaija a orella,
E ô mais fero leon cheo de medo
Cala e desencrecha a sua gadella.
Mais logo que se aqueda o mar salado,
E en calma queda o vento,
Vêse o ollo do sol ja despejado
Que enche o mundo de luz e de contento,
As nubes espaxota, alimpa o espazo,
Non deija lijo en tanto burruallo,
Amostrase lucindo no seu pazo,
Sin fatiga ningun-ha nin traballo.
Ja voan os paxaros, e cantando
Alegran os pomares, os outeiros:
A facenda nos montes vai pastando,
E todo los pieiros
Que o sangre aquel apreto ía callando,
Ja juntos ja señeiros
A natural pendente se van dando.
Os rayos e lostregos e trebons,
Os berros da Lanzada,
Os tumbos que escumaban a cachons,
Dos montes os cadoiros,

A morte co a gadaña levantada,
E as nubes mais negras que pedoiros.....
Todo todo pasou
Como o foguete sobe estoupa e baija
Sin rastro do camiño que levou.
A voz de «a Santa Bárbora» parou;
E aqueles que encenderon
E de medo rezaron o rosario
De todo se esquenceron
Volvendo ò mal diario.
No duro corazon non lle prenderon
Os gemidos da pomba do calvario.
Ah moinas! ah malvados!
O vicio ja refolga novo alento
E ferven os pecados
Alá do voso peito ben adrento.
Oh dia do memento!
Que dia de carrage, triste dia!
Entonces serviravos de tormento
A pasada alegria,
Porásevos diante o mal exempro,
E veredes arder a cera fria
Que vos rodeará dentro do tempro!
Ay de aqueles que escándalo fixeron!
Mais valera que a nai os escachara
O tempo que naceron.
Que bárbaro da terra terá cara
Para non confesar a fortaleza
Habilidade, acerto e maña rara
Que ten aquel que rege a natureza?
Si subides ò monte e desde ô cume
Mirades para à terra, mar e ceo,
O mundo todo cheo
De cousas que supôn un alto nume,

Os ollos fartaranse de mirare
Nin podrá adiviñar o entendimento
Cal è a man que revolve o alto mare
Ou quen encende a luz do firmamento?
Oh homes de talento
Que tanto traballades a memoria,
A tradicion que diz, qué diz á historia?
Perdeuse no camiño o sol lucente?
Houbo mais que un-ha lua po lo ceo
Desque se acorda gente?
O pobolo de estrelas po la noite
Espalladas no aire como millo
Brancas e mais douradas! Todo a heito
Fai rebulir no peito
O sentimento grande e religioso
De un ente sábio todo poderoso
Que sin traves ni estacas nin canteiros
Fixo esta grande casa que ja acorda
Prèto de seis mil anos alogueiros.

Este perludio o Gaiteiro
Todo enfiado botou
Repinicando señeiro
E por refolgar soltou
O sopretc e o punteiro.

E logo volve a soprar
E a encher a gaita de vento,
Comenza o ronco a fungar
E oise un triste lamento
Que fixo a gaita parar.

Era de un mozo solteiro
Segun el o declarou,
Era de un mozo pieiro
Que o fado lle deparou
Para seu tamborileiro.

Non era mal encarado
E c'os ollos lacrimosos
Decrinaba mal pecado
Sentimentos dolorosos
De un corazon apretado.

Anque da aldea o Gaiteiro
Sin buxan ilustracion
Oiu o son lastimeiro

Doído de compasion
E asi lle dixo ò piciro:

Vamos a ver ti rapaz
Quero que digas primeiro
Ti crés ou non crés en Dios?
—Señor digo que sí creo.
—De veras? — De veras digo
—Sendo asi tamen alento.
Dime rapaz e ti sabes
Persinarte ben e o credo
Con algun-ha cousa mais
Para falar co Gaiteiro?
Ou ves feito un cortezudo
Felpado so con piteiro
Para piteirar e o papo
Facer po lo teu proveito?
—Algo mas que santiguarme
Sè señor y mas que el credo
Y en la doctrina católica
A ninguno tengo miedo.
No piense V. que del monte
Todavia traigo el pelo,
Pues solo por mi desgracia
He dejado los manteos
Cuando ya de los estudios
Estaba tocando el término.
Me vi pobre y á Galicia
Que es madre de los remedios
Volví por que recordaba
Lo qne es demasiado cierto
A saber que es una madre
La gallega que su pecho
Les da mejor que á sus hijos
A los estraños y agenos.
---Inda nonche è a peor cabra
Ti pegadizo faneco
Eso que agora decias
Do que pasa neste reino,
Sinon que dimpois que fartos
Se achan os cucos famelgos
Danlle de couces à nai
E lle van quitando o creto.
Mais ti como bo cristiano
Penso que non farás eso.
Ven para aca dime logo
Queres ser tamborileiro?
—Señor no sè tocar nada,
Mas por ganar el sustento
Las conchas yo tocaria
Aunque fuera con un ciego.
—O pan comido con honra
Nunca fixo mal proveito.
Vaya, vaya, pau de obra
Que ti serás ja vou vendo.
De donde es? como te chamas
E mais tamen saber quero,

Como chegaches aquí
Fugindo do teu terreo?
—Señor yo soy... de la India
Y mi historia es largo cuento
Que contaré mas despacio
Si V. se empeña en saberlo.
Por lo demas diré al punto
Que mi nombre no lo niego
Soi llamado Pedro Luces...
—To to to, vamos con tento
Que un home con ese nome
Pode ser caste do demo.
Ti crees en Dios, ou non Luces?
Ti crees en él ou non Pedro?
—Señor me muera de hambre
Si en Dios de veras no creo.
—Eu non sei que me da o corpo
Mais como humilde te vexo
Dasme lástima e ainda mais
Por seres un forasteiro.
En fin si no es bô seralo
Por ben ou por mal entendo
Que quen torto ande ò meu lado
Logo o fago eu pôr direito.
Conque vamos, profesar
Queres de tamborileiro?
—Si señor.—Pois jurarás
Segun costume dos vellos.
Ti juras obedecer
Para sempre a este Gaiteiro
Como teu amo e señor
Segun divino direito?
—Si juro. —E ter os oidos
De cote muy ben abertos
Para ter conta dos chios
Da miña gaita anque lexos
Sôe entre muytas e toquen
Millenta gaitas a un tempo?
—Si juro.--Pon ben a cruz.
Ti juras e non ò vento,
De ter ley ò pan que comas
Con muito agradecimento?
--Si juro.--Volveo a jurar.
--Rejuro por Dios del cielo.
--Juras por sempre e resempre
Abrazar con grande apego
E non trocar por ningu-ha
A música do Gaiteiro?
--Si juro. --Si o fas asi
Dios te deije chegar presto
A soprar algun-ha gaita
Como eu tamborileiro,
E sinon inda ti vayas
A bater ò teu terreo
Que por bô n'o deixarias
Segun para min entendo
E seas peor tratado
Que un-ha besta de arrieiro

—Amen. —Ponte de gionllos
Levanta as màs ante o peito
E bica do ronco a borla
Con grande recollimento.
Mentres eu c'un palitroque
Do tamboril sô do pelo
Da cabeza che darei
Un palitrocazo cheo
Mais que ainda che levante
Un pote nela pequeno.
Que ferros quentes non gasto
Nin tampouco gasto espetos
Para marcar os da orde
Cal fan outros cabaleiros.
E segun me dixo o frade
Con quen andei un bo tempo
O estudio con outros muitos
Que estudiaban no convento
Diz que aquelas crismaduras
Que facian no pelexo
Na hora en que profesaban
Alguns vellos cabaleiros
Eran por tapar a falta
Das virtudes dos traseiros,
E non tendo delas racha
Por aquelas conocelos.
Si è mentira ou è verdade
Non quero descobrir eso
Pois teño cerrad' os libros
Desque cerran' os conventos.
—Yo creo que no es así
Por lo que dice aquel testo
De la partida segunda
Ley y título unvigésimo.
—Nunca seas mal criado
Non teñamos mal comenzo
Porque si es estripacontos
Impóñotę ja correndo.
—Señor V. disimule
Perdone el atrevimiento.
—Perdónoche, e dime agora
Qué che parez dun gaiteiro?
—Señor yo puedo decir
Que siempre alegria siento
Cuando oigo tocar la gaita
Principalmente á un gallego,
Y que es una cosa buena
Concibo aca en mis adentros
Por ser la alegria pura
De cuerpo y alma fomento.
—Cómo dis ti cosa buena?
Sabes ben o que è o Gaiteiro?
O Gaiteiro è un-ha cousa
Que non se lle topa enxempro.
E a alegria dos valles
Dos montes e dos outeiros,
Das gentes è o consolo
E o solaz ê recreo,

E dos tristes corazons
Quita os pesares por dentro.
E o responso do santo
San Antonio o milagreiro
E non hay na foliada
Onde tocare o Gaiteiro
Enemigos, nin hay moza
A quen acometa o demo.
Nonche abonda de lembrarte
Que hasta milagres fixeron
Nos espitales do norte
Os tocares dos gaiteiros?
Que os atacados do gripe
E mais do cólera negro
Das camas brincaban sans
A oir aquel son do ceo?
O Gaiteiro! Ese músico
A nativitate feito
En quen dominan os sinos
Mais mellores que hay no ceo
Sin mais mestres, nin mais libros,
Nin Simons, nin Cirineos,
E capaz de far bulir
A paxarela e os nervos
Dun-ha vella ja sin dentes
E que relouque por telos.
E capaz de far bailar
Co a forza do seu alento
Os árbores e as pedras
E fasta os mortos comestos.
Que Curti nin Paganini
Nin home macarróneo
Se porá él mais prantado
Mais garrido nin mais cheo
Abrazado e dando bicos
De cote ò seu estrumento
E se desvafe con él
E se goce e se derreta?
Quen fai todo esto digo
Simon somente o Gaiteiro?
O Gaiteiro! Velo ahí vai
Para a romage correndo
Levando as mellores mozas
Detras dèl polo vieiro,
Os mancebos e rapaces
E tamen os homes vellos
Todos c'os ollos cravados
Nas prumas do seu prumeiro,
No ronco e nas suas borlas
No ronquillo e no punteiro.
Que gentio! Non hay home
Mais mimadō no terreo,
Mais querido e camelado,
Mais aturuxado arreo.
Nunca sò na romeria
Nin solo está no campelo
Nin à porta da sua casa

Chegou solo en ningun tempo.
A mellor copa ou rosquilla
Ou de viño o mellor neto
No ha de ser para ninguen
E ha de ser para ò Gaiteiro.
Si bombas hay ou foguetes
Bótanos dèl ali prèto,
E ò seu arrededore
Se engendran ò pè dèl mesmo
E nacen, crecen e brincan
Os amores dos romeiros
E dendes que Adan botou
O seu fandango primeiro
E a muiñeira co a sua moza
Que as ten todas o Gaiteiro
Gardadas esas tocatas
No fol pra vitam æternam.
Non foi pouca a tua sorte
Vir a petar ò meu eido,
Vir tocar o tamboril,
E compor parte do gremio!
Conque di, quen es ti agora?
—Señor... o tamborileiro!
—Guapo, un pucho de cereixas
Mereces hoje pois vexo
Que non es rudo, e que podes
Deprender ben o gallego.
Pero mira anque o deprendas
Non por eso che aconsello
Que deixes esquencer nunca
A lengua do teu terreo,
Que sempre será a mellor
Para ti, segun eu creo
Que a miña o è para min
Mellor que cantas conezo,
E no a troco por ningun-ha
Das que ten o mundo enteiro.
Agora tomo eu a gaita,
Ti colle o tamboril presto
E farás touporroutou
Catando o compas que levo,
Que anque non saibas tocare
Pouco a pouco deprendendo
Irás tomándome os moldes,
Irás tomándome os tentos,
Que non hay quen non tropece
Nos principios e comenzos.
Ten boa conta dos meus chios
Cos oidos ben abertos
E a ver como touporrotas
Facendo asi o noso estreno.

Chìi, ìi, ìi, ìi,
Oo, òo, òo, òo.
Tou porroutou porroutou porroutiña
Tou porroutou porroutou porroutó.

Vou a tocar co a miña gaitiña
Vou a tocar un fandango muy bo
Vou a tocar a muiñeira das festas
Vou a facer foliada de Dios.

Chìi, ìi, ìi, ìi,
Oo, òo, òo, òo.
Tou porroutou porroutou porroutiña
Tou porroutou porroutou porroutóo.

Ve lo ahí tedes tocando o Gaiteiro
Velo ahí tedes c'o tamborileiro,
Velo ahí tedes pesares quitando
Velo ahí tendes a gente alegrando.

Vindeo ver como as froias enchendo
Enche a gaitiña de vento tamen,
Vindeo ver como bule c'os dedos
Vindeo ver que vos toca muy ben.

Vindelle ver a monteira bonita,
Prumas de galo no curuto van,
Vindelle ver o farrapo do ronco
Feito un-ha resta de fios de lan.

Vindelle ver a chaqueta que è nova,
Vindelle ver o dourado boton,
Vindelle ver o chaleque encarnado
Negra polaina e riscado calzon.

Vindelle ver a camisa lavada,
Fitas do colo bordadas que estan
Vindeo ver que è bo mozo por certo,
Vindeo ver que è muy guapo galan.

Diz que aprendeu un-ha música nova
Diz que è un cielo o oílo tocar,
Dalle mil voltas o bo do fandango
E co a muiñeira fará tolear.

Diz que fai falla dende hoje estes bailes
Mui compasados sin trampa bailar
Porque o Gaiteiro as pesca no aire
Rata ningun-ha vos deixa pasar.

Ja ven á gente po la corredoira
Aturuxando c'o chascarraschàs
Ven o pandeiro ferreñas e cunchas
Repinicando co as duas mas

Ay Maruxiña do dengue de grana
Acaba logo si a queres botar
Porque eses ollos me estan chamuscando
Bule entramentres que temos vagar.

Junta con modo ò ojal do justillo
Deixale frojos os nòs do cordon,
Que teño medo que estoupe no peito
Co as alegrias o teu corazon.

Ha de botar hoje o demo do corpo
A que o teña con este tocar,
Que a Pelengrina e mais S. Benitiño
S. Pedro Mártir virán a bailar.

Penso que veñen co eles en ringle
Todos los santos que teñen altar
Vivos e mortos reloucan de oílo
Porque do trinque vos è este cantar.

Ay Maruxiña poraste direita,
Ten ben o fuso que vas a fiar,
Que hoje non queda ni un pelo na roca
Todo los puntos che vou á botar.

Cóchigas vivas no cerro do lombo
Sinto carrizo! me nacen aquí,
Non che è milagre que veñan as gentes
Todas correndo a mirar para tí.

Nenos e nenas, mulleres e homes,
Cregos, soldados, os que empregos dan,
Ricos e probes, pequenos e grandes,
Abrelle os ollos que cegos estan.

Ergue o teu ollo Maruxiña resgo,
Ergue o teu ollo non mires ò chan,
Quero que vexas toda a foliada
Para falar dela muito mañan.

Cata que fales con tento nos ditos
Vaite correndo c'o tempo tamen
Porque non quero teñan que decirche,
Tan solo quero que che queiran ben.

Ten a lengüiña calada na boca
Si ves che atallan o folgo a falar,
Mais en destonses farasme un-ha seña
Das que ti sabes para as novas dar.

Muito me folgo de ver como fende
Gaita gallega neste noso chan
Mais me refolgo de ver teu alento
Feito marèa no teu peito san.

Ay Maruxiña por dios no me fisgues
Po lo rabiño do teu ollo negro
Ay maruxiña se me barre á vista
Ay Maruxiña que seica toleo.

Vámonos indo para á nosa casa
Vámonos indo que è noite rapaza
Vámonos indo que cae o relente
Vámonos indo que ja vai á gente.

Vámonos indo que a gaita miniña
Para por hoje non funga ó roncon.
Tou porroutou porroutou porroutiña
Tou porroutou porroutou porroutóo.

De tocar paràno
Feito ó seu estreno
O que toca á gaita
C'o tamborileiro,

Camiñando juntos
Para ó novo eido
Que ten aquel mestre
No Burgo pequeno,

E chegando ó patio
Que está unda o cruceiro
Lle dixo a seu amo
O tamborileiro
—Señor dudo mucho
Tocar con acierto
Ni aun hacer á medias
Acompañamiento,
Si antes no invocamos
Por un buen acuerdo
A las nueve hermanas
Y al parnaso entero.
Que asi tengo mientes
Que siempre lo hicieron
En tiempos antiguos
Los buenos gaiteros.
—Cala cala brujo,
Cala cala meigo,
Quen te mete á ti
A darme consellos?
Si teño invocado
Ou si inda non teño
De nada che importa
Recamanduleiro.
O que sei decirche
Que nunca lles rezo
Ni as nove pandorcas
Ni ò parnaso inteiro.
E si como toco
Na gaita o que quero
Chamando ò meu Santo
Que está alá no Ceo
Quixera escribire
Os meus pensamentos,
A naide invocara
De todo ese gremio,
Que vai no cabalo
Cabalo do demo
Que sin ferraduras
Catraplina o vento.
E si algun rechamo
Dende os meus adentros
Facer desejara,
Dixeralle presto
Catro palabriñas
Asi deste geito
A grande verdade
De Dios sabio inteiro.

Vente filla do Ceo branca e pura
Voando prestamente po los ares
E pousa nesta miña mâ escritura
Que podes ti quencer os meus cantares,

E perdendo o cruor e a negrura
Cando ti co alento os branqueares
Regalaran non solo o entendimento
Mais oilos tamen dara contento.

Pois sin ti miña joya que seria
Dos encantos que crean os poetas?
Que seria da ilustre poesia?
Aqueles solo foran uns trompetas,
E esta fatigosa algaravía
Barullada de caixas de retretas
Que aboujan e rebentan os oidos
Ainda de orelludos empedridos.

Vente a min así nua cal naceste
Veras como te afago no meu colo,
E despido de farraposa veste
Contigo formarey un corpo solo.
A vil adulacion que mal me preste,
Si a verto nos meus versos quede tolo
E fuge ti querida dos meus brazos,
E faime ó corazon tres mil pedazos.

—Daria á V. consejo mas prudente
Gaitero mi señor, si lo tomara,
Seguro, liso, llano y muy corriente
Que la gaita mejor acreditara.
En tiempos como vemos el presente
Que importa la verdad siendo tan cara?

Se cree al que no miente por ventura?
Pedir peras al olmo es gran locura.

Asi pues invocando llamaría
A los Dioses del mundo prostituto
Y cierto mi talento crecería
Invocando primero al grave Pluto.
Mi fama prestamente correría,
Mis emulos vistiéranse de luto,
Y quizá gritaría mi Gaitero
Que viva el sin igual tamborilero.

El cañuto de plata lisongero
Habia de mercar en la gran tienda
Donde todo se vende por dinero.
Lujoso cruzaría la ancha senda
Soplando y alabando al majadero
Cual digno de obtener una prebenba,
La infamia aplaudiría y al vicioso,
Despreciando tan solo al virtuoso.

Lo demas es tontuna V. me crea
La virtud y la ciencia sin el oro
Son cosa mas que pobre cosa fea,
Y apetece el que es rico aunque sea moro
Judio herege, ó renegado sea,
Mas que pus le derrame cada poro.
Nemo hodie honore dignus est, Gaitero,
Nisi dives. Pues viva el Dios Dinero.

—Ti vés ese Cristo que está no Cruceiro
Cravado e sujeito de mas e de pès?
Ti velo Pedriño, di cascabeleiro,
Ti velo ali posto, ti velo ou n'ô ves?

Ti seique es de aqueles judeos rabuxentos
Que alá o azoutaron cos teus visabós
E vesme facendo ti taes argumentos
De Judas me dando consellos tan bòs?

Repórtate Pedro: rumía o que falas
Non teñamos festa que si ergo de pau
Dende agora mesmo para sempre calas
Que te deixo teso bourandote à bau.

Ti sabes zafado porque o mataron
A ese que tès ahi diante de ti?
As suas verdades a quen espantaron
Os bós ou òs malos, anda Pedro di?

—Señor, nadie duda que Cristo fuè muerto
Porque predicaba la pura verdad,
Y solo tiranos y viles es cierto
Que lo persiguieron con gran crueldad.

Su santa doctrina era una saeta
Que el vicio clavaba y sin remision,
Los hombres perversos formaban la meta
Y el tiro seguro iba al corazon.

El hombre que al hombre tenía oprimido
Forjando las leyes de su esclavitud,
Miró desde el trono su poder caido
Temblando al encanto de aquella virtud.

Aquella que trajo ese mismo enclavado
Sin armas ni fuego mas que el de su uncion;
Aquella palabra que fuera el dechado
Mejor en el mundo de Constitucion.

E pois fillo de unha craba
Si ti sabías ben eso
Para que me viñas dando
Tan maliciosos consellos?
Ou pensas ti que me aturo
Con palabriñas de meigos
Ou que me deixo engadar
Con vizgo de pasteleiros?
Mira ti amaldizuado
Non seas saragateiro
Nin te metas en dibuxos
Que me veñan contra pelo.
As tuas filosofías
Como às d' outros que eu conezo
Fágochelles tanto caso
Como ò aire ou como ò vento
Todo los teus estudios
E teus anos de manteos
Podelos dar por dous chavos
Si non tiras mais proveito.
E mais magino que sabe
E que ten mellor talento
Que ti aquel taleigan
Que vai con aquel becerro,
E estou ben certo e seguro
Que sin ter ningun enseño
Con sola a luz natural
Non caìa nos teus erros.
Veigate Judas labanco
Casi me ques ti facelo,
Mais ten contiña do lombo
Que si che apalpo no pelo
Has de espirrar po las nocas
E tomar do tabaqueiro
Que a mesma copa do ronco
Po las narices che meto.
—Francamente yo retiro
El antedicho consejo
Que propuse solo en chanza
Por descubrir el terreno,

Pues yo vengo acostumbrado
A no despreciar el juego
Si pinta blanco, soy blanco,
Si pinta negro, soy negro.
El caso es lograr sin falta
Lo que cuadre á nuestro intento
Y logrado prescindir
Del que dirán de los medios.
Asi creo lo hacen muchos
Encopetados y huecos
Y campan que es maravilla
Tan osados como ineptos.
Por lo demas no me opongo
Yo nunca á lo verdadero,
Y antes quisiera la moda
Que habia allá en otro tiempo
Cuando los hombres valian
Por su saber y sus hechos
Llevando la muy brillante
Verdad colgada en el pecho.
Y no hacian como ahora
Que mas de cuatro borregos
Le dan á V. una palabra
Como á amigo ó como adeudo
Y sin vergüenza maldita
Le faltan al cumplimiento,
Sin duda porque el mentir
Lo tendran por privilegio.
—Cata cata Pedro Luces
Como recacha o piteiro
Para garlar maginando
Que ja canta como un merlo!
Quen sabe? poida que ainda
Este merliño pequeno
Sirin se volva ou pardillo,
Ou ven xilgaro cò tempo.
Que outros paxaros peores
Metidos en jaublas vemos
E mais comen bos biscoitos
Sin dar nin chios nin berros.
E tamen os hay letores
Que piteiran os impresos,
Si llos llevan para ajaubla
De moca non por diñeiro.
Ti entendes o que che digo
Lancurdio tamborileiro,
Ti sabes cal è a cuña
Que mais acuña no medio?....
Pois ti vai touporrotando
Nas foliadas sin medo,
Que cando ti tropezares
Darache à guia o Gaiteiro.
Pero cuidado co a boca,
Cuidadiño co piteiro.
—De mi no criticarán
Pues basta no sea gallego.

—Aqui os ollos regalaba
E cun-ha voz de trebon
Que o Burgo ja abaneaba,
Este soneto bolaba
O Gaiteiro co roncon.

Ou Galicia, Galicia boi de palla
Canta lástima ten de tí o Gaiteiro!
O aguillon que che meten è de aceiro
E con él muita forza te asoballa.
No lombo teu zorrega, bate e malla
Fasta o mais monicreque ferrancheiro,
E calesquer podenco forasteiro
Te vafa de vergonza sin migalla!
Agarima alleeira eses ingratos
Ou víboras que postas ó teu peito
Co ferrete che rompen mil buratos!
Si o sangre teu refugas do teu leito
Malas novas madrasta de insensatos
Dos fillos teus ò amor non tès direito.

Alter ejusdem furfuris.

Oueira Dios que esta Gaita ben toeada
En recordo lle valla ò bon Gaiteiro,
Eque millenta mais unda ò primeiro
Eeñan tocar tamen a Gaita amada.
Inda premita Dios que sea soada
Aoando muy vistoso o meu prumeiro
Arrolado cos chios do punteiro
Garrido se mostrando co a alborada.
Avante vaya en tod'as romerías
Levada po las vilas e arredores.
Inda sea á maestra das folías.
Calada nunca estea. E de primores
Inzando os sons preñados, è alegrías,
Abusquen homes legos e doutores.

Dixo, e sin mais acá, nin mais alá
Correu da sua porta o tarabelo,
E chiscándolle de ollo ò seu eriado
Agiña se chantaron alà dentro.

Expecta paulisper mayora videbis.
Agardade un pouco, que un conto vos quero.

ADVERTENCIA.

Os que pensan que *gentes* mal escrito
Está con *g*, poñamos por enxempro,
Ou digan que *taberna*, *pan*, *é carne*
Son termos castellanos non gallegos:
Aqueles que sentenzan que *jamais*
Non è da nosa terra puro termo:
Os que dicen que o *o* de foliada
Debe ser *u* fundándose no vento:
Os que fan mais reparos, e murmuran
Das letras e palabras en secreto,
Suplícolles e rógolles que agarden
E queiran dar vagar e tempo ò tempo.
Si alguns se afau à música da Gaita
E teñen da sua pátria o amor desperto,
Si saben do idioma algun-ha cousa
Por Dios lla comuniquen ò Gaiteiro,
Que humilde a recibir a sua doutrina
Está sin vanidade, si por certo.
Por encanto irá èl co seu foliño
Seguindo lealmente o seu comenzo,
E si vedes que a erra, a sua plana
Por Dios que lla enmendedes eu vos prego.
Si vis scire doce. Cacholiñas
Que non se vos esqueza ese preceuto.

FOLIADA 2.ª

Pasados uns poucos dias
Dende os primeiros froreos
Vindo como de costume
Facer ó seu cumprimento
Pedro Luces á seu amo,
Repúxolle asi ó Gaiteiro:
—Santos dias nos dé Dios,
Digo eu tamborileiro
Dònde estamos nos agora?
—Señor en Africa pienso.
—Ah grandiosísimo pillo,
Scique te puxeches bêbedo
Ou secáronche os miolos
Que tès da cabeza dentro.
Por ventura ves ti mouros,
Ou vivimos entre negros?
Non estás na sociedade
Do mas ilustrado reino
Protegido por leis sabias
Para ser tamborileiro?
Donde pòde cada home
Dispor alá ò seu geito
Dos medios que á natureza
E dios lle dou, con direito
De dominio e señorìo
De far deles un pandeiro,
E de cóte quitar deles
Utilidade e proveito
Sin rabichar ó dos mais
Consocios e compañeiros?
Non vives ti ben seguro
De injusticias privadeiro,

E non podes ti dormire
Co a porta aberta do eido?
Tès ti medo aqui a ladrôs
A gatos ou raspalleiros?
E dando caso que os haja,
Non está ó castigo presto?
Non estàs na seguranza
De que aqui penas e premios,
Sen compadrios reparten
Como còs ollos o vemos?
Non sabes ti que aqui nunca
O pan roubado comeron,
E que todos son felices
Segun seus merecimentos?
Que queixa ouíche òs cofrades
Desta hermandá ou deste gremio
Que ja non ten comparanza
Si no é co a groria do Ceo?
Non viven todos juntiños
Con vinclos de amor perfecto,
Como si dun ventre foran
Todos nados e gemelos?
Dí, pois, fillo de un-ha femia
Que motivo ou fundamento
Tiveches para decirme
«Que estoy en Africa pienso?»
E conta non che se escorra
A sin òso, que o Gaiteiro
S'inda non che toi ó lombo,
Poida que non ande lexos.
—Señor V. disimule,
Que no quise decir eso
Y si V. por donde queman
Interpreta mis conceptos,
Las mas sencillas palabras
Tendrán un sentido inverso.
Yo si dije lo que dije,
Fué porque todo el cerebro
Me trastornó aquella carta
Fechada en Montevideo
Que V. ha leido anoche
Lleno de rabia y despecho.
Por lo demás, bien se yo
Que es todo el mismo evangelio
Cuanto ha dicho V. ahora,
Lo cual ni de chanza niego.
—Por muito que te disculpes
A min non ma metes Pedro
Poi las tuas rebesadas
Entèndeas ó Gaiteiro.
Ti dis un-has co a boca
Mais outras che quedan dentro,
Por muy cunchudo que seas
Tod'as cunchas che cacheo.
E pois ja que á carta esa
Que veu de Montevideo
Contra-còchigas che fixo
E che proi ó entendimento,
Outra volta a quero lêre

E que a rumíes che prego
Para que en formar juicio
Nunca ti seas ligeiro.
A carta vela aquí està:
Dice asi: atende Pedro.
«Miña querida Catuja,
Recibin po lo correo
A carta que me mandaches
E me dou muito contento
Por saber que á tua ucha
Inda ten noviño ó fecho,
E que non ten outra chave
Mas que a que truyen e teño.
Penso que terás boa conta
Do que me gardas adrento
Para cando ja de volta
Juntiños... garda o segredo.
Ja me daba a min o corpo
Que esa Rosa do Espiñelo
Habia de far das suas
Como Ana do Cimbelo.
Ben decia Fix da Chouza
E Bernardo do Castrelo
Que as espiñas eran mansas
Sò picaban contra pelo.
Agora o dicen ben craro
As folliñas de bermello
De aquela Rosa tiradas
Po lo chan sin ningun cheiro.
Magôaste Catujiña
Porque de còte ò teu eido
Vai chorar ò pè de ti
Tarde o seu repentimento.
Queira Dios que nela vexan
Suas viciñas un espello,
E que as bagoas de ese probe
Vallan un bon escarmento.
Ja teño ganas de verte
E que será logo penso,
Pois teño os cartiños juntos
Para ajustar o bacêlo,
Que esa veiga e a facenda
Que ei de mercar en te vendo
Abondaran miña joya
Para ir unda o noso crego.
Estou agardando un barco
Que ven cargado de negros
Que anque brancos son escravos
Procedentes dese reino.
Ay Catujiña da alma!
Nunca che pensara velo
mercado como o que vin
Antronte en Montevideo!
Non penses que eran ahi porcos,
Vacuriños, ou carneiros,
Cabras, cabritos, ou años,
Almallos, jatos, becerros,
Ovellas, mulas, ou poldros
Cabalos, facos, jumentos,

Nin cuchos, vacas, castrôs
Nin perdices, nin coellos,
Nin pitos, polos, galiñas
O que se estaba vendendo,
Que eran como levo dito
Animales brancos negros:
Animales que de alcuño
Chaman en este terreo
«*De los nobles cspañoles*
«*Conquistadores de México.*»
Diz que corren malas fadas
Segun di meu tio Pedro
De pernósticos antigos
Que van tendo cumprimento.
E que teñen apuntadas
Estas gentes nun becerro
Mais de millenta judiadas
Que outros con eles fixeron.
E que è tempo de que fagan
Os fillos dos que lle deron
Soldo e premio òs cas de presa
Na América de Cadelos.
Habia pois no peirao
Un valente regimento
De nenos, homes mulleres,
Caladiños cal cordeiros.
Víanse cirolas anchas
Mais que as do noso terreo;
E faixas po las cinturas
De colores muy diversos;
Gorros pequenos, e grandes
Dobrados sobre ó cabelo;
Sombreiros de piruleira
Con borlas e terciopelo;
Monteiras que do rivès
Semellan nin mais ni menos
A da cabeza da estampa
Que está no canton dos nenos.
Mais alá de todos estes
Había uns homes ben feitos
Con muy bô color de cara
Todos eles corpulentos,
E levaban na cabeza
Con largas borlas no medio
Un-has gorras como pratos
Tumbadas do lado ezquerdo:
Falaban alá un-ha gerga
Que è peor que a dos canteiros,
Solo de *Joincoicoa*
Me lembro, è lengua do demo.
Fun seguindo para diante,
Oin pecados muy negros,
Penso que eran da semente
Que nace as veiras do Ebro.
Pero, nunca Dios me dera!
Cando socos de pau vexo,
Polainas, calzós de leras,
Escapularios no peito,
Monteiras acurutadas
Co bico volto dianteiro,

Aquelas prumas, ribetes,
E Santiagiños no medio,
Nunca Dios me dera! digo
Que se me acaba o alento!
Inda penso que è mentira
O mesmo que estaba vendo
Vaya, quedeime varado
Cando no sitio tropezo
Co fillo de Chinto Porro
Neto de Bartolo Rengo,
Con Alejandro do Mato
Joquin da fonte do Rego,
Martiño Coxilitranca,
E Geromo do Penedo.
Aquel Jacobe de Lerez
Fillo de Luis do Cerro,
Jan Anton de Figueirido,
E Cibran o dos Rexelos,
Estevo, fillo da sabia
Que está ò pè de Montecelo,
E Fuco de Pè de Pote
E Marcelo Sanguiñedo.
Lucìa a roxa da Esculca
Con Sabeliña de Hermelo
Andrea Cachada á torta,
Catriña a filla do Cego;
Margarida de Beluso
E Cayota de Bueu
Que direita como un fuso
Baila o fandango do Ceo,
Con outros das catro esquinas
De todo o noso terreo
Tristes fitando no barco
E camiño que truyeron!
Non me fartei de abrazalos
Ofrecerlles ó que teño,
Pero estábanche tan mornos
Como o boy no matadeiro.
Solo Anton de Figueirido
Que iba lebado dos demos,
E ja sabes ten pibela
Para falar por dous centos
Volveu os ollos, miroume
Dende os pès hasta o cabelo,
E con voces destempradas
Que mais parecian berros
Dixome «ben te conozo
Po la tua Gaita Gaiteiro,
Ti pensas que neste mundo
Todos iguales nacemos?
Mira que anque so da aldea
Digo còusas ò meu geito
E sei que nacen os homes
Ou por torto ou por dereito.
Por aqui nacen os ricos
Po lo outro probes labregos.
Estas son as duas castes
Que hay en todo o mundo inteiro.
Non me veñas con farallas

Nin cos teus bos argumentos,
Que eres ti mais argallante
Que os abogados dos preitos.
Que quer decir amor pátrio,
Nin do noso chan apego,
Nin que val vafo de nai
Mais que de un-ha ama dous peitos?
Que quer deeir libertade
Nin dinidá de un labrego?
Esas son as meiguerìas
Con que enfeitizan á lerdos.
Non fan falla teologías
Para cos ollos abertos
Ver ben o que está pasando
Por aquel noso terreo.
Traballa un home e se mata
Por manter catro centos,
E lle fan pagar ben caro
Inda mais por ir mantêlos.
Si vai à vila con ovos
O disgraciado labrego
Fanlle pagar á chegada
Os mesmos que han de comelos,
E si non ten os chaviños
Dinlle que vaya a facelos,
De maneira que ali choven
Cartos e chavos a heito.
Por toxos, ou herba, ou palla,
Por basoiras, ou codesos,
Por garabullos, cañotas,
Por gestas, canas ou tentos,
Por queiroas ou carrascos,
Capós ou feixes pequenos
De leña ou sean billardos,
Pois teñen nomes diversos,
Por arjòs, follato ou poma,
Por estrume para o esterco,
Por manteiga, por galiñas,
Por fariña, por farelos,
Ou relon, ou ven salvado
Por trigo, millo, é centeo,
Por castañas, e verdura,
Por patacas, e pexégos,
Por ameixas, e por figos,
Por bruños, mazás, e peros,
Por noces, allos, cebolas,
Nixaros, piñas, e nesperos,
Por limós, e por laranjas
Do pò e dóces o mesmo,
Por calacús, e cabazas,
Por tomates e pimentos,
Por culleres, mazarocas,
Por liño, estopa, e tomentos,
Por abanos, e carozas,
E por landres para os cerdos...
Ja me canso, so lles falta
Que lle tarifen o alento.
Inda mais, si un leva o carro
Maisque nel leve un enfermo

Fanlle pagar por pasar
Si non llo cian cun leño!
E por cando de viño
Que corre a oito no tempo
Fanlle pagar outros oito
Os labregos por direitos!
Inda ven no está un tallon
Con fabas, navos, ou grelos
Ja ferven po lo corral
Os alarbes dos apremios.
Contribucion de consumos,
Item mais po los terreos
Po los eidos, po las chozas
Po la facenda, e comerzo,
Item mais encabezados
Mais item atrasos bellos
Item mais por peonadas
Por camiños traveseiros,
Arbitrios municipales
E provinciales.... o demo!
Con mil trabucos gabelas
Bagages e alojamentos.
E quen paga cara a misa
E sempre o probe labrego
Que ten o lombo furado
Mais que da criba ó pelexo.
Logo lle brincan enriba
Do rancho que hay no cortello
Da roupa da cama e gando
Arado, pote e caldeiro,
E po las portas do mundo
Vai a pedir ó sustento,
E como ven que no è civado
Danlle co a porta nos beixos.
Si hay quintas non digo nada!
No probe cae o sorteo,
E parez cousa das brujas
Que sempre asucede o mesmo.
E si hay un-ha cachetada
Dun sò rabuño dun dedo
Queda o probe que non proba
Sin camisa cando menos.
E si un quer por non ter sal
A lavadura dos cerdos
Facer con agua do mar,
Armase un gordo preceso
Como os libros que misales
Lle chaman por ala os cregos,
E po las costas da causa
Acaban cun vinculeiro.
E si vai un a un-ha porta
De algun señor cabaleiro
Inda el sea de onte acà
Ben sea grande ou pequeno,
Dinlle que agarde hasta noite
Ja que è un probe labrego.
E si un vai as alamedas,
Os paseos, ou os tempros
Ja pode ver como anda
Sin chincar nos do recreo,

Que logo o enehen de — «bruto
Quítate de ahí paleto,
Bàrbaro, torpe, animal,»
Si n'o repujan no peito.
Agora quixera eu
Que me dixeras Gaiteiro
Si eso è vivir entre homes
Ou è vivir entre demos...?»
Aqui Anton de Figueirido
Parou por tomar alento,
E dixenlle estas palabras
Porque estaba muy acedo:
Anton sahiche dun souto
E noutro peor te vejo.
Quen che dixo que os estados
Se manteñen sin diñeiro?
Tes ti criados de valde
Que che garden o teu eido?
Non son as contribuciòs
Botadas en tod' os reinos?
Ou pensas ti vir folgar
Papan á Montevideo?
Ou que non hay as liornas
Que tí dis do teu terreo?
Deixa que dentro de pouco
Veras o gaño a desexo.
Beberas po lo cabazo
Reloucàndoche o pelexo.
E saudoso da tua patria
Ja arrincaras os cabelos.
Non quedan alà outros homes
Non quedan outros labregos
Mais e millores que tí
Grandísimo papanetos,
E sirven a sua patria
Co seu brazo e seu diñeiro?
Non fan o mesmo os señores?
E n'o fan os mesmos cregos?
Quen es ti pois palanquin
Mala lengua, ciroleiro
Para dourar a fugìda
Con semellante argumento?
Si traballaras, e foras
Honrado no teu terreo
Del non fugiras, virado,
Nin tí ni os teus compañeiros
Vólvoche a decir que impostos
E arbitrios sempre os houberon
E mais grandes e mais porcos
Os antigos os puxeron,
Pois se di de Vespasiano
Que tarifou o escremento.
E tarifáronse as aguas
E o lume noutro tempo.
Son capaz de maginar
Que ti viñeches rengendo
E que deixache en Galicia
Un bolo outan muy mal feito.
Cada un no seu estado
Ten que rascar mais ou menos

E ningun co a sua sorte
Neste mundo está contento.
Todo canto barallaches
Do que pasa alá no reino
Pode ser un-ha mentira,
Eu po lo menos n'o creo....
O criado do meu tio
Chegou neste mesmo tempo
E traíame a gaitiña.
Para alegrar os gallegos.
Non ben comenzou o roneo
O ronquillo e o punteiro
A botar de aqueles chios
que son a groria do Ceo,
Todos viran de colores
Mirando para o Gaiteiro,
Ja sospiran por Galicia
queren volver os rumeiros.
Por un lado e mais por outro
Non se oían mais que berros!
Miña Virge da Lanzada!
Meu glorioso San Bieito!
Miña Santa Pelengrina!
Miña Paetora do Outeiro!
Meu San Roquiño de Vigo!
Meu S. Joan co seo cordeiro!
Meu S. Andres de Teixido!
Ay meu S. Amaro o vello!
Meu Sto. Cristo de Ourense!
De Campaño meu S. Pedro!
Ay miñá Virge de Darbo!
Ay S. Tomé de Piñeiro!
Miña Virge dos Milagres!
Miña Virge do Penedo!
Ay miña Virge do monte
De Mourente de ouro cheo!
Ay miña Virge da O!
Ay meu S. Bartolomeo!
Miña Virge das Hermidas!
De Aguasantas! e Remedios!
Santiña da Esclavitude
Chea de tantos letreiros!
Ay Pastoriza da Cruña!
Ay S. Ramon! ay S. Telmo!
Ay miña Virge da Barca!
S. Martiño de Salcedo!
Ay o noso Santiaguiño
Que está no Burgo pequeno!
E mai lo grande Santiago
Noso Santo padroeiro
Sentado na catredal
Cos duos ollos tan abertos,
Malas novas, malas novas,
Vayan de Montivideo!
Inda lle creben as pernas
Os que nos aqui trougeron!
Fuxamos da qui fuxamos
Fuxamos da qui correndo,
Comamos na nosa terra
Mais que sea caldo negro,

Que tan tristes saudades
De cote nos van crecendo
Co a vida que a pasar vamos
Con este fato de demos...
Catando os arrendatarios
Que o balbordo ía crecendo,
E que á alloada que fan
Ibanlle pondo mal cheiro,
Chiscáronlle de ollo os pinches
Que aquel gando recolleron,
Os ataron, e mallaron
Como quen malla en centeo.
Eu fume co a gaitiña
Para a casa do tio Pedro
Pois ja andaban preguntando
Por ela e po lo Gaiteiro.
Hoje èche o dia Catuja
Que aqueles tod' os venderon,
Menos os que ja enterraron,
E outros que teñen presos.
Cando chegue ò teu oído
Muito que contar che teño
Miña Carrapucheiriña,
Pois agora a pruma deixo.
Feita dia de ano novo
Dentro de Montevideo
Ano seteno da feira
De homes brancos voltos negros
Po lo teu gallego cuco
Bateado alá no tempro
Dito de Sta. Maria
Que è a mayore do reino.»
Que me dirás ti agora
Responde tamborileiro?
---Señor que lo dicho dicho
Y a lo dicho me refiero.
---Pero ti ja rumiaches
Toda esa carta en gallego
Tomando ben o sentido
Das suas frases e termos?
Ou fas como Catujiña
Que andou a lêr muito tempo
E non entendeu a carta
Nin ela ni o seu maestro?
---Toma, toma, no es estraño
Que no sepan leer gallego,
Les enseñan por ventura
En las escuelas a leerlo.?
---Ah saerrenundidí
Me futro no mundo inteiro!
Quítate de diante min
Esculer fillo do demo
Antes que che poña os osos
Nun feixe cun bo fungueiro.
Moneaste ti conmigo?
Ou ti fas que té lo tèo?
Acórdache o que ofreceches
Debaijo de juramento?
Quizais pensaches vafarme
Con decirme ti a min eso?

Cata Pedro que me atriques
Que quen che da pan da enseño.
Diis, parentibus, Gaiteriis
Numquam .. entendes.?---Entiendo
Pero señor, no presuma
Quise faltar al respeto;
Si no decir francamente
Lo que pasa acerca de eso.
Mas si la verdad no gusta
Será preciso mintiendo
Agradar, y en ese caso
Decir que lo blanco es negro.
---Ti òs labanco de judas?
A min non me gusta eso,
Pois no estou en alto posto
Para que encubras meus erros.
O que digo e che redigo
Que a verdá sin sorna quero
Sin arodeos nin roscas
Que é cando ten peor genio.
Po lo demais ja que agora
Puxeches ti o teu dedo
Nesa ferida, che mando
Que fales sin arrecco.
---Entonces con su permiso
Digo que no es un misterio
Que no entiendan bien la carta
Los mismos que son gallegos,
Porque a estudiar su idioma
Nadie se dedica de ellos,
Y no solo por pereza
Sino tambien por desprecio.
Y es cosa que entre las gentes
Quizá no tendrá un ejemplo
Pues de ensalzar su idioma
Todas forman gran empeño.
Aqui mismo, aqui en Galicia
A doctorcillos de pelos
Les oí que su idioma
Es tosco lenguaje, y feo,
Impropio de gente fina
Reservado á los paletos.
Que por lo mismo no hay libros
Que espliquen ese dialecto,
Ni quiere escribir en él
Ninguno que tenga seso.
Por lo cual ya no me admira
Que algunos viendo ese genio
En los gallegos, los tengan
Por cuitadiños y necios,
Lo cual no consentiria
Ningun otro en su pellejo.
Y conviene que se tenga
Presente Sr. Gaitero
Que a aquel que bien no se estima
Todos le tienen en menos.
---Cuitadiño seras ti
E mais quen che dixo eso

Que seria algun lanudo
Baldrocas ou arrieiro,
Pois ningun home de modo
De estudio nin de talento
Será tan galdramulan
Que asi fale de ese geito.
Toda las lenguas do mundo
Teñen o seu aderezo,
Teñen seus zelmes e sales,
Teñen seu mel e seu nervo.
Mais a ninguen será fácil
Ir comparanzas facendo
Sin estudia las a fondo
E descubrirlles o genio.
Mira rapaz o linguaje
Non se compon de procesos
Nin de folliñas escritas
Nin de libriños impresos
Que se compon de palabras
Que van da boca correndo
Para decir òs demais
Todo o noso pensamento.
E cando miles de homes
Nados no mesmo terreo
Daquela moda se entenden
Dendes de anos muitos centos
E porque teñen linguage
Con puntos e comas feito.
E non hay millor pintura
Para pintar os conceptos
Que pintalos cada un
C'o natural estrumento,
Que è a sua lengua nativa
Mamada desde pequeno,
Por onde catou dos pais
De seus avôs e traseiros
As mais pequenas frangullas
Do mais fino entendimento.
E non ten disculpa algu-hna
O desleixado podenco
Que refuga ó seu idioma
Por falar en estrangeiro.
Pois como din ala en Francia
Con muita razon entendo
«Personne n'est dispensé
De sa langue bien parler.»
O mesmo di Ciceron,
O mesmo di o Gaiteiro,
O mesmo di Quitiliano,
E abonda o diga Sarmento.
Ora sí, todos matinan
De mellorar seu dialecto
De decrualo si e duro
E mas doce ílo facendo,
De lle barrer ó cangallo
E depuralo con tento,
Combinarlle voces novas
E mais rico ílo poñendo
E tan nidio é tan garrido
Que regale o entendelo.

Non quita que otros idiomas
Queiran os homes sabelos
Antes alaudos merecen
Os que se apliquen a eso,
Pero sin que ó seu nativo
Jamais deixen esquencelo.
Pois non hay mais mala fada
Que fadar a un con desejo
De que no entenda a seus pais
Os seus parentes e deudos,
E donde foi bateado
Sea tido por estrangeiro.
Si non se imprime en Galicia
Un triste libro en gallego
E catro farafulliñas
Se gaban de non sabelo,
Poida que non tarde muito
En andar o idioma impreso
E que se lle suba às barbas
A outros que andan mui tesos.
E aposto cento por un
E mais poño o que non teño
Que si catro galleguiños
Das catro esquinas do reino
Se sacoden, co él abrochan
Con patriótico empeño
Po las aldeas é vilas,
E cuiden de recollelo,
De compolo e arrombalo,
E facer un todo inteiro,
Juro a Dios volvo a decire,
Que ha de ser un gusto velo
Chegar a donde chegaron
Os outros, e en anos menos,
E mas inda rebasalos,
E deixalos ben arredro.
E saiban os da perguiza
Que sin traballo e sin tempo
Ninguen fixo nunca nada
Nin se fará sin comenzo.
E verda que hoje non usan
O noso idioma gallego
Para leis, nin escrituras,
Nas oficinas, nin tempros,
Nin poñen declaracios,
Nin estenden testamentos,
De maneira que a mil probes
Lles meten gato por coello.
Mais isto ten outro rabo
Que enrrosca asoballamento,
E ten conta desfolalo
E desroscalo con tempo.
Ah de Dios, dicen alguns,
Que gramatica non temos
Nin dicionario tampouco
De sinificados cheo!
Mà barredeira vos barra
Fato de parvos é lerdos!
Que gramatica estudiaron
Moises nin tampouco Homero?

E non fono os escritores
Millores do mundo inteiro?
Escriban tod'os que saben
O noso idioma gallego;
Fáganse dimpois apuntes
O millor sempre escollendo;
Redondeese o linguage
Como tod'os mais fixeron,
Que gramaticas dimpois
E dicionarios a centos
Veredes po los mercados
E nas tendas dos libreiros.
Ti faste do que che digo
Faste ben tamborileiro?
---Si, señor, y se muy bien
Que si atras retrocedemos
Unos seis u ocho siglos.
No solo no se halla impreso
Mas tampoco manuserito
Del tamañito de un dedo
De los que se llaman vivos
Idiomas europeos.
Y sin embargo, a la altura
Llegaron en que los vemos
No solo a golpes de pluma
Sino a empujones de acero.
---Vaya que ja abonda ben
De leria tamborileiro.
Dacame acá esa gaitiña
Que ja anda o Sol descuberto
E fai falla dirlle algo
Como de costume o temos.
Ala rapaz, colle logo
O tamboril e toquemos,
Ruido de Dios metamos
Sin ter migalla de medo.
Quen veña atras que rebase
E nos puxe estes enredos,
E se coroe de gloria
Mentres nos esta botemos.

ALBORADA.

Dios te vexa vir Solsiño
Por esa alegre rajeira,
E te folgues no camiño
Co a Aurora tua porteira
Botando grande alumiño.

E na entrada que de cote.
Fas ti brillante e fermosa
Sin contribucion ni escote
O millor de cada rosa
Natura a feixes che bote.

Sube alegre e majostoso
Lucente visitador
Do Divino Redentor
Que te conserva asi mozo

Sube calado fiscal
Que vigias canto pasa
Co as luces da tua brasa
Neste mundo terreal

Sube dourado boton
Con que Dios abrocha o Ceo,
Forno de lume a cachon
Que turra e volve carbon
Canto vai de crime cheo.

Sube fonte limpa e crara
De vida por toda a terra
Donde os homes se fan guerra
Diante da tua cara.

Non te enojes si humildoso
Un home de acá che fala
E co a forza de un-ha bala
A vista dirige á tí,
Sin poder adiviñar
Como andas sobre de nos,
Como te ergues e te pos
Camiñando sempre asi.

E mias creo
Que ti serás capaz de volver tolos
A todos cantos van con Galileo,
E de secar os miolos
A cantos te estudian baixo o Ceo

Cando sobes por riba de ese monte
Que chaman de Mourente,
Pasando po lo Burgo acá na ponte
Se para toda a gente;
Relouca de contento en ti fitando
Como vas po lo Ceo gaveando
Ceivándote do leito do nacente.

No outeiro que garima ó manso Lerez
Regazo de Pomona e mais de Flora
Paraiso de alegrías
Onse mil regaladas armonías
O despuntar a Aurora.

A quel fresco ruido que arma o rio
Rizando branca espuma nas correntes
Das aguas trasparentes!
Os peixiños brincando po las veiras!

Nos ares mil cantores
Desdobrando de prumas mil bandeiras
De bonitos colores!
Oropéndulos, gilgaros, pardelos,
Verderoles, sirins, e reiseñores,
Encarnados, e verdes, e amarelos,
E brancos, e azulados,
Con guias e mais cabos muy dourados!

Todos c'o seu amor e sua riqueza
Rebulindo entre os arbores e frores
E botando inocentes seus louores
O sabio autor da hermosa natureza!

Do cume que remata en campanario
Lle ajudaron con cántico bendito
No mosteiro que agora è solitario
Rezando no breviario
Os frades do piadoso S. Benito

Ardente Sol dourado
Pagizo carabel
Da horta celestial,
Brinquiño do toucado
Que pon enriba del
A virge divinal

O descubrir teus albores
Subindo po lo nacente
Escachan toda las frores
E todo cante hay vivente
Enche o seu peito de amores.
O teu axexo alegra a todo o mundo
Que aun-ha alumeares,
E doces canto de pracer jucundo
Por todo o mar e terra, e po los ares
Resoan a millares
O recebir teu calor fecundo.

Inda naquel apousento
Onde estan encarcelados
Os homes muy mal tratados
Teñen tamen seu contento
Vendo sò tua luz fechados.

Que seique asi a luz do dia
O mesmo que quer morrer
Lle causa certa alegría
E Dido se remordia
Cando viu que a ía perder

Dourado Sol que estás en ese trono
Que todo o Ceo azul ten por dosel
Sobrado en que pasea Dios teu dono
Mirando canto pasa baijo del.

Bótame un traslado de esa historia
Escrita no gran libro que è da vida,
Que quero deprendela de memoria .
E saber si a alma miña vai perdida.

Bòtama Sol puro e limpo
Que Dios será teu amigo
Por ser o millor testigo
De canto se fai aca.
Bótame siquera un lenzo
Dos cadros que hay nesa corte
Que sea meu o pasaporte
Para poder ir alá.

Dame siquera un sumario
De toda las tolerias
Que forman o calendario
Das mundanas romerías.

Si quixeras ben podias
Darme a conda con segredo
Da madeixa enmarañada

Que ten deste mundo os feitos
E po lo fio tirando
Ponquiño a pouco direito,
Irian vindo cal peixes
Que recolle o mariñeiro.
Que gusto con tal redada
Metida no meu tinteiro!
Que gusto pinchar co a pruma
Ilos sacando de dentro!
Ilos poñendo letrados
No medio destes carreiros
De modo que os seus letores
Lle quitasen o sombreiro!
Vaya serìa baraja
Para jogar muito tempo
Un-ha fantasmeigorìa
De gran entretenimento.

Ver aqueles gigantazos
Que no mundo apareceron
De corpos como un-ha meda
E brazos dous ou tres centos,
Que nunca fartos se hachaban
E sempre estaban comendo,
Alarbes que resollando
Rapaces ìan sorbendo:
Aqueles homazos grandes
Celebrados cal portentos
Por andar como corcons
Viviedo como os conexos:
Aquelas grandes conquistas
Como quen baila un bolero:
Aqueles milleiros de homes
Levados como becerros
Que se collen po la corda
Para ir ò matadeiro:
Aqueles fatos de Reis
Comendo touciño fresco,
Carne de craba e de boi
Asada so nun espeto;
Estumballados no chan
Diante do seu exercito
Bebendo a barba regada
O viño por un gran jerro:
Aquelas divirtisions
De Chipre e mais de Mileto
Que eran un-has rapazadas
Que ja non hay neste tempo:
E si se fan que se fagan.
No me meto agora neso.
Entre parentesís vaya
Este par de dous carreiros.

Aquelas filosofías
Aqueles grandes talentos
Que morrian po la man
E recetaban venenos:
Aqueles fillos de lobas
Coroados recollendo
As gavillas de ladrós
Para formar un bo gremio:
Aquelas adiviñanzas
De mulleres e agoreiros
Naquelas sabias idades
Que chaman de ouro os maestros:
Aqueles tempros famosos
De altares todos cubertos
De sapos, toupas e cobres
E cabezas de carneiros;
De falos, e femias cregas
Que tiñan pauto c'o demo
Nun-has hortas churumadas
Con navos, coles e grelos:
Aquela sangre dos fillos
Que seus pais ìan vertendo
Quedando os buxeos zafados

Da carida satisfeitos:
Aquelas altas colunas
E soberbios monimentos,
Aqueles arcos de trunfo
De catro asesinos premio:
Aqueles carros tirados
Por homes cabalos feitos
Que tiñan a muita honra
Levar un tirano dentro:
Aquelas mareas de homes
Que viñan cal rio cheo
Asolagando ciudades
E levando todo a heito:
Emperadores subidos
No rico solio de un reino,
E às vinte e catro horas
Degolados po lo mesmo:
Aqueles homes casados
Con outros do mesmo secso
Cheos de abominacion
Provocando a ira do Ceo:
E muitos beatos falsos,
E muitos mixiriqueiros
Cariñas de chora cricas
Verdadeiros fariscos,
Que engaritan con doutrinas
Santas a veces por certo,
Pero botàndoas de perda
C'o seu criminal exempro.
Estes chistes e mais outros
Porias ti descubertos
Po lo teu daguerrotipo
Que non ten ningun defeuto.
E no medio de eses cadros
Feixes de lanzas e de elmos,
De toda mena coroas
Escudos, sabres e cetros
Todos crebados no chan
Achas e rachas ja feitos
Cegados todo los fios
Dos metales ferrugentos.
E guindados nun curruncho
Mantos de púrpura vellos
Todos cheos de buracos
E desfiañados ourelos.
E un-has letras relumbrando
Nun ben azulado lenzo
En carreiros mesurados
Asi pouco mais ou menos.=

«Que foi de tanto barullo
Que foi de tanto bureo
E mil gandayas?
Que foi de aquel fero orgullo
E soberbios devaneos
De estas sayas?
Uns globos de vento cheos
Feitos de agua de xabron
Asoprando,
Que lle sirven de enredeos
A nenos que de un pallon
Van soltando.
Onde van aquelas glorias
Aquela endiosada gente
Po los astros?
Andan en vellas historias
Como un-has podres sementes
En canastros.
Si todos estes arreos
E mais cantos os levaron
Polvo son,
Que pensan os dos empreos
Que alá por baixo quedaron
Da leucion?

E vindo mais ò presente
Das cousas que agora vistes
Que pasaron,
Quen habrá que no escarmente
Cos trocamentos tan tristes
Que pasmaron?

As voltas que houbo na Europa
Sin deixar os cardenales
Nin o Papa,
Os tronos, gentes, e tropa
Contando as horas fatales
Sobre ó mapa!

Aquela gran revulsion
Que do trono botou fora
A Orleans,
E llo puxo á Napoleon
O pequeno nun-ha hora
Entre as mans!

O arcebispo asesinado!
Caviña poñendo a sorte
Ja nun tris!
Radesqui cal can rabiado
E Roma entregada á morte
Por Paris!

Onde vai Carlos Alberto
Que foi o cabo da terra
Mal pecado
Deixar os osos, cuberto
De mal color po la guerra
Chamuscado!

E que decis de aquel feito
Mui horrendo e criminal
De Merino,
Que puxo o inocente peito
Da sua Reina ò puñal
Asesino?

Quen de vos sabe as liornas
Dos partidos que se matan
Por mandar?
Si quizais das Californas
O ouro somente tratan
De apañar?

Os que pensen que no hay Dios
Se levan valente chasco
En verdá.
Seu poder se ri de vos
E barre sò de un chubasco
A impiedá.

Onde van os campanarios
E campanas dos conventos
Do Señor?
Alajes, e relicarios,
E copós, e sacramentos
De valor?

Onde van tantos altares
E òrganos de alegrias
Insensatos!
Tantos libros a millares,
As ropas das sacristías,
E os ornatos?

Tantas rentas, e diñeiros,
E facendas, e pinturas
Tan prezadas?
Sabedes vos si os rendeiros
Fan hora as pagas mais duras
Que as pasadas?

De costumes nin de culto
De virtudes non faledes
Nin moral;
Entre vos vai todo a bulto,
Sò dos homes prometes
Ben ou mal.

Bos exempros e leucios
Dos mayores os pequenos
Non se ven.
Camiños de perdicios
Pratican os mais e os menos
Mais de cen.
O carballo mais ferrudo
Si o becho lle craba o dente
No raigado,
Amolece e ja golvudo
Vèn ao chan prestamente
Derrumbado.
Os vicios son vechos fortes
Que amolegan corpos duros
E valentes,
Os pecados son as mortes
Que tumban torres e muros
Insolentes.
Non botés a naide a culpa,
Que meta a man no seu peito
Cada cal,
E aquel que teña disculpa
Diga si eso leva geito
Ben ou mal.
Tende conta que somente
A virtude nunca falla
Tarde ou cedo.
Os que viven torpemente
Vólvense todos borralla
Cheos de medo.
E o frio pè da morte vai petar
Da mesma moda ò pazo que ò pallar»
Dourado pintor de natura no Ceo
Cos ollos cravados en ti maginando
Nin sei si te escribo, nin sei si te leo,
Nin si estou desperto nin si estou soñando.

Farasme ò favor de un cachiño de lume
De aquel mais febeo das doce do dia,
Frangulla noviña do delfico nume
Con celme que sale miña poesía?

Os versos secainos sin esa lentura
Son aguas mui chirlas que causan arrotos,
E son carantoñas da literatura
Paxaros sin pruma con duros cañotos.

Nada me dis tan calado
En facha posto no Ceo
Poñendo o universo cheo
Da tua gran craridá,
E vas e vès cada dia
Sin demudar o semblante
Levando o tempo diante
En sinal de eternidá.

Eu ben sei que vas nun libro
Con pruma de ouro apuntando
O que mandaba ó real bando
Que ab initio se botou,
Po lo cal todos aqueles
Que asoballan este mundo
Queimaralos no profundo
Segun que Dios cho ordeneu.

A Dios sol hasta mañan
Que te veja muitos anos
Con bailamentos galanos
Po la criba de S. Joan.

Que ò nacer todos los dias
Entres por miñas solainas
E tempres ben as buxainas
Que ten da gailiña o fol
Para que de madrugada
Toda a gente despertando

Vaya alurulos bolando
Que a Gaita saùda ò Sol.

—Señor allá va el cura que sentado
Bajo del patio estuvo muy atento
Como sucede siempre cuando pasa
Y le oye á V. tocar el instrumento.
—Deix'o escoitar, que si ò señor abade
Lle gusta a Gaita tanto mellor Pedro.
Pois ti ja sabes que de gafualliña
Nunca os aplausos merecer desexo.
—Bien se señor lo de «quis autem nesciat
Plus in pauciori bus doctis momenti
Quam in pluribus imperitis esse»
El vulgo es vulgo y como vulgo necio.
De V. al menos nadie dirá nunca
Que sus tocatas otros produjeron,
Y estoy seguro, sì, que el de Sulmona
Tan desgraciado como buen gaiteiro
Con mas razon que V. decir no pudo
Lo que dijo del parto de sus versos.
«Palladis exemplo de me sine matre creata
Carmina sunt: stirps hæc progenies que mea.»
—Ti remóntaste, ou poste como o pavo
Por andar o meu lado Pedro, Pedro?
Cata ben que lisonjas cortesanas
Non as quer no seu pazo este Gaiteiro.
As tocatas que eu toque boas ou malas
No foliño da Gaita as eu engendro,
E nela caben todas en celdiñas
Como monjas que estan en un convento.
—Verdad es que las monjas holgaditas
Y con comodidad están adentro,
Sin embargo confieso me dió lástima
Aquella jovencita de este pueblo
Que alegre á profesar marchó hace poco
Y á dejar para siempre el mundo entero.
—Pois que, parezche a ti que tan mal vai
Quen deixa a loita tremedal que vemos
Na sociedá roida da cochambre
Dos vicios todos que a virtú sin medo
Asoballada po los pès a poñen,
O trunfo cantan, piden o seu premio
E cando os bos se encollen perseguidos
Ergue o malvado o brazo carniceiro?
A paz do claustro para a virge casta
Aquel silencio, aquel recollimento,
Aquel encanto da que a Dios se entregue
Son a escaleira para entrar no Ceo.
—No quise yo decir que fuese malo
El profesar de monja, lejos de eso.
Que lástima me dió dije tan solo
Porque triste al magin vino el recuerdo
De aquella que en S. Payo de Santiago
Salió por una reja, y fué su cuerpo
Rasgado por un garfio y al caerse
Murió ha veinte años poco menos.
—E ti estabas alí, vichela morta
Co seu vestido novo muy ben feito,
Encaixes po lo peito, e muy cintada
A rica perna con galós muy negros?
—Señor he visto, y á su lado estuve
Horrorizado un rato al ver su cuerpo
Lleno de sangre, con la cuerda atado,
Los ojos casi vivos medio abiertos.
Quis talia fando temperet a lacrymis?
—Deixese de panxoliñas señor Pedro
—Fué caso aquel, señor, tan triste y raro
Que lo apunté en mi libro de recuerdos.
—E ti conservas inda ese libriño?
—Si, señor. Aqui está con ese cuento
Que dice asi:

LA MONJA DE S. PAYO.

La campana del reló
Sonaba en la catedral,
Y el sereno que la oyó
Dijo con voz sepulcral
Las doce en punto y.... calló.

Porque ruidoso tropel
De caballos percibía,
Y alguien en ellos huía
Que el acicate en la piel
Con rigidez le metía.

Tocó el pito en la Quintana
Dando noticia del hecho,
Y con diligencia vana
Corria el oido acecho
Detras de la caravana.

Otros mas se le juntaron
Y todos juntos corrieron,
Pero luego se pararon
Porque el ruido perdieron
De aquellos que se escaparon

Uno de estos que lloraba
Quiso volver hacia atras;
Mas otro lo amenazaba,
Y le decia, jamás,
Y á galopar lo obligaba.

Los serenos se volvieron
Con la esperanza perdida.
Hacia la plaza cogieron
Y en el medio descubrieron
Una persona tendida.

Recelosos se acercaron
Con el farol y lanzon,
La doncella rodearon,
Y á su pie se arrodillaron
Por rezar una oracion.

Vísteis acaso caida
Palpitando en su dolor
Cándida tórtola herida
Del tiro del cazador
Perder la inocente vida?

Asi caliente hermosura
Al Eterno consagrada
Bañada en su sangre pura
Yacía allí estrellada
Con esparto á la cintura.

Blanca azucena arrancada
Denoche de tu jardin,
Y a deshora deshojada
Por aquel de S. Martin
Que te dejó amortejada.

Las vírgenes del Señor
Al entrar en tu aposento
Se llenaron de dolor,
Corrieron por el convento
Llorando tu triste amor.

Y en medio de su aflicion
En plegaria lastimosa
Pidieron á Dios perdon
Para tan frágil esposa
Cegada por la pasion.

De luto salió la Aurora
Y se detuvo en Oriente
Y los gemidos de Flora
Se oian en Occidente
En aquella misma hora.

Sonó la triste campana
Y el pueblo clavó sus ojos
Agolpado en la Quintana
En tus mortales despojos
Y cuerda de la ventana.

Infeliz, que sin sabores
Aquel garfio te causaba!
Que augustias, ay, que dolores
Cuando tu espalda rasgaba
Castigando tus amores!

Tu sangre de aquella altura
Sobre tu amante cayó,
Y colmó su desventura
Cuando la cuerda rompió
Y te halló en la sepultura.

Aquel ay ya moribundo
Que en la plaza resonó
Era de un pesar profundo
Porque Dios te iluminó
Para pasar á otro mundo.

La estrella de aquel claustro refulgente
Que gloria de las monjas fuera un dia
Aparece apagada de repente
En la tumba sin luz manchada y fria.

Colocada á la puerta de su templo
Lujosa sin llevar hábito santo
En ella se leia un triste ejemplo
De imprudencia y locura con espanto.

Los ministros de paz y su prelado
Dudaron un momento de su suerte
Creyendo que quedara escomulgado
Aquel blanco despojo de la muerte.

Descubriendo en un pliegue del vestido
Los secretos del page que imprudente
El fuego de un amor muy encendido
Prendió en el corazon de la inocente.

Y su esposo la quiso arrepentida
Y lágrimas rebosa el ataud
De un pueblo que contempla derretida
En medio del amor á la virtud.

Las vírgenes en coro congregadas
Los ojos en el Cielo, con fervor
Pedian con las manos levantadas
Piedad para una sierva del Señor.

A tiempo que concurso numeroso
Introduce el cadáver elevado
Brillando entre mil luces ya dichoso
De órden superior en el sagrado.

Las bóvedas del templo resonaron
Los órganos lloraron de alegria,
La gloria del Pastor todos cantaron
Que la perdida oveja recogia.

—Pois mira sempre o Page
Denoite se queixaba,
E asi se lamentaba
Soñando co pasage
Que a todos lastimaba.

Adios miña joiña
Ja non te verei mais
Agora compre choren
Como choro teus pais.

Si ahí non te meteras
Tan cedo sin que foras
Capaz, ti non cairas
Viviras á estas horas.

Nin eu en ti puxera
Meus ollos disgraciados,
Nin ti me lembrarias
Praceres non probados.

Nin tanto me feriras
Con gusto meu do coro,
Nin eu te choraria
Tan triste cal te choro.

Adios sirin alegre
Da casa do Señor,
Adios cuitada rula
De mal fadado amor.

Guindada nesas pedras
No medio da Quintan
Por entre a tua sangre
Colleche a miña man.

E aquela bagulliña
Callada nas pestañas
Colleuna a miña boca
Feríndome as entrañas.

Mal haya a miña vida
Mal haya a miña sorte
Que sin sabelo eu mesmo
Che dei aquela morte.

Si no estivera cego,
Si no estuvera xordo,
Tomara os alumiños
De un novo trasacordo.

Aquelas badaladas
Que abouxaban os ares!
Aboleando as pedras
Debaixo os calcañares!

Aqueles chios tristes
Gementes e crebados
Dos ralos que voaban
Nas torres e tellados!

O apagarse a luz
No violado apousento
Eran tristes agoiros
Do estrago e seimento!

Que xordo e cego estaba
Largando a froxa corda
Que o van arrodeaba
Da virge que no acorda!

Mal haya á miña vida
Mal haya a miña sorte
Que sin sabelo eu mesmo
Che din aquela morte!

Non quero me perdones
O erro grande mèo
Recrama á miña morte
No medio alá do ceo.

E indo a eternidade
Do mundo no veiral
Recolle a miña alma
E leva a ò tribunal.

Acúsame de veras
Que miña foi a culpa
Pois anque a tivera
Non quero achar disculpa.

Por ti desventurada
Me acuso ò juez teu,
Lle pido que te salve
E solo morra eu.

De Judas a caron
Sabendo a tua groria
Faran as duras penas
Mais dôce tua memoria.

Adios sirin alegre
Da casa do Señor,
Adios cuitada rula
De mal fadado amor.

Bagoas que sin sosego
Brincádesme das faceiras
Para o chan,
Juntaivos facendo un rego
Que rompa as suas xorreiras
Na Quintan
E unda a reixa de ferro
Por onde sahiu cuitada
A que morreo
Facede alí o voso enterro
Co a miña vida matada
Choro arreo.
E caindo so das laxes
Que a freixa sea gemente
E muy dorida
Para que todolos pages
Se doian, e toda a gente
Da caida.
Lavai o sangre callado
Que alegre regurgullou
Un corazon
De amor... Estese calada
Que abondo de nos vingou
Oh pasion!

—Por ventura en la memoria
Tendra V. señor Gaitero
De aquellos dos perillanes
Los nombres y hogar paternos?
—N' ó sabras da miña boca
Si quizais che se esqueceron.
Sabido o pecado, o nome
Dos penitentes calemos.
—Convenido. Y diga V.
Tiene presente el remedio
Que aplicaron á aquel mal
Que se arraigaba en el templo
Con ocasion de la misa
Con música del ejército
Llenando el mayor concurso
Las muchachas y manteos?
—Teño presente Pedriño
E tamen presente teño
Que únda as reixas do coro
Os estudiantes a centos
Se disputaban os sitios
Sin facer caso do crego,
Todos postos cara as monjas

C' os olliños lambisqueiros.
Mais dimpois de aquel fracaso
Que alí nunca tivo exempro
Acordáron de arredare
Os homes do coro lexos,
E por eso uns cravos longos
Espetados lle puxeron;
Pero postos de tal moda
Horinzontaes e negros
Que alguns foron mal feridos
C'o a presa volvendo ò vezo.
Mira ti si ben recordo
O que entonces dispuxeron
Dimpois de morto o paxaro...
Para atallar o progreso.
Mentres a musica ainda
Facia o rechamo mesmo,
E a estudiantina corria
As foliadas do tempro.

E seguian as visitas
No parladoiro, e refrescos,
E a estopa junto do lume
Ó que se espon ja o sabemos.
—Señor la disciplina y la doctrina
Con método al compas del buen ejemplo
Los vicios y estravios de los hombres
Remedian facilmente, y sin estrépito.
Y ahora que tocamos este punto
De doctrina y preceptos, yo le ruego
Me diga los que ayer iba á contarme
Cuando empezaba á hablar de aquel maestro.
—Ah, si, ben me recordo Pedro Luces,
E dasme gusto por te ver afeito
A deprender e pór atencion viva
A canto poida serche de proveito.
O conto pois que eu ònte comenzaba
D desta moda: atende, atende Pedro.

Habia nun-ha aldea de aquí prèto
Un maestro que tiña muita fama,
E lle daban as gentes muito creto,
Gustáballe mui pouco ir pola rama
Querendo na raiz dar co machado
Para arrincar os cepos da sua cama.
Non era panxoliñas nin barado,
Sinon un home teso todo inteiro,
Que se encarrapichaba co pecado.
E nun-ha desfollada era o primeiro
Que ò lado da razon e da verdade
Repúñase ò mais fero cacheteiro.
Valído pois da sua autoridade

Enseñaba os rapaces brevemente
Con preceutos de muita craridade.
Decia brevigracia asi chanmente:
«Quen queira conocer o sèu veciño
Mandiño lle dara e veralle o dente.
Quen nunca pan colleu nin colleu viño
Si alguen llo da sin dor todo sachado
Parezlle que ja è del todo o camiño.
E si ten de padriño home do Estado
Inda mais que non saiba presinarse
Terano à forza todos por letrado.
E non hay que poñerse a renegarse
Que por mais que matine o que non teña
Debaixo do que ten ha de quedarse.
O saber e a virtude è mala seña
Para medrar, e solo de memoria
Podrá gozar aquel que a tal se aveña.
Importa pouco diganos a historia
Que quen co demo cava a sua viña
Co mesmo a vendimia e canta á groria.
Quen desprocatado se camiña
Fiando ter na man a sua sorte
Verá con sentimento que no a tiña.
Por último ven todo a ser da morte,
E tanto se apodrecen os señores
Como o probe labrego ò pè da corte.
Aquen se guinde ò mar non terlle dóres,
Que libre foi deixando o seu estado,
Praceres procurando mais mellores.
Teresme sempre nesto gran cuidado

E mais que leña verde é gente nova
Se volve toda fume de contado.
Non falta quen a guerra sempre mova,
E meta os cas na bouza, e arme festa,
Por rirse vendo abrir de outros a cova.
Dirés que craba coxa non quer sesta
Como din pola aldea e polo monte,
Seguro que tomandoa mal lle presta.
O que falta mañan à jura de onte
Merece mais que sea ben ungido
Que o guinden de riba de un-ha ponte.
Segundo á meus avós lle teño ouido
Si non sabe a doutrina algun labrego
Pode ser disculpado e defendido.
Mais non terá disculpa ningun crego
Que fai que sabe é ten o entendimento
Como ten os seus ollos calquer cego.
Diredes sempre o aire e mai lo vento
Se vos veñen buscar de muita presa
Para cousas buxans sin bo formento.
Que muitos van buscar alá à devesa
O pau para pegar, e mal pecado,
Se veñen a levar co él na cabeza.
O que as teña que as munxa co seu fado.
Ninguen se meta a ser dos redentores
Si quer non vir a ser crucificado.
Terés por un consello dos mellores
Arredarse de aqueles que coxean
Mais que vistan de sedas de colores.
Cuidades pegadizas que non sean?

Sabede que a mòr parte das coxeiras
Agiña colle quen non as recea.
A heito non tomés chiculateiras
Que botaran de perda o chiculate
Por non estar ben sans nin ben inteiras.
E pode ter calquera que asi o cate
Bostelas e mais males correntíos
Que con peligro deles se decate.
E teña que pasar no vran bos frios
E bebendo aguas chocas e tragando
Gromos agres de axenxo ou gorropíos.
O que queira muller vaya mirando
Si inteira ven dos pès hasta o cabelo
E si è do fiel cristiano ou meco bando.
Non parés no refaixo nin matelo,
Nin vos cegue de ouro o aderezo,
Que muitas valen mais con ir en pelo.
A honra è un-ha joya de gran prezo
Mais como o vidro agiña se vos creva,
E mala de soldar volvendo ò vezo.
Dios queira que ningun-ha filla de Eva
Vos poña na cabeza aquela cousa
Que a gusto ningun home de ben leva.
Consentide mellor pastar na chousa
Que non sufrir tamaña judiada,
E mais que vos degolen cun-ha fousa.
Nin de chanza o direito de pernada
O pague ningun home que non queira
Levar por nova prenda remendada.
O gando mulleril de outra maneira

Se estima e se tantea sin probalo
Cal se proban as bestas nun-ha feira.
Ben sabedes que muitas seu regalo
No probe do seu home fingen telo,
E logran para todo camelalo;
E vai o parvo asi sin caer nelo,
Pensando que a sua dona è un-ha santa
Co a millor intencion en todo aquelo.
Mais pòrco tamen hay que a sua manta
Lle bóta à sua muller porque lla pegue
E a sua mòr afrenta él mesmo canta.
Ninguen en maldecir jamais se empregue
Nomeando o sujeito de quen fala:
Zorregue sì no vicio a donde chegue.
O que debe rifar e sempre cala
Alcayoto se chama nesta terra,
Equen a mata asi debe pagala.
Debian ser rachados cun-ha serra
E farse de un-ha vez un escarmento
Neses caras lavadas gente perra
Que sin gardar un triste mandamento
Fachendas van quizais na sociedade
Con todo o poderío e regimento.
O libro mais peor en toda idade
Foi sempre o gran exempro do que manda
Non tendo o seu obrar moralidade.
Sabés que ben acaba quen ben anda
E que val mais no peito ter virtude
Que muito colgarello cruz nin banda,
Nin usía, escelencia ou beatitude.

Entendeches as doutrinas
Do tal maestriño Pedro?
—Por ahora algun trabajo
Me cuesta el ir comprendiendo
Algunas frases y adagios
Del dialecto gallego
Pero en la Gaita confio
Me ha de dejar satisfecho.
—Tès razon, e con cachaza
Vaille dando tempo ò tempo.
E agora para remate
De esta foliada botemos
Esas catro puntadiñas
Que levan seu aderezo.

A NAI DO ACHADIZO.

Semper laborat nulla unquam pace nulla tranquilitate fruitur.

Sempre leira c'o pesar
Sin poder sosego achar.

Andaba á lua toldada
Po lo ceo de nubes cheo,
A sua luz la apagada,
E tremia c'o receo
Un-ha muller apurada.

De gionllos e rezando
Diante de S. Ramon
Iballe o punto chegando
E tiña o seu corazon
Dentro do peito abalando.

Os praceres que tivera
Agres lembraba a memoria,
Esquencelos ben quixera,
Mais tiña patente a historia
Que deprendia calquera.

Dos ollos ll' iban caindo
Como as doas de un rosario
Bagoas po lo rosto lindo,
E o remorso era o sudario
Que demais a iba afrigindo.

O seu color encarnado
Ja de cera se volvera,
Seu pranto habia secado
Un berro mal abafado
Cando o seu fillo nacera.

Mal pecado que asi quente
Cruda man te botou fora,
Logo sentiche o relente
Da noite na mala hora
Que perdeche a tua gente!

Tuveche por vèrse un muro
Principio da tua sorte;
Chorabas alí no escuro,
E os paxaros da morte
Contábante mal seguro!

Adios teus pais che dixeron;
Para sempre fòra fòra;
E dun crime dous fixeron;
Desque despuntou a aurora
Jamais bó pracer tiveron.

Si oiras à tua nai
Cando ja volvera en sí,
Dirias que mais que ti
Ela penaba, e teu pai,
Pois lamentábase asi:

Que zume de codesos è de ruda
Incha nas miñas venas?
Que frio o corpo meu de cote suda
Rego das miñas penas?
Ja Dios por meu pecado non me ajuda,
Remedos do meu fillo me fan señas,
Si durmo me acho as portas marfileñas
E fanme a chaga os sonos mais aguda.

Noite de negro pano e mala fada
Noite de maldicion,
Por sempre me puxeches asentada
Tristura no corazon.
Si vira a miña joya recobrada
Daria por rescate o galardon
Da raiz da sua vida desprezada
E a morte me alegrara o seu perdon.

Achadizo, achadizo donde estás?
Ja non te verei mais?
Señeiro po lo mundo rodaras
Por culpa de teus pais?
Cal pedra que no mar caiu serás
Que arriba ja non subirá jamais,
Que non deixou detras de si sinais
E escuro nese fondo quedarás?

Quén sabe si a tua vida?... un-ha entraña
Redobra o meu quebranto,
O gancho do delor me desredaña,
E sahe amaro pranto.
Maldito o chan da horta... alí con maña
Teu pai me garimaba nun encanto...
Ben vin entre as roseiras mentres tanto
Chiando a dolosiña que no engaña.

Para quen no meu seo me creceron
Duas fontes en dous fornos.
Cheos de leite dóce, que ferveron
E surrichando os tornos?
Agora por dedentro mo beberon
Os vermes que formigan brancos jornos
E vanse retorcendo, e quedan mornos,
E aboyan po lo sangre que podreron.

Cando vejo un-ha nai c'o seu miniño
Que está a caron do peito
Fitándolle amoroso o seu olliño
Desperto e lume feito,
Sinto que me retoña muy pasiño
Meu pracer desfollado ja desfeito,
Se espiña o corazon que está colleito
E sangre chora preso e caladiño.

De nada me serviu a confesion
Que fixen repentida!
De nada me serviu a ausolucion
Para alegrar a vida!
A fertuna mais grande prometida
Aquel oco da alma no enche non
Nin borra da memoria tal ferida
Que vence aquí a natura a religion.

Claudite jam rivos, pueri, sat p..... biberunt.

FOLIADA 3.ª

Un homme, qui de sa retraite jete ses feuilles dans le Public, sans prôneurs, sans parti qui les defende, sans savoir même ce qu'on en pense ou ce qu'on en dit, ne doit pas craindre que, s'il se trompe, on admette seus erreurs sans examen.

No vale el azor menos por nacer en ruin nido,
Ni los ejemplos buenos porque los diga un judío.

A 27 de febreiro de 1853, con vento fresco e relucindo a neve amontoada nas Portelas víanse nesta terra muitos probes que baixaban por Lajinde e alá por Jebe, todos esfarrapados, sin camisa, o coiro con gafura varolento e de mal cheiro, os ollos afundidos, os òsos nos pelexos, e co as mans levantadas juntos en tropa entrando na ciudade con fraca e triste voz asi decian:

Deitouse a fame ò longo nos sembrados
Enriba dos centeos trigos millos!
Deixou todo los frutos tan mirrados!
Ay nosos fillos!

Perdemos o traballo e a semente
Tolleuna o temporal dentro das leiras!
Mais valera que foran co esa enchente
Aldeas inteiras!
Antes que o pè da negra fame ver
Chegar a porta e ir co a fraca man
Palpando a gente que ja está a morrer
Por non ter pan!
Alá de donde vimos na montaña
A miseria e tan grande que non pode
A gente se queixar, e a gran fouzaña
Da morte acode!
Que un-ha tan fatal calamidade
A socieda cristiana no estremece!
Entre os gentís quizais mais caridade
E virtú crece!
Que triste santo Dios que triste praga!
Movede tan siquera a compasion
O rico, que por vos algun ben faga
Nesta ocasion.
Non permitás Señor que a nai rabiosa
Esgaze o fillo tenro que inda mame
Como en Jerusalen, e logo o coza
Matando a fame!
Abranse a vez siquera nesta vida
As bulsas e graneiros do avarento!
E médico que cure a gran ferida
Seado famento!
Os probes cantarán a sua groria,
Faranlle no seu peito hermoso tempro,

Verterá ó seu nome po la historia
Piadoso exempro!
Que nunca o rico bos alaudos ten
Si adora como a Dios a sua riqueza,
E non arría un chavo por ninguen
Rí da probeza.

Neste mesmo tempo andaban as cousas tan revoltas, e tanta mezcolanza e confusion habia nelas que por tres reás se vian no treato representar ó vivo os misteriosos pasages da sacra biblia ò lado das lúbricas conceuciós do paganismo! Edificante espello certamente levar os ollos desde Venus para Abel, e das foliadas de Orfeo ò Diluvio universal!

Neste mesmo tempo digo, en que para muito se facia a vista gorda por muitos que lexos de cortar cultivaban as maceiras de Sodoma, neste mesmo tempo repito facendo a sua terceira foliada no Burgo pequeno frente o cruceiro à vista de Pontevedra o Gaiteiro lle decia a Pedro Luces:

Que andas ahí fochicando
No vade tamborileiro?
—Señor no revuelvo nada
Que con gusto estoy leyendo
Y tomando mis apuntes
Para entender el gallego,
Que a fe que me va gustando
Cuanto mas en él progreso.
Usted ya me tiene dicho
Que no se perdone medio
De adelantar acopiando
Lo mejor y mas selecto.
Yo tanto mas me dedico
Cuanto que seguro tengo
Salir de cualquiera duda
Al lado de un buen maestro.
—Pois logo ja que estudías
Dime pouco mais ou menos
Que idea vas ti formando
Deste idioma gallego?
—Señor á mi me parece
Que es inmediato dalecto

Del latin y que conserva
Muchos bocablos enteros,
Y otros tan poco alterados
Que el sonido casi el mesmo
Parece en ambos idiomas
Como dirán mil ejemplos.
Lo encuentro fácil y dulce
Sonoro fuerte y muy lleno
Abundante, y trabajado
Será mejor que el mas bueno.
—Si pensas ti co eses ditos
Falar sò de cumprimento
Fai de conta que á cen tís
Doulles eu muy pouco creto.
A verdá está no seu punto
E son capaz de fendelo
O que diga que este idioma
No è tan bò como ó primeiro.
—Señor por lo mas sagrado
Le juro que soy sincero
Y que dije francamente
Lo que alcanzo y lo que siento.
—Pero vamos, a ti gústache?
Afaste a falar gallego?
Botarás un carto a espadas
Para dar as probas deso?
—Hablo poco, sin embargo
De que lo bastante entiendo;
Pero por dar á V. gusto
Diré aunque mal por ejemplo:

A teimar ninguen me gana
Meu amo na teima fico
Son mais porfion que o pico
Que as durás-pedras debana:
Mais que vexa un-ha catana
De punta cabo do bico
Hei de decir chichirico
E o lenguage gallego,
E a quen contralle lle pego
Cun-ha tranca que ò espotrico.

E chichirico carrizo!
Chichirico teño dito,
E chichirico-repito
Mais que me fagan feitizo,
Que às brujas tamen lle atizo,
E de aqui mesmo lles fito,
E o seu coiro maldito
Lles chasmusco cun tizon
Si non din de corazon
Que o gallego é chichirito.

Ahí tiene V. la probanza
Del poco adelantamiento
Que á fuerza de gran trabajo
Alcanzo yo en el gallego.
Si aquì me hubiera criado
Lo hilaria por los dedos
Pero señor no hay que hacerle
La gaita es para el Gaitero.
—Vaya vaya que inda muitos
Aquì nados con enseño
Tomaran eles gabarse
Do que o meu tamborileiro.

Sigue sigue con cuidado
Parando mentes atento
Nas leucios que no eres rudo
Si queres sacar proveito.
E dime, ti agora lías
Escribìas ou o tempo
Perdias esborranchando
Co a pruma do meu tinteiro?
—No señor, V. ya sabe
Que á menudo me entretengo
En leer los papeles suyos
Que V. escribe en gallego,
Y esta mañana estudiando
Estuve un pequeño cuento
Con tanto gusto que todo
En la memoria lo tengo.
—A ver di logo ese conto
E veremos si è tan certo
Como dis que de memoria
O sabes sin poñer erro.
—Si señor: ahora mismo
Lo digo señor Gaitero.
Ahí va:

Indo un-ha vez po lo monte
De cachaperna a cabalo
Un home cavo de un valo
Parouso detras de un con
Dous cadelos escoitando
Un da vila outro da aldea
Que dimpois de un-ha pelea
Trabaran conversacion.

Ti ja perdiche los fumes
Decia o can de palleiro
Fixèchele un mariqueiro
Sin forza para ladrar
Ja morder ti ben non podes
Con tal podrico nos dentes,
Inda no pan teño mentes
Seique non podes chanchar.

Vai para a vila correndo
Cata non volvas a aldea
Porque da vosa relea
Pensámonos desfacer
Pois nados para joguetes
De señores aburridos
Da nosa especie fugidos
Non nos podes ja portér.

Ti non sabes que nosoutros
O can da vila decia,
Logramos da policia
Da gente de sociedá?
Que entre señores nacemos,
Con señores nos criamos
E tamen participamos
Da sua necesidá?

Imitámoslles en todo:
Na misa estamos ladrando
Dando voltas, é ruando
Co as cadelas que alí estan.
Si hay música, Dios me dera!
A compas alí ouveamos
Adiante e atras andamos
Facendo o que as gentes fan.

Comemos muitas comidas
Cheas de muitas misturas

E anque temos calenturas
Con gusto as pasamos nos.
Non temos que buscar herbas
Porque médicos nos curan
E señores nos procuran
Deitándonos en colchós.

As señoras miñas joyas
Nos miman dannos de bicos
E nomes muy chichiricos
Nos poñen elas tamen.
Durmimos no seu regazo
Por premio de lealtade
Velando ò pè da mitade
Cando ó coime a velas ven.

Azucarillos vizcoitos
Dos dan do seu azafate
E sopas en chicolate
Molladas po la mañan.
Cupido, cupido, toma
Nos din con gran donosura
E facémoslles misura
Lambéndolle à branca man

Imos a bailes treatos
Sin entrada e non pagamos
E alí corremos ladramos
Sin que se nos faga mal,
Pois logo o público queda
Calado e logo se engruña
Vendo que o can refunfuña
O pè da marquesa tal.

Que tamen hay gerarquias
Entre os cas civilizados
Segundo son os tellados
Que cobren o seu cubil.

E o que se aluma con vela
Anque maulon sin servicio
Mais come po lo perguicio
Que o bo can que está o candil.

Mais dime palanquinazo
O can da aldea decia
Terés vos mais alegria
Saude e forzas que nos?
O lobo vos tiraredes
Si vai comer voso dono?
Si o rouban durante o sono
Botaredes os ladros?

Dormiredes ó sereno
Por gardar as suas uchas
Sin que se vos poñan muchas
As carnes fracas que tes?
Subiredes costa arriba
Sin que agiña vos cansedes?
No bran ò sol vos poñedes
Sin que co abafo acorés?

Ja che digo que nosoutros
O can da vila repuña
Non temos dente nin uña
Afilados como ti:
Nin temos sano los bofes,
E agiña nos aturamos
E co frio tiritamos
E co sol vamos asi:

Cun palmo fora da boca
Pingando todo los pelos
E cos ollos amarelos
Revirados de través,
E si dura muito tempo
Escumando adoecemos

A cabeza retorcemos
Co rabo pegado os pès.

Asi do inverno fugimos
Durmindo ben arroupados
E roncamos acochados
Para non nos costipar.
No vran tomamos o fresco
Po la sombra sempre vamos,
E òs donos acompañamos
Que nos levan a nadar.

Facemos mui ben o papo
Sin procatarnos de lobos
Nin de ladros que nos pobos
Ja sabes n' os pode haber
Porque hay gendarmes serenos,
E empregados vigiantes,
E os dormidos habitantes
Ningun medo deben ter.

Nosoutro los cas da vila
Non somos como os da aldea,
Vimos de caste e relea
De non ter ley a ninguen,
E ò mais chegado parente
E ò can millor amigo
Si deixa de dar pantrigo
Esquencémoló muy ben.

Camelamos ò que esteya
Da fertuna no poleiro,
Mais si lle creba o tranqueiro
Non topa area de sal:
E caido si ten conta
Mordémolle no pelexo
E con risa de conexo
Po lo ben pagamos mal.

A alegria e contrabando
Nos nosos peitos agora
Civilizados, e fora
Botamos ó natural;
E da calida é instinto
Que aqui truyemos nacendo
Somente vamos retendo
A figura corporal.

En todo sempre imitando
Os ilustrados señores
Que trocan os interiores
Curando disimular.
E todos van indo a un-ha
Treidurías profesando
Pibela e caris trocando
Segun que cadre enganar.

Lástima dan os mais deles
Por mais que vistan galanos
Gabando ser muy humanos
De virtudes é saber
Que mornos chegan de afora
E din en tristes olladas
Toda las falcatruadas
Que veñen ja de facer.

Con infinitos tortores
Pagan as suas maldades
Infamias e iniquidades
Que os homes de cote fan
E anque parezan alegres
E que non teñen traballos
Remorsos con duros mallos
Baténdolle a alma estan.

Si vo los cás das aldeas
Virádes o que se pasa

Nas vilas casa por casa
Como o sabemos nos ben
Folgaríades siquera
De ver que entre os animales
Que se chaman racionales
Hainos como cás tamen.

Seique co a tua pibela
Me pensas ir camelando,.
Os dentes arregañando
O can da aldea falou,
Non quero nada da vila
Vaite con Dios mal pecado
A comer o pan roubado
Con quen te desnaturou.

O can da vila amoado
O rabo ja entrepernaba
E tenro ò outro miraba
Como pedindo perdon
Recuaba a medio lado
Sin erguer os pes do chan
Temendo que o forte can
Lle tirase un tarascon.

Por Dios non me fagas mal
Con voz crebada decia
Que eu che virei cada dia
A render o pabellon
Contarei usos costumes
E correrei as cortinas
De casas. . . . . .
Cubertas de comechon

E verás muitos alarbes
Centulos, e maricallos,
Cazoleiros, e godallos,
Muito ninguen, e arroaz.
Lacoeiros, gurumantes,
Canaveses, galdrupeiros
Esculeres, raspalleiros
Muito choqueiro, e lambaz.

Esculapeiros, palurdos,
Labregos, e cortezudos,
Furta bestas, polainudos,
Muito labanco, e animal,
Lavercos, sandios, laranjos,
Lapa caldos, lampreeiros,
Muda marcos, manteigueiros,
Muito lapazo, e sangual.

Lambuzas, e larafousas,
Rasca mulas e lanudos,
Baldrocas e mais felpudos,
Estantiguas, e lambons,
Lambisqueiros, tumba lobos,
Nugallans, e mais larpeiros,
Cirolans, e galdrumeiros,
Macacos, e carrejons,

Catralvos, reviracielos
E moinas, e atreizuados,
Almas tortas e virados
Millenta e un adramans
Macanqués, e mulliolas,
Larengos e castroeiros
Cirolás, e farulleiros,
E abondo de calancrans,

Gabachos, faramalleiros,
Armadanzas, lambespiñas,
Ducias de barbalampiñas
Raposos chuchumecons
Lamboiras, codeos, larbuzas
Toleiçons, é canaveiros,
Longueirons. e mais pieiros,
Garabullos, e tizons,

Gorrons, latantes e gafos,
Bousans, congorxos, sarnosos,
Famelgos, lerchos, tiñosos,
Fedellos, meigos, cañons.
Jsnsporentrelas, e grusmias,
Aforragaitas, famentos,
Mixiriqueiros, gafentos,
Encrenques, lurpias, furons.

Maloutans, e furabolos,
Almallos, e furabolos,
Lacazans, e mais lareiros,
Muijo fino lapantin,
Daldea, mazabarrigas,
Marrauns, e arrocheiros,
Talludos, e farfulleiros,
E mais tanto palanquin!

Aunque non son curioso
Muito o saber me regala
Cando poidas ven e fala
O outro can repricou,
Mais agora para a vila
Vaite logo mal pecado
A comer o pan roubado
Con quen te desnaturou.

O home que de acabalo
Detras do con escoitaba
O que cada can falaba
Escribia nun papel,
E cando os cas se partiron
Os respectives lugares
A espola cos calcañares
Espetou no coiro del.

Corria por aquel monte
Tripando toxos, carrascos,
E levantaba panascos
Que lexos guindaba atras
Chegou á vila sudando
Co jinete á largo trote
Que iba pensando de cote
Volver oir tales cás.

Ya dije lo que he estudiado
Mejor que los mandamientos.
Que tal, me ha faltado algo
Señor Gaitero en el cnento?
—Mira como asi depreudas
Che aseguro que co tempo
Podes poñer un-ha escola
Para enseñar o gallego.
E sera de ver na patria
Dos Feixòs e dos Sarmentos
Que o qne non fan os patricios
O fagan sò forasteiros.
—Señor yo creo podria
Aplicarse á los gallegos
Lo que Ambrosio de Morales
Increpaba en otro tiempo
A todos los españoles
Que miraban con desprecio
El castellano idioma
Cultivando el estranjero.
En el prólogo al diálogo
Escrito por el maestro
Oliva hace muchos años
Dice poco mas o menos:

Gran parte de prudencia es en los hombres
Saber bien el lenguage en que nacieron
Y eso ha de tener el hombre sabio
Como principalisimo ornamento.
Pues como nos enseña Marco Tulio
De elocuencia sublime gran modelo
No hay escusa que valga á su ignorancia
En nadie es disculpable tal defecto.
Y espanta ver que algunos españoles
Ignorantes, osados y muy necios,
A quien procura depurar su idioma
Le dirijan injurias é improperios.
De aquesto culpo yo á los nacionales
Que tienen tal estudio en vituperio
Siendo asi que ponderan la elocuencia
Y las galas del habla en otros pueblos
Es triste lamentable y vergonzosa
La apatía é injusticia de los nuestros
Que reprenden cual vicio en españoles
Lo mismo que le alaban á estranjeros
Ademas quien ignora que nos faltan
Los libros que nos den buenos ejemplos;
Y sirvan como archivo que atesora
Del idioma todos los progresos?
Si alguno me pregunta porque causa
A nuestro castellano no lo vemos
Salir de la pobreza y la misèria
En que hace tanto tiempo lo tenemos
Con gran seguridad yo le respondo
Que nace del punible menos precio
Con que miran los mismos naturales
El lenguage comun en que nacieron
Pues nadie se dedicó á mejorarlo
A pulirlo, aumentarlo, enriquecerlo,
A llenarlo de gracias y dulzura
Cual todos los no bàrbaros lo hicieron.
Mas hoy ya por fortuna algunos pocos
La coyunda ignorante aborrecieron
Y llenos de amor patrio se dedican
A hacer brillar su idioma con empeño.

Y si se quiere alguno *ad pedem litteræ*
Podré poner quizá mejor ejemplo
Para que los galleguitos se lo apliquen,
Los que hacen asco del hablar gallego.
Hubo otro tiempo algunos bellaquitos
Que su diente canino hincar quisieron
En la gran reputacion del muy ilustre
Fr. Luis de Leon porque escribiendo
Usaba del lenguage castellano
Y no asi del latino ó bien del griego.
Y con la mayor templanza les dirige
Estas cuatro razones de gran peso:

Y es engaño comun tener por fácil y de poca estima todo lo que se escribe en romance, que ha nacido, ó de lo mal que usamos de nuestra lengua, ó de lo poco que entendemos della..... No piensen porque ven romance que es de poca estima lo que se dice: mas al revés, viendo lo que se dice, juzguen que puede ser de mucha estima lo que se escribe en romance; y no desprecien por la lengua las cosas, sino por ellas estimen la lengua, si acaso las vieron, ***porque***

es muy de creer que los que esto dicen no las han visto ni leido..... Una cosa es la forma del decir, y otra la lengua en que. lo que se escribe, se dice..... En lo que toca à la lengua *no hay diferencia*, ni son unas lenguas para decir unas cosas; sino en todas hay lugar para todas..... Esto mismo de que tratamos no se escribiera como debia por solo escribirse en latin, si se escribiera vilmente: que las palabras *no son graves por ser latinas*, sino por ser dichas como á la gravedad le conviene, ò sean españolas ò sean francesas. Que si porque á nuestra lengua la llamamos vulgar se imaginan que no podemos escribir en ella sino vulgar y bajamente es grandísimo error: que Platon escribió no vulgarmente ni cosas vulgares en su lengua vulgar. Y no menores ni menos levantadamente las escribió Ciceron en la lengua que era vulgar en su tiempo. Y por decir lo que es mas vecino á mi lecho, los santos Basilio, Crisóstomo, Gregorio, Nacianceno y Cirilo, con toda la antigüedad de los griegos en su lengua materna griega que cuando ellos vivian la mamaban con la leche los niños y *la hablaban en la plaza las vendederas*, escribieron los misterios mas divinos de nuestra fe, y no dudaron de poner en su lengua lo que sabian que no habia de ser entendido por muchos de los que entendian la lengua..... A los que dicen que no leen aquestos mis libros por estar en romance, y que en latin los leyeran, se les responde que les debe poco su lengua, pues por ella aborrecen lo que si estuviera en otra tuvieran por bueno. Y no se yo de donde les nace el estar con ella tan mal, qne ni ella lo merece, ni ellos saben tanto de la latina que no sepan mas de la suya por poco que de ella sepan, como de hecho saben della poquí-

simo muchos. Y destos son los que dicen, que no hablo en romance, porque no hablo desatadamente y sin órden; y porqué pongo en las palabras concierto, y las escojo, y les doy su lugar. Porque piensan que hablar romance és hablar como se habla en el vulgo; y no conocen que *el bien hablar no es comun, sino negocio de particular juicio, ansi en lo que se dice como en la manera como se dice.* Y negocio que de las palabras que todos hablan elige las que convienen, y mira el sonido dellas, y aun cuenta á veces las letras, y las pesa y las mide y las compone para que no solamente digan con claridad, lo que se pretende decir, sino tambien *con armonía y dulzura.* Y si dicen que no es estilo para los humildes y simples, entiendan que asi como los simples tienen su gusto asi los sábios y los graves, y los naturalmente compuestos no se aplican bien á lo que se escribe mal y sin órden; y confiesen que debemos tener cuenta con ellos y señaladamente en las escrituras que son para ellos solos como *aquesta lo es.*

Y si acaso digeren que es novedad, yo confieso que es nuevo y camino no usado, por los que escribem en esta lengua, poner en ella número, levantándola del descaimiento ordinario. El cual camino quise yo abrir, no por la presuncion que tengo de mi, que sé bien la pequeñez de mis fuerzas, sino para que los que las tienen se animen á tratar de aqui adelante su lengua, como los sábios y elocuentes pasados cuyas obras por tantos siglos viven trataron las suyas; y para que la igualen en esta parte que le falta, con las lenguas mejores, á las cuales, segun mi juicio, vence ella en otras muchas virtudes. Y por el mismo fin quise escribir en diálogo, siguiendo en ello el ejemplo de los escritores anti-

guos asi sagrados como profanos que mas grave y mas eloeuentemente escribieron.

—De Olivas de Leons e de Morales
Deixémonos que abondo sobre desto
Nas miñas foliadas levo dito
Sin que veñas tamen ti reprendernos.
—Yo no reprendo nada. Solo digo
Que es criminal desidia en los gallegos
No dedicarse à recojer su idioma
Que bien merece algun estudio serio
Y si se unieran tres compostelanos
Con otros tres del orensano suelo
De Pontevedra tres y tres de Lugo
Que una docena forma ese cologio
Dentro de poco se uniformaria
Todo el lenguaje de este antiguo reino,
Y estoy seguro ganarian mucho
Hasta de genio y brio los gallegos.
—Ti seique ganas tes de monearte
Ou que che escache a testa cun fungueiro?
Cantas veces che hei de decir mono
Que gardes para ti eses consellos?
Fai o que fas, deprende ti si podes,
E non te metas nunca a lenguateiro.
E ja que tanto falas e te gabas
De aplicacion à fala dos gallegos
Que guias formas para os teus adiantos
Co teu estudio e teus apuntamentos?
—Yo lo primero que hago es detenerme
En la pronunciacion y en el acento
Sin cuyo requisito no se alcanza
El sentido y dulzura del dialecto.
Abre el acento grave las vocales
Y las cierra el agudo en ellas puesto
De modo que si bien no se distinguen
Se trueca en disparate un buen concepto
—E como probas ti a necesidade
De facer un bon uso dos acentos?
—Contraponiendo voces que varian
De significacion solo por eso.

v. g.

Con acento grave.	Significa en castellano.	Con acento agudo.	Significa en castellano.
à	A la	á . . .	La
è	Es	é	I
ò	Al	ó	El
Avò . .	Abuela	Avó . .	Abuelo
Bòla . .	Bòla	Bóla . .	Bólla
Bòte . .	Bote	Bóte . .	Eche V.
òso . . .	Hueso	óso. . .	óso
Còrda . .	Cuerda	Córda. .	Que está en su juicio
Prèto. .	Cerca	Préto. .	Prieto
Nò . . .	Nudo	Nó . . .	En el
Còto . .	Còto	Cóto . .	Manco
Còn. . .	Peñasco	Cón . .	Cón
Sò . . .	Solo	Só . . .	Sobre
Mòr. . .	Mayor	Mór . .	Amor causa
Bòta . .	Bota	Bóta . .	Echa
Fòra . .	Fuera, (adv)	Póra . .	Fuera, v.
Pòla . .	Rama gruesa	Póla . .	Pólla
Sèn. . .	Sien	Sén. . .	Sin
Còrte . .	Còrte	Córte. .	Establo
Sòl . . .	Suela	Sól. . .	Sol

Con acento grave.	Significa en castellano.	Con acento agudo.	Significa en castellano
Tèn. . .	Tiene	Tén . .	Ten
Vèn. . .	Viene	Vén . .	Ven
Mòrde. .	Muerde (indic)	Mórde .	Muerde (imp.)
Còrvo. .	Cuervo	Córvo. .	Curvo
Chòro. .	Lloro	Chóro. .	Llanto

A este tenor se ofrecen espresiones
Que acentuar se deben sin remedio
Y pronunciar abiertas ó cerradas
Segun que lo requieran los acentos.
En cuanto á consonantes mas dificil
La pronunciacion para mi encuentro
Y conviene aplicar mucho el oido
A los que saben bien hablar gallego.
La j, g, la x y la h
Tienen para mi su mas y menos
Y si voy acertando á pronunciarlas
Si trato de escribir ahí está el cuento
Mas gracias á que cuando un disparate
Escribo, lo corrige V. al momento
Y asi la ortografía poco á poco
Voy sin mucho trabajo deprendiendo.
Siempre tengo presente en la memoria
La regla que V. anda repitiendo
A saber que se atienda en la escritura
A la etimología del gallego.
Pues aunque no sea regla única
Se evitaran con ella mil defectos
Asi del latin *homo* escribo home,
Y de *gente* y de *genio* gente y genio.
De *jam* proviene ja, de *jugo* jugo,
De *sepia* escribo xibia, y asi mesmo
De *inserto* inxerto, y xordo escribo
De *surdo*, y de *juvenco* item juvenco.
Horta de *horto*, non de *non*, herba de *herba*,
De *hodie* hoje, y de *Genesio* Genxo
—Inda non che è pouca a marañada
Que vas poñendo ti no argadelo:
Pero penso que ja terás boa conta
De facer das meadas bos novelos.
Pois ben che teño dito que pesados
Se fan às veces regoas e preceutos.
E como di o famoso Quintiliano
A mellor enseñanza è a dos exempros.
—Todo es bueno señor, aunque ese caso
Limítase mas bien à los maestros
Yo soy un estudiante todavia
Discípulo aunque indigno del Gaitero.
A si pues tomo nota en mis apuntes
De todo cuanto oigo y cuanto leo
Si conduce aunque poco al adelanto
Que yo procuro hacer en su dialecto
Observo que el diptongo castellano
Ué se convierte en *o* en gallego
Y como regla general apunto
Que el tránsito es asi poniendo ejemplos

V. g.

Castellano.	Gallego.
Fuego. . . .	Fogo
Juego	Jogo
Almuerzo. .	Almorzo
Nuera. . . .	Nora
Cuenta . . .	Conta
Sueldo. . . .	Soldo
Muerto . . .	Morto
Cuenda . . .	Conda
Suero. . . .	Soro
Resuello. . .	Resollo
Fuera. . . .	Fora

Castellano.	Gallego.
Fuero . . .	Foro
Tuerto . . .	Torto
Puerco . . .	Porco
Rueda. . . .	Roda
Hueco. . . .	Oco
Buey	Boy
Rueca. . . .	Roca
Fuerza . . .	Forza
Trueno . . .	Trono
Huevo. . . .	Ovo
Fuente . . .	Fonte
Cuerdo . . .	Cordo
Puerto. . . .	Porto
Puerta . . .	Porta
Vuelta. . . .	Volta
Muerte . . .	Morte
Suero. . . .	Soro
Muestra. . .	Mostra
Cuesta. . . .	Costa
Cazuela . . .	Cazola
Bueno. . . .	Bò
Nueve. . . .	Nove
Cuerda . . .	Corda
Suegro . . .	Sogro
Suerte. . . .	Sorte
Huerta. . . .	Horta
Resuello. . .	Resollo
Ruego . . .	Rogo
Fuerte . . .	Forte

Asi van todos, y por igual órden
Formo otra regla para mi gobierno
Y es que en *e* se convierte en castellano
El *ei* frecuente del hablar gallego.

v. g.

Gallego.	Castellano.
Peito.. . . .	Pecho
Leito.. . . .	Lecho
Feito	Hecho
Pucheiro.. .	Puchero
Feira	Feria
Feitizo.. . .	Hechizo
Caldeira. . .	Caldera
Madeixa. . .	Madeja
Direito. . . .	Derecho
Carneiro. . .	Carnero
Zapateiro . .	Zapatero
Primeiro. . .	Primero
Matadeiro. .	Matadero
Manteiga. . .	Manteca
Barbeiro. . .	Barbero
Bandeira. . .	Bandera
Queixo.. . .	Queso
Aceiro. . . .	Acero &c.

—Ti cata Pedro no que fas co as regoas
E atende mais ò uso que è o maestro
Seguro sempre pois aquelas fallan
Cando un se pensa ter maor acerto.
Orasme ponme po la tua cartilla
Salmuera, *cuero*, muelle, e mais *agüero*
No meu gallego; ou ponme en castellano
Pola tua regoa estes gallegos ternos
Aceite. *seis* e *rei*, e mais ainda
O *peite* con *albeitar* e *aceiteiro*
E *afeitar* tamen con outros muitos
Que podo aqui poñer si me deteño?
—Señor ya llevo dicho que yo hago
Varios apuntes para mi gobierno
Y conozco que tienen escepciones

Las reglas todas del humano genero.
—Deixémonos de leria Pedro Luces
Afora palla que mais gran eu quero.
Vamos a ver cómo ti vas probando
Que do latin procede o meu gallego?
—Las voces de uno y otro colejando
Como verá V. ahora per ejemplo:

Gallego.	Latin
Abade. . . .	Abbate
Abadesa. . .	Abbatissa
Abella. . . .	Apicula
Abelleira . .	Apiarium
Abrotano . .	Abrotano
Abrigo . . .	Apricus
Abril. . . .	Aprile
Acender. . .	Accendere
Aceso. . . .	Accensus
Acion / Aucion	. . Actio
Aconsellar. .	Consiliare
Achegar. . .	Applicare
Ademirarse.	Admirari
Ademitir . .	Admittere
Adiviñar. . .	Divinare
Adorar . . .	Adorare
Adro	Atrium
Afeuto. . . .	Affectus
Afirmar. . .	Affirmare
Afogar . . .	Offocare
Afora. . . .	Afforis
Agile. . . .	Agile
Agoirar. . .	Augurare
Agoreiro . .	Augur
Agoiros. . .	Augures
Agoiro . . .	Augurium
Agonía . . .	Agonia
Agre	Acre

Gallego.	Latin.
Agros. . . .	Agros
Agua	Aqua
Agreste. . .	Agreste
Agricultura..	Agricultura
Aguamanil. .	Aguamanite
Agulla. . . .	Acuncula
Agurra . . .	Ruga
Agudeza. . .	Acutela
Aguzo. . . .	Acumen
Aire.	Aere *
Ajudar. . . .	Adjuvare
Ajuntar . . .	Adjungere
Ala	Ala
Alabar. . . .	Alaudare
Alaudos. . .	Laudes
Alba.	Alba
Albor. . . .	Albor
Alabastro . .	Alabastro
Alegre. . . .	Alacre
Alento. . . .	Halitus, anhelitus
Alguen . . .	Aliquen
Allo.	Alliun
Alma	Alma
Almario. . .	Armario
Alongar. . .	Alongare
Allar.	Altare
Allo.	Altus
Altura. . . .	Altitudo
Alvariza. . .	Alvearia
Amare. . . .	Amare
Amaro. / Amargo	. . . Amaro
Ambicion . .	Ambitio

* Se prescinde de los casos.

Gallego.	Latin.
Ambos / Amos	Ambos
Amenta	Mentha
Amen	Amen
Ameno	Ameno
Amigo	Amico
Amor	Amor
Ancora	Anchora
Ancho	Amplo
Anchear	Ampliare
Anchura	Amplitudo
De continuo voy haciendo.
Y aunque no adelante mucho
Seré disculpable al menos;
Pero nunca, nunca, nunca,
Lo serán los muy podencos
Que desprecian el idioma
Del pais en que nacieron.
Yo con V. adelanto
Y aprovecho lo que puedo.
Seguiré pues estudiando
Cada vez con mas empeño.
Y por si acaso algun dia
De V. ausente me veo
Escribo para un ausilio
Seguro tener al menos.

Observo pues que la elle
Del idioma gallego
Con frecuencia á jota pasa
Nel castellano dialecto.

v. g.

Gallego	Castellano.
Mollar. . . .	Mojar
Navalla . . .	Navaja
Ollo	Ojo
Orella	Oreja
Ovella	Oveja
Abella	Abeja
Allo	Ajo
Tinalla. . . .	Tinaja
Mallar	Majar
Callarse . . .	Cuajarse
Fillo	Hijo
Filla	Hija
Millo.	Mijo
Vello.	Viejo.
Espello. . . .	Espejo
Gadella. . . .	Guedeja
Muller. . . .	Muger
Palla.	Paja
Coello.	Conejo
Colludo. . . .	Cojudo
Trebello . . .	Trebejo
Carabilla. . .	Clavija

Gallego.	Castellano.
Piollo.	Piojo
Gallo	Gajo
Tallada. . . .	Tajada
Coller.	Coger
Consello. . .	Consejo
Lentella. . . .	Lenteja
Cerrollo / Ferrollo	Cerrojo &

Que suavemente pronuncian
Ja je ji jo ju observo
Item xa xe xi xo xu
Item ge, gi los gallegos
No tienen aquella dura
Pronunciacion del gegeo
Gutural como gengibre
Cajones ginojo ajenjo.
Ademas yo voy formando
Tambien para mi gobierno
Un pequeño diccionario
Que me sirva en todo tiempo
Para entender las foliadas
Escritas por el Gaitero.
—E logo tès algo escrito
Deso ti ja? Hora a ve lo?
Ou è o conto do canto
Patricio que no tinteiro
Deixaches dimpois de dirme
Que ibas a po lo en gallego?
—No señor no piense V.
Que dejé yo en el tintero
Ni lo uno ni lo otro,
Que ambos a dos aqui tengo.
—Pois para outra foliada
Me pararei a leelos.
Agora quero prosigas
Contandome o teu ingenio
Para adiantar no idioma
Que falamos os gallegos.
—Acopio cuanto hallo escrito
En ese rico dialecto,
Y aquello que mas me agrada
A la memoria ló entrego.
Pregunto, copio examino
Lo que está en prosa o en verso
Y asi voy adelantando
Poco a poco en el gallego.
—Pois home cóntame algo
Deso que tes no caletro
Deprendido de memoria
Si inda non che se esquencéo
—Aunque no recuerdo todo
De parte bien me recuerdo,
Y si falta la memoria
A mis apuntes apelo.
Y probaré lo que he dicho
Dejando á V. satisfecho.
Por ahora iré contando
Lo que V. oirá. por ejemplo:

Soño que tuvo un home no ano 45 con motivo de haber lido a sesion de Córtes de 12 de marzo de aquel ano.

Soñaba que via,
Parez que o estou vendo
Hum mundo de homes
De homes gallegos
De homes forzudos
De homes labregos
No monte mais alto
Do noso terreo
Correr a juntarse
Po la mañan cedo
Huns ir en relanzo
Outros en direito,
De longe se vian
Subindo e decendo
E como as mareas
Opando e crecendo.
Camisas rachadas,
Amarras de orelos,
Galorchos, e socos,
E zapatos vellos,
Cirolas de estopa,
De tascos, de lenzo,
Chaquetas de trapos
E farrapos negros,
Monteiras a pote
Con prumas, prumeiros,
Chaleques de lan
Brancos e amarelos,
Alguns encarnados,
Muy poucos sombreiros
E muitos descalzos
Outros en cabelo.
Os sachos, legòs
Forcados, piqueiros,
Cambós e gadañas
E fortes cacheiros,
E as picarañas
E fouzas o hombreiro
As armas facian
De aquel regimento.
Alà no curuto
De pe estaba un vello
Muy farto de cara
E todo el ben feito,
Era ancho de costas,
Por diante o mesmo
E tiña de altura
Seis pes po lo menos.
Era home muy duro
Valente e muy rejo
Con voz de trebon
E pelos no peito.
Seus berros se oian
De ali muy ben lexos
Queria falare
Poñia silencio.
Vestia chaleque

De color bermello
Camisa ben branca
E calzon verdello
Chaqueta e polainas
Penso que eran negros
Monteira muy alta
Con seus aderezos.
Cimbraba na man
Un forte fungueiro
Que de un rebolazo
Levaria un cento.
Parou o balbordo
Naquel campamento
E todos quedaron
Calados e quedos
«Ja sabedes homes
Comenzou o vello
As novas que corren
Do mal que está prèto
Subirnos os foros
Matar os rendeiros
Queren un señores
Que estan no....
Señores de palla
Señores lavercos
Señores congorxos
Dos nosos graneiros.
Direivos os nomes
Que deles me lembro
V., Y.,
C., è mais Q.,
Con R.,
T., P.,
E mais C.
Que fan oito....
Son os que pediron
O que dito deixo
Por quitar os probes
O seu pouco alento.
Quen aconsellou
De quitar os dezmos
E mais outras cousas
Os frades e cregos?
Foron os señores?
Foron os labregos?
Víronse polainas
Tal vez no congreso?
Quizaves, quizaves
Se vira o goberno
Entre homes muy puros
Leales e enteiros
Quizaves, quizaves
Sin buscar empregos
Refolgo darian
Os probes labregos
Quen colle ò arado?
Quen fende ò terreo?
Quen ò torna doce
Cando e cascalleiro?
Quen fai as cachadas?

Quen rompe os penedos,
E arrinca da terra
Da vida o sustento?
Son os farfulleiros
Dos señores cheos
Tumbados na cama
De vir do paseo
De vir do treato
De vir do.... recreo
Ou de ver as mozas
Que todo è ó mesmo?
Quen?... non sigo mais.
Botaille vos prego
Mais papeletiñas
Na caixa ou no péto,
Pois ben vedes vos
O louzo que deron,
Que van ò cortizo
Abellons marelos.
Os oito que dixen
E outros que deixo
Quitan ben a brasa
Para o seu xurelo.
¿Que se lles da à eles
Dos probes labregos
Con tal que ateigado
Vexan o seu cido
De trigo, de millo,
De fabas, centeo,
De liño è de lan,
De viño, è de cerdo,
De ovos, galiñas,
Manteiga, carneiros,
De vacas ben gordas
E froitas do tempo?
Que se lles da à eles
Que os probes labregos
De dia e de noite
De bran e de inverno
Traballen de cote
E suden a regos
Por dárllelo todo
Sin quedar contentos?
¿Que se lles dá à eles
Que por todo eso
Nos dan os carozos
E duros codelos?
Fan ben en cribarnos
Por todo ò pelexo
Cal bois de Laiño
Ou bestas do Seixo
Pois temos bo lombo
E brazos de ferro
Para levar tundas
Traballar arreo.
Os nosos sentidos
Os ollos que temos
Para ollar a terra
Tan solo naceron!!!
Que viva Morrazo!

Oiuse este berro
D'ala do mais fondo
D'aquel monte cheo,
E logo seguiron
Todo los labregos
Repetindo os vivas
De estremo à estremo
Que viva Fragoso!
Que viva Mondeo!
Que viva à Carnota!
Que viva Ferreiros!
Que viva Ortigueira!
Courel, è Cebreiro!
Viva Cotovade!
Que viva Abanqueiro!
Viva Sar! Miñor!
Ribadavia è Mero!
Viva Bergantiños!
Viva Pontedeumo!
Viva Valdeorras!
Salnes, è Arnego!
Viva à terra Cháa!
Que viva ò Riveiro!
En esto no cume
Do monte aquel vello
Cheo de carrage
Remanga ò fungueiro.
Como cando estrala
Un cañon de ferro
Sahiu à sua voz
Mil ecos facendo
Eida èida pùxa
He hei caballeros
Cuidado que ja
Se me erguen os pelos!
Carrizo calade
Con millenta demos
E non me atriquedes
Por Cristo vos prego
Eida èida puxa;
He hei caballeros
Nunca Dios me dera
Si anda o fungueiro!
No ouistes na bouza
Ou pinal espeso
Aqueles balbordos
Que meten os ventos
Que os pinos se torcen
Con moitos boleos
E tornan ò seu
Si se queda ò vento?
Que agiña o ruido
Se perde de lexos
E ò son da ramage
Vai morrendo á berros?
Pois asi calando
Servindome o enxempro
Foi pouquiño a pouco
Aquel gran convento.
«O conto dos foros

Prosigueu o vello,
E conto mourudo
Para revolvelo
E faría falla
Para môr acerto
Oir nosos pais
Avós è traseiros.
Eles nos dirian
Dos titolos vellos
Cal foi o principio
Cal foi o comenzo
Si as puntas das armas
Con sangre vermello
Os foros antiguos
Crabando escreberon,
Si estando o pescozo
Na cadea ou cepo
Podian escravos
Facerse foreiros
E dado que fose
Valente o concerto
Quen en tal piñota
Colleria menos,
Si ò direito torto
Endereita ó tempo
E si o dos foristas
Vence o dos foreiros
Si os montes e fontes
E coutos enteiros,
Si os raros servicios
Que todos sabemos,
E outras vixigas
Con borra por dentro
De que atestaron
Os taes estrumentos
Si abondan abondan
Abondan por certo
Para ver que ò lobo
E mais que o cordeiro?
Tamen nos dirian
Si os toxos è fentos
Carrascas è silvas
En pedrullo seco,
Si os sapos, é cobres,
Lagartos, é bechos,
En muitos dos foros
Tan solo se deron?
E si esa borralla
Que de sí barreron
Tal cal comparanza
Ten co que hoje vemos!
Terras labrantias,
Muy verdes herbeiros,
Pomares è viñas,
No fondo è no outeiro!
Hortas traballadas
Con muito recreo
Cheas de verduras
E frores ê cheiros!!!
Por velas montados

Veñen en jumentos
Os duros señores
Reloucan de velos,
E non se fan cargo
Que chora no medio
De tanta hermosura
De fame ò labrego.
Chorade chorade
As bagoas a regos
Que as vosas fatigas
Sò ten ese premio
E esa è a herencia
Que nos testamentos
Deixàs os filliños
Seus fillos è netos!
Por fin e por postre
Mal è que cansemos
Acudamos todos
A todo ò congreso,
Que os oito que dixen
Son oito... son menos
Que todos os mais
Que son mais de cento
Seran mais humanos
E mais justicieiros
Para os labradores
E probes gallegos.
Tamen será bò
Mandar ao Goberno
Un mamorialiño
Con muito respeito
Para que á Reiniña
Ese anjo do ceo
Nos sirva de amparo
En tan duro apreto.
A ver abogado
Iremos en tempo
Que nos dé ditame
Que nos dé consello,
Non sea virado,
Que sea muy reuto,
E sobre de todo
Que sea gallego,
Como aquel de Camba
Muy nobre por certo
Que ò chan de seus pais
Demostralle apego...
Todas as monteiras
Subiron ao cêo,
Viva don Miguel!
As gentes dixeron.
O sol ja do aito
Se iba decendo
E oiuse un trebon
Que viña de lexos
Con freixas de estoupo
Berrando e correndo
Por valles pasando
Nos montes batendo.
Foi tal o estrondo

Que me achei desperto
E escribin de presa
Por non esquencelo.

OS BIRBIRICHOS E OS BIRBIRICHEIROS.

Levantan os ollos muitos
Para as estrelas do cêo
Non se fartan de mirare
As luces do firmamento,
Quedando co a boca aberta
Sin saber quen fixo aquelo:
E tornando a vista ao chan
Ja de todo se esquenceron
Sin cuidar que cada erba
Volve tolo ao mais discreto
Cantan a cousas do alto,
Cantan a cousas de lexos,
Cantan a cousas buxans,
Cantan a cousas sin prezo,
Cantan a a mil toleiradas
Que ja non acordan tempo,
E cuidan que è faramalla
O que temos de nos prèto.
Por eso me dou a gana
De abrochar en estes versos
Cuns vichiños acochados
Nuns cachiños muy pequenos
Que po la area espargidos
Miran muitos con desprezo.
E' de ver alá en Cambados
Enfrente â terra do Meco
Cando devala a marèa
Tanto chan que queda en seco,
Que si fora terra à millo
Habia pan par'o inferno
Pois naquel longo areal
Que vai por junto a Castrelo
Vense as gentes formigando
Cando o mar vai baixo e quedo
Que parecen as formigas
Que sahen de un formigueiro.
Non acode tanta nunca
Por oir a hum misioneiro
E si tanta se ajuntara
Par'as cousas de outro geito
Non habria as caldeiradas
Que de cote se estan vendo.

Ali pois naquel Sarrido
Cando a luna vai nacendo
Ou como a roda de hum carro
Amostra o seu rostro cheo,
Se ajuntan de muitas partes
Homes, mulleres e nenos,
Todos van esfarrapados
Non van ricos, nin van cregos.
Ali van do Grove, e Curro,
De Dorron, e Sobradèlo
E de Armenteira, e de Nantes
Santa Cristina e Loenzo,
Van de Meis, e de Bayon,
Santo Tomé, San Lourenzo,
Van de Bamio, van de Céa,
De Oubiña, e de Tremoedo,
Van os do monte da Escusa,
E mais ainda de mais lexos,
Van de Caldas, e de Cuntis,
Vilagarcia e San Genxo.
Cada huns por sua banda
En bandadas cal romeiros
Vense acodir ò areal
Po la mañanciña cedo:
Huns con panos ou con foles
Outros con cestas ou cestos,
Van agiña, corre corre,
Van buscar e van valdeiros.
Alí se ajunta hum gentio
De lugares tan diversos
Que tropezan uns con outros
E jamais se conoceron.
Comenzan a fochicare
Cuns pausiños ou cos dedos
Ali po la area adiante,
Ou con osos ou con ferros,
E sacan muitas manadas
De birbirichiños frescos:
Van enchendo os seus gabidos
Sin liortas, e sin berros
Pois todos teñen alì
Sin disputa igual direito.
Ninguen se azaña anque bexa
Que se colle mais ou menos,
Nin dice nadie «esto è meu»
Mentres que no tem no cesto.
Hai fartura para todos
Anque se ajunten mil centos.
E naquel chan tod'os probes
Tornan ò estado primeiro.
De a colleita arrematada
Ajuntanse os compañeiros
Dinlle a Dios ao areal
E dan gracias ao do cêo,
Dicíndolle cada un
Do mais ìntimo do peito
Palabras muy azelmosas
Asi pouco mais ou menos:
« Bendito seas señor
Que sin traballo e sin tempo

Na area de cote botas
Para os probes alimento,
Dásnolo ja dispostiño
Sustancioso e criadeiro
E para que non o furten
Sirve òs ricos de veneno.
Bendito seas Señor
Por sempre e resempre eterno
Cada corazon de hum probe
Será sempre o voso tempro»
E logo dinlle às aréas
Asi pouco mais ou menos:
«Adios aréas queridas
A nosa fame remedio
Criade os birbirichiños
Por millares de milleiros
Nòs viremos cubizosos
Anque de longe a collelos,
Que cando è muy negra a fame
O camiño non pon medo.
Virán os nosos filliños,
E tamen os nosos netos,
Virán â pisar os probes
As areas de Castrelo.»
En esto as gentes se cargan,
Cada hum-ha c'o seu peso,
Todas se poñen pingando,
Mais van con semblante ledo.
Non falta nas compañías
Quen asopre algun punteiro,
Algum-ha frauta, ou ben chifre
Ou algun outro estrumento,
E mulleres que cantando
E castañolas mecendo
Se espotrican co as ferreñas
Repinican o pandeiro.
Comenzan as alegrías
De aquela seifa a desexo
E sahen do areal
Por un cento de carreiros.
Van por aqueles camiños
Mil foliadas facendo.
Paran c'os birbirichiños
Num-ha congostra ou penedo,
Num-ha aldea bem n' hum campo,
Bem ò pè de algum outeiro.
Alí botan mil cantigas
E rematan os seus versos
Cum-ha chea de aturutos
Que abouxan ò mesmo cêo.
Cantando todos à hum-ha
Ja brincando e tamen quedos
Docemente van dicindo
O son dos seus estrumentos:
«Alegrádevos miniñas
Mozos, rapaces e vellos
Que hoje cos birbirichiños
As saudades son menos.
Nunca se perda a memoria

Das areas de Castrelo
E que alá vayan os probes
Po lo camiño direito:
Deijaremos sinalado
Que non vayan por rodeos
E destas cunchiñas brancas
Queden os camiños cheos:
Nos con este bem de Dios
Vivimos anos a centos
Criamos fillos a pote
Sans como buxos e cedro.
As comidas dos señores
Cheas de especies e cheiros
Que se escachoen no lume
Que lles fagan bô probeito:
Pois si viven regalados
Bem lle lo paga o pelexo
E ruan a sua conta
Boticarios, curandeiros.
Alegrádevos miniñas
Mozos rapaces e vellos
Que hoje c'os birbirichiños
As saudades son menos.»
E logo asentanse hum pouco
Por ver de tomar alento
E comenzan a escochare
Os birbirichiños frescos.
Relóucase de mirare
O bulir de aqueles dedos
Que con hum en cada man
E cruzandoos polos tetos
Tris... salta o cacho de arriba
O de abaixo queda cheo.
De esta maneira os escochan,
Mais despois é ver comelos,
A cubiza con que sorven
O que os cachos teñen dentro
Como chuchan as cunchiñas
E dimpois lamben os dedos:
Si por fertuna hay dous cartos
Para sacar hums dous netos
E leva algun na falchoca
Hum anaco de hum cortezo
Mais de millenta debullan
Sabenlle mellor que queixo
Van tirando pouco a pouco
Cada cal para o seu cido
Recordando os seus filliños
Que ja estaran no quinteiro.
Inda a nai non pon o pê
Por adentro do portelo
Ja chegan os seus miniños
A min, à min beberecho;
Cisca hums poucos po la eira
Os rapazes van collelos
De gatiñas hums con outros
Levantándose e caendo.
Dimpois todo los da casa
A redor do fol ou cesto
Non se afartan de gandire

Os birbirichiños frescos:
Non vistes algun-ha vez
Po lo vran un niño feito
Cos paxariños deitados
Todos en roda por dentro
Como se estrican e chian
Con sonidos muy piciros
Cando vèn voàndo à nai-
Co a bicada no piteiro?
Pois asi co mesmo afan
Dando gritos dando berros
Os fillos dos probes brincan
De alegria e de contento,
E saben en coiro a fòra
Cando ven os pais de lexos
Que tran os birbirichiños
Das areas de Castrelo.
Agora os homes de chola
Sin forzar o entendimento
Sabran porque òs de Cambados
Chaman os birbiricheiros.
Mais non me diran a min
E aposto o que non teño
Como dos birbirichiños
Se repoñen os viveiros;
Pois tantos e tantos sacan
Tan de cote e tan arreo
Que si sacaran areas
No habia areal en Castrelo
Solo o que leva por conta
As voltas do universo,
O que de nada se olvida
E sempre está co ollo aberto
Podrá si quer esplicalo
E darnos conocimento,
Que os homes, por muy leidos...
Desengañarse, è o vento.

O ACHADIZO.

Choraba enriba de un muro
Un miniño inda manchado,
Mal mantido, mal seguro,
Non o habia bautizado
Quen lle deu vêrse tan duro.
O can que alí ó botou
Miña joya, que mal fixo?
Que pecado lle mandou
Que afogalo non o quixo
O leite que non mamou?

A Curuja e mai lo Ralo
Que son paxaros da morte
Ja ogoiraban de levalo
Cantando da sua sorte
Un de un pino outro de un valo

Mais a probe caridade
Dalle a vida ao achadizo,
Que Dios na sua bondade
A quen non ten pais, por iso
Dalle pai na humanidade.

Na aldea onde apareceu,
Onde en coiro o atoparon
De limosna se cubreu,
Nun-has pallas o deitaron
Entre crabitos creceu.

Logo que se destetou
Deronlle outro alojamento;
Pouco num mesmo parou,
Comia pan barolento
Que sempre en choroos mollu.

Ninguen seu choro alimpaba,
Nin mimo algun lle facia,
Que sua nai lle faltaba
Unico ben que queria
E por seu mal non o achaba.

Sempre aquelas badaladas
Lle magoaban o peito,
E sabian bagoadas
Po los dous ollos a heito
De saloucos misturadas.

Si miraba outro miniño
Que praceres estudiaba
Nos ollos do seu paisiño,
E que cabuxos tomaba
Porque lle dese un biquiño;

A vista se lle apagaba,
E morno co a sua tristura
Nos seus adentros chamaba
Desventurada criatura
A quen sua nai refugaba.

Entre miserias, rigores,
Desdichas sempre bafado,
Desprezos, e sinsabores,
De alleos ollos mirado
Pasa os seus dias mellores.

Como a semente perdida
Que cae o pè da figueira
Que alí se lle acceda a vida
E o cabo e derradeira
Crece mirrada e tullida.

Fillo de gracia cativa
Pouco che importa ser Rey,
Que aquela chaga nativa
No a cura ningun-ha ley
Antes de cote se aviva.

Pescudaras por teu pai
Que non se lembra de tí,
Chamaras por tua nai
Que o fillo botou de sì
E non responde ò teu ay!

Irás a cavo do muro
Por si quen te alí botou
Naquela noite de escuro
Algun-ha vez lle pesou
E volve no teu precuro.

Mal pecado en valde esperas
O pè do teu verse duro,
Que son mais branda las pedras
Donde foches mal seguro
Arroupado cun-has edras.

A UN CIPRES.

A donde vas subindo tan calada
Dende acá triste roca,
Con esa verde lan mal amañada
Gadellas de un-ha loca
Que sempre contra a vida vive airada?

Vas quizais a buscar o teu roqueiro?
Ou do fuso a cabaza pór no ceo?
Ou ten alí o teu véo
A focha do punteiro
Porque leve a fiada igual volteo?

Boqueadas de morte fai o vento
Por entre tí pasando,
E fungo do alento
Remeda das hirmás que estan fiando
E sin folgar a vida van quitando.

Un-has mazás de pau arregañadas
Produces amargosas
Contra a nacencia usadas,
Que tollen da natura muitas rosas
No cogollo fechadas.

Mais que a xebre dos mares
Tès agre o pau, carepa, faisca e froita;
Nacida dos pesares
A tua friage è moita,
E non se òn a tua sombra bós cantares.

Miserêres e requies te contentan,
Estadéa espetada:
Os mesmos cás non ladran, se lamentan
Unda tí, mala fada,
E ouvéan uns agoiros que amedrentan.

Non me da tal tristura
O son de algun chocallo agonizante,
Cal fire miña vista esa figura
Esa facha diante
Apagada no pè da sepultura.

Mais ja ti vanidade representas,
Tí sino da morte!
Tí que das sens da cova te alimentas
Na casa do mais forte
De vicios e maldades te sostentas!

Que morto o pè de tí comesto fica
Barado e triste ollando
Pregunta quen te dica?
Ou, porque vas poder abandeirando,
De que sultan è a cerca e casa rica?

Por adorno te poñen às suas portas
E nos jardís señores
Porque dentro da casa teñen mortas
As virtudes e honores,
Que matan co a riqueza as almas tortas.

Sospeito que anque fan tamaño erro
Adoran esa sombra sin pensalo
Das diosas do enterro,
E queren abrandar con tal regalo
Seu corazon de ferro.

Mais agiña correndo vai tirando
Sin dor a parca do crecente cèrro.
Outra co fuso fiando,
E o poderoso bèrro
Non deten as tixeiras traballando.

Alá se teña alá no campo santo
Ese pendon fatal sobre difuntos
Porque produce espanto
Loitos e galas juntos,
E ver pegado a risa eterno pranto.

Ala làla làla làla (1)
Ala làla làla là.

Vinde gentes de Alba ê Lerez
De Salcedo e Lourizan,
De Marcon e mais de Jeve
De Marin e de Tiran.
Ala làla, etc.

Vinde vos de Vilaboa
Verducido e Campañó,
De Poyo e de Samieira
De Mourente e de Rajó.
Ala làla, etc.

Vinde tod' os da redonda
Vinde todos celebrar
O nadal de un-ha Princesa
Que a Reina pudo lograr.
Ala làla, etc.

Hoje e dia de fandango
De muiñeira e trebellar;
Hoje e dia de pan d'ovos
De formigos e ruar.
Ala làla, etc.

Bebendo a barba regada
C'os homes entreverar
Aturujando nas ruas
Vitores mil a botar.
Ala làla, etc.

Vitores mil a miniña,
Vitores mil a sua nai,
Vitores os seus parentes,
Vitores mil a seu pai.
Ala làla, etc.

(1) Se publicó en 25 de diciembre de 1851.

Din que a nena è bonitiña
De muy folgado carís,
C'os ollos como un-ha pomba
E de Borbon o naris.
Ala lala, etc.

Ese pedazo da Reina
Das entrañas de Isabel
E un cravo forte no trono
Que Dios quixo botar nel
Ala lála, etc.

Dio la libre das vixigas
E da fogage infernal,
Xarampelo ê mediciñas
Que lle poidan facer mal.
Ala lála, etc.

E que mui ben arrolada
No pazo a vexan dormir,
E que nunca a chorar ouzan
E desperte sempre a rir.
Ala lála, etc.

Que esa penliña de España
Non ten afellas porque
Miña joya temer tirrias
De virados na sua fe.
Ala lala, etc.

E si alguns desconsellados
Mal contentos inda están
Ela por mal qne lle queiran
Nunca asañada a verán.
Ala lala, etc.

Antes como anjo inocente
Por todos ha de pregar
C'os olliños muy fitados
Na nai que ha de perdonar.
Ala lala, etc.

Esa nai que ja os ferrollos
Das cadeas vai correr
Para que mil disgraciados
Agora o deixen de ser,
Ala lala, etc.

Atemperen os calados
Inimigos a axexar
As iras de vingatibles
E saiban quedos quedar.
Ala lala, etc.

Meu Santiaguiño do Burgo
Da Caeira San Anton
Tocaille a todos vos prego
Tocailles no corazon.
Ala lala, etc.

Os parentes da miniña,
A grandeza nacional
Os que fan ós diputados
O labrego é menestral.
Ala lala, etc.

A milicia òs empregados
E mais òs cregos tamen,
Que como eses se compoñan
C'os demais componse ben.
Ala lála, etc.

Dios nos libre de ambiciosos
Que primeiros queren ser
En todo, e no estan contentos
Sinon c'o que cada un quer.
Ala lála, etc.

Pidámoslle a Dios que sea
Para España este nadal
De fertuna e paz comenzo
E acabo de todo mal.
Ala lála, etc.

Denlle a parida bos caldos
De galiña e de perdis:
Aguas chirlas nin catalas:
Un bon viño do pais.
Ala lála, etc.

Que teña grande precuro
De agiña se repoñer
Porque poida sin cansazo
O seu trafego volver.
Ala lála, etc.

Que un-ha leira traballada
Si lle dan ben ô labor.
Comenzando à botar fruto
Cada vez ò da mellor.
Ala làla, etc.

Que medre a nena e se crie
Como un buxo sempre san,
E co ela a nai se regale
Como o famento co pan.
Ala làla, etc.

Ja me parez que a estou vendo
Saltándolle o corazon
Co a miniña agarimada
Do seu peitiño a caron.
Ala làla, etc.

E c'os ollos mimosiños
Cravados no seu amor
Brincarlle un-ha triste bagoa
Por un desejo maôr.
Ala làla, etc.

Correndo c'o pensamento
Por todo o seu reino vai
E sente ja mais que nunca
Por todos o amor de nai.
Ala làla, etc.

Ben quixera telos todos
Postos alí o rededor
Como irmàs ben abrazados
Depoñer todo rencor.
Ala làla, etc.

E eses nomes de bandadas
Jurar todos esquencer,
E que tan sò ô de leales
Españoles han de ter.
Ala lála, etc.

Non sabemos si seria
Bo desconjuros botar
Que non fose algun-ha cobre
Prèto d'ela s'enroscar.
Ala lála, etc.

Nin araña nin lagarto
Nen tampouco becho algun
Pois conven ter ó seu eido
Mais limpiño que ningun.
Ala lála, etc.

Pidamos todos por eles
Po la Nai ê po lo Pai,
Po la nena que as direitas
De sangre española sai.
Ala lála, etc.

E para que non'a firan
De ollo conven de lle pór
A figa, escritos, medallas
E a cruz do noso Señor,
Ala lála, etc.

Que ese brinquiño do Trono
E de España sol de paz
A Dios somente se debe
Porque canto quer él faz.
Ala lála, etc.

E si algun-ha falcatrua
Maginada tuvo alguen,
A miniña sahiu libre
Como das aguas Moisen.
Ala lála, etc.

Dio la garde, e mande un anjo
Do vèrse ò pè a se poñer
Cò a man na criaturiña
E o ollo en quen mal lle quer
Ala lála, etc.

E paz nos mandea nosoutros | Moralidá e religion.
Sosego justicia union, | *Ala làla, etc.*
Fartura amor lealtade |

OS LABREGOS DE PONTEVEDRA

A REINA DE ESPAÑA. (1)

Señora chegaron suas penas e dores
Tamen a ferirnos agudos a nòs,
As magoas sentidas por mor de traidores
Sofrímolas tod'os amantes de vos.

Señora terribel e atroz foi o feito,
E non temos mentes de haber tírria tal
Na España, que man regicida no peito
De Reina inocente cravase un puñal.

Si vos dende o vêrse mecida co estrondo
Das armas tremestes a oir o cañon,
Maor foi a gloria perigos abondo
Correr e chegar a regir a nacion.

Si foi o seu sangre vertido no pazo
Lostrego espantoso que o reino axufrou,
Tamen o gentio fervéndolle o bazo
Por vingar o crime a mil espantou.

(1) Se publicó en 21 de febrero de 1852.

Os que vos envidien teran maos sudores
E pensen os moinas que pensan muy mal
Si pensan do Trono facerse señores
Abrindolle a porta faccioso puñal.

As vingas señora teran as muy vivas,
Mais seus escarmentos tamen os teran,
Os medios que buscan as almas cativas
De trunfos coroa jamais acharan.

Si de atreizuados a man alevosa
Ainda teimase chegar hasta vos,
Non perda señora sua calma preciosa
Que librarvos deles precura ja Dios.

Ó campo si sahen os seus inimigos
Os homes leales ali os mataran,
Os campos señora vos dan mil testigos
Nos ósos dos mortos que neles ja estan.

Nosoutros labregos humildes non temos
Palabras con celme de divino son
Que dirlle a un-ha Reina, mais si lle ofrecemos
Con sinceridade un gran corazon.

De nos cando ò menos jamais, o juramos,
Ninguen dirá nunca non somos leás,
Que aquí por Santiago! jamais aleitamos
Jacobos crementes e mais Raballás.

Das marges do Elva que sugan as frores
Que os ollos regalan neste hermoso chan
Emboras envian alá os labradores
O ver da ferida que ja estades san.

Reinade señora un cento de anos
Que Dios vos da sinos de predileucion
Nosoutros gallegos e vellos cristianos
Así llo pedimos na nosa oracion.

No medio do camiño está un soldado
Da man eivado, coto e mais do pè,
Pedindo o probe, pasa un desfachado
Que a rir lle di sin que limosna dé.

Dulce et decorum est pro Patria mori!

O cego sigue a sua cantinela
Por si alguen chega que lle teña dor,
Alí de cote probe centinela
Parez que chora e canta a este tenor.

Soltei o arado da man
Deixei a muller e a terra,
Deixei tres fillos pequenos
Fun a guerra.
Dade un chaviño
Ou un pouco pan
A este ceguiño
Sin pé nin man.

Muitos da aldea conmigo
Foron á guerra tamen,
Sinon truyeron balazos
Ningun ben.
Alma cristiana
Ten caridade,
Sè mais humana
Que a sociedade.

Ferveume o sangre no peito
Que mil veces tiven roto,
Quedando co galardon
Cego e coto.
Nais que tés fillos
Nunca os vejâs
Con estes grillos
Que vendo estâs.

Sempre me puñan diante
A min e ós compañeiros
Para a morte, os da fertuna
Derradeiros.
Asi desfeito
Da guerra vin
Probe, maleito,
Todo perdin.

Muitas veces me lembraba
Das prendas do corazon
Roendo aquel duro pan
De municion.
Quen tenro acode
A este militar
Que ja non pode
Ir a traballar?

Sempre animoso corria
Cando tocaba a atacar
Esperando na vitoria
De medrar.
Mirai que gozo
De premio duro
Nun calabozo
Fechado e escuro!

Mil veces pingou o sangre
Miña limpa bayoneta
Sin que o toque me arredase
Da corneta.
Vede os sinales
De algun valor
Nestes oxales
De probe honor!

Si tuvera home calzado
Que lle dera à miña roda
No andaria nos camiños
De esta moda.
Probe carraca
Por mais que berro
Ninguen me saca
Do meu encerro!

Ben pensei cando bicaba
Meu miniño vixigento
Que outro galo me cantara
Mais contento.
Fago reparo
Que nunca un probe

Ten mais amparo
Que o ceo que o crobe.

Si caíra prisioneiro
Non fora tan disgraciado
Que nunca è tanto o inimigo
Maltratado.
Dádeme un chavo
Por Dios vos pido
Que a vida acabo
Tan afrigido.

Mirade quen me pegou
Nesta perna dous balazos
Anda entre os nosos agora
. . . . . .
Que sorte dura
A de un soldado
A quen o fura
. . . . . !

Morreu o sargento e cabo
Da miña de cazadores,
E diz que cobren as prazas
. . . . . .
Sangre vertida
Das miñas venas
Deixache a vida
Para estas penas!

Vai calado po la corda
Do traballo o matadeiro
Boi que sente preto a morte
Po lo cheiro.
Así o soldado
Co a fame coroa
Ou sangre escoado
Sua sorte boa.

Cantos na cama tumbados
Ou enchendo ben a góldra
Medraron, mentres mordia
Eu a pólvora.
Matade os fillos
Probes que os tês,
Para estes grillos
Non os gardés.

Donde vai o carceleiro
Que me ten en este encerro?
Que me mate de unha vez,
Faga o enterro!
Nunca eu nacera
Sinon fidalgo!
Non padecera
Dádesme algo?

—Seica pensas Pedro Luces
Relatar tod'os enredos
Que teño dentro da ucha
Fay un-ha chea de tempo?
Cata que esta foliada
Ja rebasa o aliñamento,
E no acabarás neste ano
Si deches naquel empeño;
Asi pois deten o labio;
A outra foliada pasemos
E quede esta rematada
Nese soldado famento.

—Como famento? famoso!
Que el que su sangre derrama
Por la patria tan gustoso
Entrar merece dichoso
En el templo de la fama.

La fama! numen divino!
Da de comer al hambriento
Y de beber al sediento!...
Es el Dios mas peregrino
Que pudo formar el viento!

Quien no envidia ser contado
Entre aquellos valerosos
Josué, David lastimado,
Y el Macabeo famosos
Por su ànimo esforzado?
Quien Hector ser no pretende,
Alejandro, el Cesar mismo
Rebosando el heroismo
Que el gran corazon enciende
De los tres del gentilismo?

O los tres del cristianismo,
Carlo Magno, Godofredo,
Artús del mayor civismo
Y de sin igual denuedo
Y sin parar caballerismo?

—Oyes fillo de un-halurpia?
Non me veñas argallando
Nin historias debanando
Con esa sorna pillastron!
Déixame de heroes, é famas
Que van hoje a tres ó carto
E delas o mundo é farto
Como é de ver en Timon.

Para cada un deses nove
Ja hay o menos mil de centos,
Todos grandes menumentos
De virtudes e valor!
E mais son de outro resorte
Que gañan indo mudando
Comforme a volta vay dando
O sol que lles da calor,

Teño dito Pedro Luces:
Rematemos a foliada
Que ja vay muy alongada
E quérome ir a deitar.
En despertando encheremos
A Gaita de novo alento,
E soará po lo vento
O seu noviño tocar.
—Señor, si V gusta
Leeré estas dos cartas
Que trajo el cartero
Y aun estan cerradas.
—Pois ála, e ò asunto,
Deixemo las pallas.

Coruña, &c.

. . . . . .

. . . . . Lo que te puedo adelantar es que los gallegos aquí como en Castilla, con muy raras escepciones, parece que reniegan de todas las cosas de su Patria; conducta injustificable en todos, y mas infinitamente en hombres de provecho y acreditada pericia. Ya te dueles de esto en la Gaita; pero el mal es crónico, y dudo que se remedie ni en la presente ni en la generacion que nos siga, &c. Tuyo siempre

F. O.

Estrada, &c.

. . . . . .

. . . . . Tu objeto es laudable, y el medio adoptado el mas apropósito para vencer en cierto modo la repugnancia de nuestros paisanos á ocuparse de todo lo que puede realzar á su pais natal, pero tus esfuerzos serán vanos á lo

menos por ahora. Predicarás, y convencerás con poderosas razones lo que te propones, pero no adelantarás gran cosa mientras no llegue á arraigarse en el corazon de nuestros gallegos, el amor por el suelo que les vió nacer, y los sentimientos de su propia dignidad. Todos se envanecen de decir y proclamar su oriundez y las glorias de su Patria, ausiliarse y protegerse cuando nosotros hacemos todo lo contrario. Parásito he visto yo en Madrid que á mi presencia llegó á negar ser gallego, y á desatarse en dicterios tales contra este desgraciado pais, que á no mediar dos amigos que se hallaban presentes hubiera terminado desastrosamente la contienda que entre ambos se suscitó, no pudiendo yo sufrir con paciencia tanto cinismo y desvergüenza. Por eso opino como dejo dicho, aunque repito que tus deseos son laudables y la novedad del medio adoptado ingenioso y el mas apropósito. &c Tuyo de corazon

F. R S. N.

Madrid, &c.

. . . . . .

. . . . . Alabo repito el noble empeño de escitar á nuestros paisanos á que estudien y uniformen su dulcísimo dialecto. Admiro las primicias que con tal objeto vas ofreciendo en el altar de la Patria; pero desengáñate, poco ó ningun fruto sacarás de ese trabajo literario por ahora. Las circunstancias no son tampoco apropósito para hacerte menos gravosa la publicacion, pues que ademas de nuestra natural indolencia y pereza se halla la atencion de todos em-

bargada por la política. No te causes pues, ni hagas sacrificios que no puedes que tal vez nadie te los agradecerá. Conoces muy bien el carácter de los gallegos, y sobre todo el de los de Pontevedra. Ya te lo dije mil veces—*nemo Patria propheta sua.*—Si en ese pueblo hubo en otro tiempo algun Mecenas para Juan de Guzman, este debió tal dicha á no ser gallego. Cuantos desengaños no habrás palpado tu ya! Quizá muy pocos de tus convecinos, quizá muy raro ó ninguno de entre tus amigos, y comprofesores, y tal vez ninguno de entre tus mismos parientes habran echado un triste óbolo en tu gazofilacio!

No te digo mas aunque mucho mas puedo decir.

Sabes que te habla con el corazon y es tuyo de veras.

A.

—Señor yo creo que podemos decir—VISTOS—y... dejémoslo?

—Deixa chover Pedro, que por hoje

Ante leves ergo pascentur in æthere cervi,
Et freta destituent nudos in littore pisces,

. . . . . .

Quam gaitæ bico desbotet Gaiterus sopretum

FOLIADA 6.ª

CANTO A MIÑA TERRA

OU SEA

PONTEVEDRA. (*)

A min oh musa a patria me récorda
Que trae o nome seu dun ponte vello,
E Pontevedra lle quedou fai muito,
A min cos meus ma lembra no desterro.
Amin que tantas saudades sinto,
Que si alá vou da alma c'o desexo
Alegre penso que da man de Apolo
Cantando volvo à nai un fillo tenro.
Oh musa amóstrame aquel chan querido,
Ponme diante canto alí está lexos,
E canto vin alá de pequeniño
Que mil suspiros saca do meu peito.

(*) Traduccion libre del canto de Amoedo, v. pag. 106.

Ay que ja sinto se bater as cordas
Do corazon entrando no meu eido
Co seu sobrado alto na praciña
Da Prateria, dita dos prateiros!
Alí nacin a veira de Batalla
Rico asturiano de muy gran comerzo,
Home de ben, e pio, e muy honrado
A quen amaba muito Colmeneiro,
Gran carmelita, que loaba a virge
Que lle salvará a vida alá hasta o ceo,
E ja finada a sua mision santa
Creou alí os cofrades do carmelo.
Entre as mais casas sobresae a grande
Que e de Gayoso posta alí no medio
De gran fachada que de arriba abaixo
De grandes sinos leva todo cheo. (*)
Balcós de pedra e torres no tellado
Arrente as veiras do cornisamento
Ben molduradas portas e solainas
Escudo de armas na paredc estenso,
E òs lados postas as estatuas grandes
Feitas de pedra co seu corpo inteiro
Que da Esperanza e mais da Fortaleza
A mostra son os sinos na man tendo.
Mais ò redor de tan bonita casa
Como formando un aro de gran prezo
Vai o balcon de ferro que a tres calles
Dà vista, e fai de alí muy gran recreo.

(*) Hoy pertenece este edificio al Excmo. Sr. Conde de San Roman.

Oh casa ilustre, honor da tua patria
Toda a tua gente, os fillos, e seus netos,
Acharan nados lumeado o vèrse
Da tua gloria co inmortal reflexo.
E mentres se ouzan con oido grato
Dos tan famosos Priamo e mais Hector
Os nomes doces, e mais de outros muitos
Que resucita a fama dos seus feitos;
Mentres que soe ben a valentía
E se precéc a virtude e o talento,
Ninguen verá esquencer os teus alaudos
O honor, o nome, o teu merecimento.
O teu Gayoso que à soberbia forza
De Ingalaterra lle puxeches freo,
E Marte alegre te levou nos brazos
E alá no ceo te puxo alí entre os hérocs.
Caron da casa arriba e mais abaixo
Pasan as ruas, mais de alí en direito
Juntas se enfian para a Ferrería
Praza que enfronta co a praciña preto,
E trahe o nome de que alí facian
Armas, ferrages, mais de cen ferreiros
E si se cava no seu ancho eirado
Inda o legon estrala en cachos vellos.
Recordo ben que alí todo los anos
De unha sangrenta guerra fan remedo
En remenbranza ou festa aniversaria
Dos que alí armados foran mil guerreiros
E asi de cote alí se afan os homes
A andar co as armas como cos aperos.

Direi pois algo de aquel simulacre
Dos que ò gran Marte teñen por maestro
Inda que o sol esmeche alí na praza
En ringles varias voltas van facendo
Tan ben prantados vivos e animosos
Que sò pra guerra din que foron feitos.
De mil maneiras cubizando alaudos
Jogan as armas con sobrado alento,
Fan no exercicio cousas milagrosas
E tan de súbito que è gusto velos.
Dimpois se arromban para a arremetida
Duns contra os outros, e levarse a heito,
E cada cal pelea e se defende,
Seguida a loita sin crebar sostendo.
Veñen e van as balas encendidas
Duns para os outros de carrage cheos
E fan alarde de mil artimañas
A cal mais pode ter o vencimento.
Tamen accesas baixan as granadas
Rápidamente desde o gran castelo
Que tomar quer o bando que está fora
Cimbrando as armas que dan mil reflexos,
Todos se encenden por amor da gloria
E Marte alegre anima aqueles peitos,
E si de arriba abaixo atea o fogo,
Mais ateado vai de fora a dentro.
Cansados ja os sitiados non aturan,
Cribados pensan en tomar alento,
E mandan ir propor òs inimigos
A paz que lles require un parlamento

Mais eles rinse ben da sua labia
Non queren ir por tal desistimento
Jurando agìña de tomar o forte,
E por debaixo os pès canto ten dentro.
O mensageiro torna co a resposta
Vai a levala adentro do castelo,
Fèchanse as portas, as trompetas soan,
E ferve o sangre ja dentro do peito.
Como tecendo van al labaradas
Polo pasto do lume nun incendio
Asi van os de fora enfurecidos
Co carrage a bater òs que estan dentro.
A carreira gabean polos muros
Ferindo ò inimigo ò mesmo tempo.
Rebasan, entran, vencen, e destrozan
Levando vitoriosos todo a heito,
Tal è o estrondo e arruido e estrago
Que fai tremere como cando o ceo
Negro se pon, rebenta a treboada
Fendendo os ares rayos morticeiros.
Ja rematado sahen ben formados
Por diante a gente con tan bos meneos
Que neles ver se cre da antigüidade
Cimon Anibal ou millores héroes.
Tamen detras parecen os vencidos
Mai los alaudos son para os primeiros
Que è o aguillon da fama gran resorte
Para facer valentes é guerreiros.
Anque conózome algo desviado
Das cousas postas ja no meu comenzo

Perdon vos pido por recordar algo
De aqueles vosos tan marciales feitos,
Siquera valla por disculpa miña
Do desafogo, ver que de pequeno
Me amedrentaba, e qu'inda taes images
No corazon pintadas hora teño.
Na praza estou e vexo alí cos ollos
A igrexa antiga e mai lo gran convento
De San Francisco feito de limosna
Con acomodo para muitos dentro.
Era dalí cando eu me vin o síndico
Riega que tiña abondo de diñeiro,
E mas tivera o mesmo dous filliños
Mais ja lle fixo a un deles o enterro.
Eu te saúdo Padre S. Francisco
E que defendas ante Dios che prego
Os que por ti fan profesion de probes
E o mundo deixan, e seus pais e deudos.
Tamen á ti saúdo o Virge Santa
Nai de Jesus que no portal aberto
Vigias ti de cote e o resgardas
Sobre da praza de algun mal intento.
Ahí os buxeus denoite mil foguetes
Che boten sempre con feliz festexo
Ganando asi teu corazon piadoso
Para poder subir dimpois ao ceo.
Sin sahir de aqui descobre a miña vista
A casa de Llorente, a de Freixeiro,
A de Moar, e mai la de Araujo
E a tua sempre amigo meu Parceiro.

Teu nome aviva as ansias de abrazarte
E tal cariño será en min eterno.
Na boca calle posto ja diviso
Tamen de Ozores os famosos eidos
E aqueles outros todos enreixados
Que cerran dentro o dono vello Peiro.
Vólvome agora po la mesma calle
Paso por outra praza me detendo
Po lo gentío que alí sempre acode
Mercar de todo para o seu sustento
Verdura e leite abondo e mais legumes,
Froitas e pan de millo, e de centeo,
E de picon, e mais de branco trigo
Todo en fartura e arreglados prezos.
E mais eu creo afellas que en ningures
Tal variedá se ve de peixes frescos
Nin tan baratos e nin tan sabrosos
Ben que o costume fai paladar nesto.
A ti recordo viuda de Mariño,
De ti tamen Tabares eu me lembro
Que as vosas casas tendes nesa praza
E dela paso a rua que è do Rego
Recordo agora a casa dos Aldaos
Os que saúdo, e a Fandiño o mesmo
Que tiña o cargo seu todo o tabaco
Autorizado con real nombramento.
Ja da cadea vexo os tristes portas
E agiña paso à ponte e me deteño.
De alí regala o abrigado porto
Como nacido naquel chan estenso.

Onde veredes que anda misturado
O mar co rio Lerez, que foi Leron
Por nome grego, e mais co rio d' Alba
Que und'a Penela ò outro lle da aumento.
Si vos gustaren os alegres campos
Alì encantados quedares por eso
Pois Dios parez que quixo porlle aro
A terra alí unda o mar de frores cheo.
Din que Neptuno, Venus, às Driadas
Con Pan, e Baco, e Ceres se puxeron
Por darlle a forma mais mellor ò porto
Adrede en junta sobre del no ceo.
Neptuno doulle as aguas dous sabores
Dóces e amaras sempre van correndo,
Venus lles dou o sosegado curso,
E as ninfas nadan naquel mar sereno.
Os demais Dioses que tal obra viron
Muito folgaron aprobando o feito
E ademiraron o divino arrombo
De mar e terra que deleita o velo,
E para mais puxeron unda as aguas
De fruta e frores os veirales cheos
O fin da ponte nunha capilliña
Está Santiago Apostol no pequeno
Burgo, onde van tod'os estudiantes
Co a sua bandeira como en regimento
Rezarlle ò Santo, e a pedirlle ajuda
O fin do curso regalando o velos.
Con canto gusto sinto o atractivo
De Lerez todo que diante o teño!

O Santo, os monges teuto venerando
Que por morada cubisei un tempo.
Dalì o volume inteiro se descobre
De toda a vila, e diante aquel convento
Hora fechado, que dos jesuitas
En faustos dias foi feliz asento.
Terron precioso, muito se folgaban
Nos teus vistosos verdes cotorelos
As musas todas, e tan ben se achaban
Como si foras ti seu natal eido.
Da sua boca en melosísimo canto
Fora de sì no encantado outeiro
De Pontevedra alaudos merecidos
Botaban gratas resoando lexos.
Ben os oían os da patria miña
Ben os oian muitos forasteiros
E todos vian que as divinidades
Nos seus decires non poñian erro,
Pois ben se ve que dignos de alabanza
Son meus paisanos de feliz ingenio,
Aquela vila hermosa e arredores,
E canto cobre alí o azul do ceo.
Fòra de muros hay dous grandes campos
Que òs mesmos Reyes fóran de recreo
Santo Domingo está no que è mais longo
E san José no outro mais pequeno.
Muy enfiados en fronteiras ringles
Fan sitio os arbores para o paseo
E ò redor a vista se regala
No verde chan de herbiña sempre cheo

Tamen alí se ven entreverados
Con geito postos cómodos asentos
Para os que queiran ir tomar descanso
Tomar ó sol ou ben tomar o fresco.
Esto con gusto viron os meus ollos
Nos meus primeiros anos de pequeno
Pois tiña apenas quince a sorte miña
Deixar me fixo o meu nadal terreo.
Santo S. Roque noutro campo posto
Algo arredado dos que dito deixo,
Santo divino, como enfeitizadas
Atrahes as gentes a tomar alento!
Tod'as entrañas bulen de alegria
Chegando a ti, è fólgase no peito
O corazon que fartase de vida
Bebendo ó brando soplo do mareiro.
Velalá veñen branquexando as velas
Enfiando as proas po la ria adentro!
Sospiros voan da Moureira afora
Sospiros veñen dende afora òs eidos
Quer ver ò fillo ò pai, a novia ò home
O pai ansioso busca ò fillo tenro,
Do corazon as azas todos baten
Halando corren por sahir de anhelos.
Hei ja relocen nas preñadas redes
Peixes que brincan e se estan batendo,
A gente acode muy enfaenada
Que e adoita ò mar e mais òs mariñeiros.
De ti Marin que caes alá no fondo
Seguro porto en ancho mar me lembro,

E mais das caravelas lusitanas
Que van a ti con sal para vendelo.
Mais acá as combas que as mareas mollan
En Mollabao, e está sobre penedos
De S. Francisco a Ermida arrodeada
De muitos santos sobre un muro tesos.
Campo S. Roque, fertunado vive
Quen tua delicia goza e o teu recreo!
O a Dios recibe derradeiro a un triste
Que seique nunca volve ó seu terreo.
A Dios querido chan, que arrodearon
Das mas collidas dende o mesmo ceo
A rir as Gracias que de cote botan
En ti as riquezas de natura en cheo.
Asi o camiño natural da gloria
Os meus paisanos teñen abí aberto
Con tal feitizo e encanto que a sì engada
En Pontevedra a gente ò Ser Supremo.
Ese treatro que sin fin agrada
Feliz arrombo de agua, terra e ceo,
Ese regalo que por nunca farta
Só o pudo far divino entendimento.
Vólvome agora adentro de murallas
A repasar agiña aqueles tempros.
Santa María que mayor ti eras
De todas cantas tiña a vila dentro,
Dios queira as outras vellas que te sigan
E que prosperen vendo tal enxempro!
Mayor empero ti serás de todas,
Muito mellor na forma e ser esterno,

Sin par na gracia de colunas e arcos,
No teu reparto claro e paramentos,
Nas mil ventages que o teu ancho espazo
Garda servindo a vila de ornamento.
Santa María Reina Soberana
Anjos é images todas de ese tempro
Andias de prata hermosa onde garrido
Vai adorado o Santo Sacramento
Oh Trinidade! Oh Virge Dolorosa!
S. Mauro abade e S. Miguel espero
Que non botés de vos e que a collades
A min que triste o pido do desterro.
De ti tamen Rector ben me recordo
Que meu amigo foches de pequeno
Da tua parroquia Torres me despido
E collo a ver a S. Bartolomeo.
Deixo a direita o pazo torreado
Que é do Arzobispo casa de recreo.
Saude tige de Malvar ilustre
Que o teu rebaño con amor paterno
Has de regir, e cal Pastor Divino
Pacencia ter para o ir levando a geito.
Si a tua patria ben gabarse pudo
De ter tal fillo nado alá en Salcedo
Hoje se gaba de que o mesmo fillo
Pai da sua patria proclamado vemos.
Ja estou na igrexa o pè da mesma pia
Que me borrou de Adam o mal do engendro
De gionllos posto oh Virge Sacrosanta
Da O te adoro cal meus pais fixeron.

Ti eres refugio de esa vila toda
Ti eres consolo dos seus males certo
E a infinidá de puntos desa roda
Sin conta din que son os teus remedios.
Diosa do ceo, nai dos cristianos
Que de favores os do meu terreo
Che deberan de cote mentres che oren
Con voz humilde e grande fe no peito!
Oh Hermenegildo Santo do meu nome
Ponme unda ti che rogo ala no ceo
Pois si acá fun nun reino teu ja nado
Que Dios nos junte ala no seu eterno.
No altar mayor se ve aquel héroe ilustre
Patron da vila S. Bartolomeo
E o acompañan Santa Cataliña,
Virge das Neves, mais a do Carmelo,
S. Bastian, as ánimas benditas
S. Cristobo, e S. Joan co seu cordeiro,
S. Julian, e mais Santa Lucía.
S. Josè e S. Antonio o milagreiro.
De aquí muy preto está S. Joan de Dios,
De cuya vida à historia eu dei comenzo,
Honor dos legos onde a Santa Bárbora
E S. Rafael lles fan un gran festexo
Oh, para enfermos casa de refugio
En ti soará con grato loor eterno
O nome doce de S. Joan de Dios
Muy venerado nese antigo tempro.
Agora vou a ver si Dios premite
Aquela casa en vaco e gran silencio...

Mais a que recordar triste de min
Dos que conmigo gemen no desterro
Sin dôr opresos por un duro fado,
A que lembrar aqueles menumentos?
Logrouse ja fechar oh ilustre Ignacio
Aquelas portas dos teus grandes tempros!
Asi calados quedarés oh Kosta
Lodoix, Xaveri, e Borgia sin remedio?
Premita Dios que o corazon do mundo
Desperte e sinta de piedade cheo
Gran compasion dos que gemendo arrancan
Ja en rouco son os ayes do seu peito!
A Santa Clara collo... Oh Virge Santa
No apartes nunca os ollos deste servo,
Ti que es consolo dos desamparados
Ollame mai piadosa no desterro!
Atras me volvo a repasar a vila
Toda cruzada de balcos a heito
E dando voltas van os soportales
De gran servicio e mais de gran recreo.
Non pois te gabes sola ti Bolonia
De soportales longos e ben feitos.
Aquel da ala da miña terra hermoso
Ten en verdá preclaros ornamentos
E alí o concurso e muito dos de afora
Que van e vèn de longe e mais de preto.
Pero digamos hora algun-ha cousa
De aquela festa grande do unigénito
Que en Pontevedra dia de Corpus Cristi
Se fai con pompa e gran regalamento.

O mesmo Dios na hostia consagrada
Se deixa ver nas calles a desejo
Entre alabanzas mil, arrodeado
De muita gala, e joyas de gran prezo,
Como ostentando en parte da sua gloria
A gran riqueza que è dos justos premio.
No hay naquel reino procesion igual
E Dios se alegra co gentío inmenso.
Como tentando a todos vai diante
A gran serpente ou Coca que da medo
Arremedando aquela que foi causa
Que Adam caise o noso mal comendo.
Detras a Nao da igrexa cristiana
Sin dar vagar por todo recorrendo,
Sìmbolo certo de que a todos colle
A nai católica de estremo a estremo.
Tamen os demos van representados
De horribel rosto por dous grans choqueiros
Que garatusas fan por cazar homes
Jurada a guerra a Cristo asi facendo.
Como tentado fora S. Antonio
En formas mil do demo no deserto
E S. Miguel Arcángel derrivara
A Lucifer do alto para ò inferno
Debaixo as andas suas van bruando
Sin se poder librar do seu imperio.
E si se esforzan por sahir de alí
Retornan presto ò duro cautiverio.
Da Trinidá a caron vai a comparsa
De homes valentes que recimbran feros

Un-has espadas limpias que relocen
Como o lustre veloz, e como espellos.
De dous en dous prantados con donaire
Fan estudiados prestos movimentos
Prezándose eles de ir aparellados
Para a defensa de aquel gran misterio
Hasta morrer en puna cos impìos,
E facer cachos tronos e mais cetros
Si contra Cristo ainda se repoñen
Que è dono, e pai, e Rey de tod'os reinos.
Asi de antigo foran costumados
A guerrear os ínclitos hebreos
Como leòs, que os inimigos todos
Da religion levaban sempre a heito..
Iban tamen nos hombros de homes altos
Con muitas galas muy bonitos nenos
Garridas Penlas con cariñas de anjos
Todos bulindo o pé do Sacramento
Coquiños fan donosos e meiguices
Cal Sarafins no amor de Dios ardendo,
E cada un movendo a espadeliña
Muy limpia e fina de lucente aceiro
Con estudiadas voltas vai e a rinde
Como vasallo fiel ao Dios eterno.
Todos cubizan ousequialo pios
E o rodean sin estarse quedos
Mostrando ós homes para que ò sigan
Dos seus deberes aquel vivo exempro.
Da gusto ver nos tempros e nas calles
Da festa os Santos muitos e ben feitos,

Tan ben compostos, e con tanta alhaje
De prata e de ouro e pedrería cheos!
Tanta riqueza e variedá de cousas
Tresvira a vista, e muitos dos oujetos
En tal cadea inmensa entreverados
Non logra a gente duas veces velos.
Asi no è fácil describir o todo
Da procesion en estes poucos versos.
Mais, ay! que sinto o corazon movido
De aquel pracer que tiña de pequeno
Cando acudia a festa tan preciosa
Cun-ha alegria que hora ja non teño,
E co a memoria de aquel ido gozo
Me caen dos ollos lágrimas fervendo.
Tamen vos teño a todos vos diante
Párrocos dignos, e a vosoutros cregos,
Corporacion ilustre de esa vila,
Cuya piedade anima os vosos peitos,
E vos afirma na devocion santa
Que conservâs ò grande Sacramento:
Vosoutros todos que presentes ides
Guiando e pondo en todo regimento
Testigos sodes de que canto digo
E pouco ainda, e que non poño erro,
E o mismo dir podran cantos de afora
Por regalarse van a tal festexo
Cuyo recordo cóbreme as entrañas
De un-ha alegria triste ò mesmo tempo.
No omitirei agora contar algo
De aqueles respetables menumentos

Que alá no miña terra fan ò vivo
A morte ver de Cristo e seus tormentos.
En pasos espresivos muy devotos
Conservan meus paisanos os misterios
Da sagrada pasion, que renovada
Se ve todo los anos con dor certo.
Vai no primeiro paso entre as olivas
Jesus arrodillado ollando ò ceo
Caindolle das juntas do seu corpo
O sangre en bagoadas de bermello;
E o pe durmindo van os tres discipulos
Mentres bebe aquel caliz seu maestro.
Vai no segundo paso encoiro atado
A un-ha forte columna aquel cordeiro
Cos ollos apagados, recibindo
As azoutes pegadas por judeos.
Vai no terceiro paso chorreando
O sangre po la testa e o cabelo,
Das feridas que fíxolle a coroa
De espiñas que lle deron por desprezo,
E mais nun-ha canela remedando
O poder nun-ha man que rompe os cetros.
Sigue noutro Jesus arrodillado
Co gran peso da cruz que o cirineo
Lle ajuda a portear pio e medroso
De afirmar as pisadas de ligeiro
Por seguir as que daba traballosas
Aquel Dios agoviado padecendo.
Cega generacion, ten entendido
Que o mesmo a quen mataches de amor cheo

Misericordia ò pai por ti pedindo
Che ofrece os brazos e da gloria o reino!
Sigue a Jesus de preto aquela virge
Rara en estremo cos olliños tenros,
Chorosos, fitos no seu fillo amado
Pura e sin mancha a nai de Dios gemendo.
Nada mais queda ja que ver agora
Sinon da pompa funeral o resto,
A donde vai a soledade triste
Co puñal do delor cravado o peito.
Diante dela penitentes muitos
Van en duas filas mornos con silencio,
Parte cubertos con silicio e corda,
Outros a soga no pescozo tendo,
Outros de espiñas a coroa sofren
Outros co a cruz a costas van caendo,
Outros se dan sin dor disciplinazos
Hasta sacar o sangre alí sin medo,
E todos siguen a Jesus magoados
Mostrando asi da alma o sentimento.
No outro dia ja cravado e posto
Na cruz encoiro amostras Dios eterno
As tuas feridas, que do corpo noso
Din a fraqueza e seus pecados negros,
Que seica asi co corazon magnànimo
Perdonar queres desde aquel madeiro.
Aquí de gionllos po lo chan me humildo.
Que sodes noso Salvador confeso,
E sò as entrañas vosas son divinas,
A quen foi dado restituir o Reino.

Da gloria os homes que perdido o tiñan
Ja habia de anos centos e milleiros.
O desenclavo feito, vai deitado
O corpo morto de Jesus adentro
Da sacra urna, e sae en procesion
Por muitas calles, e entra nalgus tempros.
Cantando en corpo van en duas filas
As oracios da Igrexa os de ambos cleros
E a autoridá civil tamen en corpo
Con gran gentio e cera vai no enterro.
Dios queira que inda esa arca da alianza
De bendicios vos cubra os vosos eidos
E sea prenda de futura sorte!
Para gozar de Dios alá no ceo!
O diliñar alegre as tuas dotes
Ou patria miña e mais teus menumentos
Tamen me folgo ver os teus retores
Juez e Torres no meu pensamento,
Pois eu confio que teran unidos
En paz perene a grey co seu gorberno.
Quero outra volta celebrarte o pobo
Ilustre, e manso de costumes reuto.
Direi con gusto sempre os teus alaudos
Ben merecidos onde me ache, e penso
Que acá arredado me dará a disgracia
Cun-ha esperencia que me dou enseño
Razòn bastante para ser creido
Como home justo de verdade e ingenuo
Regaládevos por muitos anos
Paisanos meus os que mandás e os menos,

Pois è gustoso e natural de todos
O chan loar da patria en que naceron
Abrazo agora brevemente e agiña
As vosas prendas raras e ornamento.
Con que natura ou a fertuna varia
Regala òs homes cando quer a heito.
Adios ilustre Figueroa que honra
Eres notoria dese gran terreo
Adios Mosqueira, Leyes, e Osorio,
Acha distante, Ochoa, Montenegro,
Florez, Monteleon, que ausente foras
De Pontevedra ja facia tempo,
Adios Sucado da marè viciño
Que os alfolís andabas recorrendo.
Adio los mais que omito para agora
Por non cansar, e perdonai vos prego
Pois vosas prendas e virtudes claras
Vos fan muy dinos do meu lembramento.
E ti querida patria mentres dure
Serpenteando o mar teu arrodeo
Mentres que teñas o teu campo hermoso
De froitas raras e de frutos cheo
Serás engado a cantos te visiten
Regalarás a tod'os forasteiros
Que iran decindo que non mente a fama
Que a ti o jardin te fai de todo o reino.
Non se me esquecen outras raras dotes
Da miña patria que palpei un tempo
E que mamei co leite que muy dondo
Me puña e iba desdobrando os membros.

Publico pois os principaes alaudos
Como testigo e sabedor ben certo
Da vosa boa crianza e mansedume
Da boa conduta do brillante ingenio
Sinceridade, e madurez no juizo
De trato doce e porte sempre honesto.
Veraz e justo recomendo e canto
Tantas bondades que debés ao ceo
Nesa region lejana e apartada
Os que vivis en tan feliz terreo
Notai que prendas semellantes loa
Vos dan abondo e gran merecimento
Erguendo a fama nas tendidas alas
O voso nome arriba ò firmamento
Mas ay de min! que ja gozar non podo
Meu chan querido meu querido ceo!
Dio lo premite, e calo e me resino....
Miña naisiña acolle o adios postremo!
Asi falando solo e às caladas
O desterrado con muy triste acento
Daba un repaso po la terra sua
Desafogando en parte o sentimento
Que era escoitado co a propicia magoa
Que engendra o amor da patria en nobres peitos.
Non podo mais, que ja meu duro fado
Co a sua pantalla enorme no desterro
Me acora e fai calar a miña cuita
Sua manferrada sobre min erguendo.
Inda non abro a boca para dirlles
Catro palabras òs amigos vejo

Que un-ha inimiga forza me asovalla
E me amedrenta con terribel ceño.
Miña disgracia quer acà en Italia
Queden meus òsos frios no desterro.
Ah Pontevedra, a Dios! fai vinte anos
Que halá por tí meu corazon no peito.

FIN.

Esta composicion la dedicó su autor al Excmo. Sr. D. Fr. Sebastian Malvar y Pinto, natural de Salcedo en Pontevedra en los términos siguientes:

ILLUSTRISSIMO ET REVERENDISSIMO
D. SEBASTIANO MALVARESSIO,
ARCHIEPISCOPO
ET DOMINO COMPOSTELANO
Herm. Amoedius
S. P. D.

Sive ut meæ indulgerem opinationi, qua vehementer ad te trahebar, sive ut meas quâcumque erga te partes explerem, corum, quos vel diligere, vel revereri maxime possum, nulli

præter te meritissime Præsul eodem loco, eâden luce, eisdem primis literis, eodemque cælo natum, &. educatum fas erat hujusmodi Carminis opusculum dicare. Id vero, quod mihiquidem fuit optatissimum, prorsús accidit, ut quám primúm tibi per epistolam hane animi mei simplicissimam deliberationem, voluntatemque subjeci humanis totis auribus excíperis. Tantis ergo ornatus auspiciis, mihimetipse idcirco gratulatus certà spe fore confido, ut in cujuscumque hoc communis utaique Patriæ Carmen preveniet, libentissimè legatur, atque avidè volvatur. Plenam enim tuam literarum arcem ac doctrinæ universæ, gravissimamque agendi rationem amplissimo nunc honoris gradui conjunctam noverunt omnes, quibus præclara gesta, nomenque tuum à longinquis etiam fuit regionibus delatum. Hæc omnia mecum sæpe meditatus magnoperè tùm me recreari sentio, quòd viam mihi planè oportunissimam aperiant te magis magisque comendandi omni comitatis officio præstantem, tùm etiam incredibili afficior voluptate, quòd exigua Patriæ monumenta, quæ delineando magis quàm scribendo comparavi, tuâ autoritate robores. Id si Superi unquam faxint ut majora à me elaborata partim, partim animo servata typis edantur, cum pleniùs uterque solidiorique ratione delectabimur, tùm quod caput omnium est, uberiores ex meâ provinciâ qualicumque fructus plurimi precipiant. Vale. E Bononia die 20 April. an. 1787.

FOLIADA 7.ª

Ten un boca e non pode falar
Falemos a medias.
—Quen será de peor condicion
Os homes ou as bestas?

Se vende, si señor, se vende y por mayor!—O que?—La carne.—Eso será na cortaduria donde á dan da roda, do peito, da perna, do lombo, da croca, da falda, da agulla, do oido, pescozo, e xarrete, costelas, e ubre, miolos, e barbos e morros, e boches, o figado, e riles, corazon, e bazo, raigada, e tripas, e patas, librillo, antafolles, calleira e mais verde.--No hablo de esa carne; sino de otra superior: de carne humana.—Como è eso? Ti sabes o que falas? Somos aquí por ventura antropòfagos? Mira Pedro si che alumbro, do primeiro batacazo vas a bater os Dardanelos, e dimpois alà te aveñas.—No lo sentiria mucho sì llegaba à ver con seguridad aquel apresto que remeda en parte el otro que alli cerca arrasò la ciudad de Dardano. Dudo que el desenlace de la fanfarronada asiàtico europea llegue à esplicarse bajo igual cifra que la del 1.º Fuit Ilion... es decir aquì fué Constantinopla, ó bien alli fué San Petersburgo.—Cala a boca Pedro è deixa ese rumbo para cando se poida navegar a todo trapo. Entonces podràs v. g. comparar à Polonia con Turquia e comparecer diante da justicia as bayonetas estrangeiras que estàn en Roma e as que mandou o Czar o Danubio. Ti entendes? Señor en ese convento donde V. estuvo porque libro se estudiaba?--Non seas

falador, nin preguntón. Bàstache saber que ali estudiàbamos ò direito e hasta que sabìamos un-ha cousa non pasábamos a outra. E sobre todo o maestro sempre nos decia que anque estudiàsemos pouco meditàsemos muito repetindo sempre e de cote cando entràbamos no estudio e sabiamos dél estas palabras que nunca se me esquecen.

Il a fallu des siecles pour conoitre une partie
des lois de la nature.
Un jour suffit a un sage pour connaitre
les devoirs de l'homme.

Pero volvo ò conto da carne. Quén che dixo a ti repito que aqui se come carne humana?—Yo no digo que se coma, sino que se vende, y se trafica con ella.—Eso non pode ser. Ti trabucas as especies. Serà algun alquiler por tempo determinado como se fai co as bestas.—Llámele V. haches, aunque es peor.—Por qué dis ti peor? Porque de las bestias alquiladas ha de tener cuidado y dar cuenta el que las alquila y de las animalias humanas no; que van á riesgo y ventura de su vida en el servicio, y si perecen perecen para su dueño, es decir para si mismas, y à nadie se puede culpar, ni hacer responsable —En tal caso ja eso pasa de alquiler, entonces ja digo que é venta ou cousa parecida, si hay semellante judiada.—Ello las gentes lo dicen bien claro: Fulano se vendiò por tanto, y el que lo compró lo vendió por otro tanto, &c., &c., &c. Eu non podo compor eso co a doutrina da escola, pois os homes estan fora do comerzo.—Que, que, que dice V.? No le quepa a V. duda que se venden.—Por diñeiro?—Si señor.—Serà por algun emprego.—Por dinero metálico.—Pero de qué modo?—Peor que con negros se trafica en esto.—Ti seique estas bébedo? En fin si os cartos o fan serà o prezo justo, e reparable o engano si o houvér—Disparate.—Los traficantes de esa mercancía se gobiernan por principios y leyes escepcionales acomodadas al negocio.—Vayase V. con engaños, lesiones ni reparaciones de ningun género que verá V. como se ponen, y como se santifican diciendo que el hombre es libre, y que el que se vende por 400 rs. queda tan vendido y tan sujeto como el que fué comprado por 4000 por mas que este sea peor que aquel y sirva menos, quedando sujetos a la voluntad del comprador, quien puede venderlos al precio que le acomode o regalarlos a un amigo. El hombre libre é ilustrado à tanto se obliga como queda obligado, &c., &c. Con los bueyes, y otras clases de ganado no sucede asi antes se repara el engaño si lo hubo admitiéndose tasa y otros remedios de justicia. Omito las contingencias en el cumplimiento de

tales contratos y los percances á que el tráfico de carne humana anda espuesto, y como algunos entranen la cárcel en vez de entrar en el servicio y llevan consigo á presidio á algunos de esos chalanes.—Mira Pedro agora que falas de eso dígoche que seique val mais estar dez anos nun bò presidio que dez dias nesa cadea de Pontevedra, nese edificio triste, feo, cheirento, apestado, oscuro, inmundo que mais ben pode chamarse cortello ou tobo para feras que non casa para ter os homes.—Escoita escoita. Non òs aquel cego como comeza à darlle ò vêo da zanfona còs ollos cara as reixas onde estan os presos que acoden por oilo?

Escucho si señor.—Pois apunta o que vay a cantar o cego ò son da zanfona. —Ya comienza y apunto:

Que querès vos toque
Un probe pieiro
Si chora á zanfona
Con son lastimeiro?
Oindo un-ha queixa
Se rompe o algodon
E sahe de estas cordas
Delorido son.

Non sei que cantarvos
Non sendo tristuras
Non ten alegrias
Quen vive as escuras.
Mais ja que o pedides
Anque probe sea
Direille pois algo
Cantando à cadea.

Fondo burato donde nunca è dia,
Tumba de vivos por sua mala sorte,
Negra coroa de instruccion impía
Dina da morte.

Botas alento po la porta fora
De podre vafo que non cabe dentro!
O sangre quer da rebustez que acora
Sahir do centro!

Duro castigo òs inocentes dado
Miles de veces por un fatal erro!
A ausolucion por último è traslado
Para o enterro!

Nesa parede que miseria crobe
Din que hay letreiros negros de carbon,
E que son nomes de persona probe
Sin ningun don.

Porque o señor, e o que ten diñeiro
Non necesita para estar seguro
Entrar na cova ter un carceleiro,
Vivir no oscuro.

Nin padecer un ano dous ou tres
Mentres a causa vai no tribunal,
Que muitas veces so lle pon un mes
De pena tal.

Que importa a ley que manda que a cadea
Non atormente o preso antes de tempo?
Si o fin e o cabo anque o juez a lea
Levaa o vento?

Inda no e todo estar alí abafados
Co a cor da cera mornos e maleitos,
Que tras da frebe os vicios descarados
Se ven direitos!

Probe virtude que entre po la porta
E se avergonce ali mostrando medo
Que asoballada po los pes e morta
Será ben cedo.

Nin que milagre si non van a misa
Nin tan siquera oyen un sermon
Nin hay alí migalla de divisa
De Religion!

Quen ten a culpa de esta iniquidade?
Ninguen levala quer porque è sabida.
Botaille logo a sabia sociedade
Tan ben regida.

Habrà diñeiro para far espadas
Pezas de ferro por la terra e mar
Para ter ben as armas afiadas
Para matar.

Habrá diñeiro abondo para festas
E merendolas, e titiritadas
E apousentos para ter as bestas
Muy ben cuidadas.

Mentres bagullas quentes escorrendo
Po las queixadas van do encarcelado
Que está de cote en balde alì gemendo
O mal pecado.

Fitando está no alto cos dous ollos
Alì deitado naquel frio chan
E cando os volve ferros, e ferrollos
Topando van.

Nunca lle quenta nin tampouco alegra
A luz do sol os tristes calabozos,
E algunha escasa das rendixas negra
Se torna a rozos

Nin hay limpeza mais que nun cortello
Donde se encerran probes delinquentes
Que alí van ver o edificante espello
Que ter nas mentes.

Mais lles valera ser alà da Angola
E no mercado postos à vender,
Que non podia o dono a sua argola
Mais dura ter.

Por muy judeo e muy ferino e malo
Non pode un home menos de catar
Que è outro home mais que o seu cabalo
Para o cuidar.

De pouco sirven leis e regramentos
Que solo escritos en papel estan,
E non se compren, eso que por centos
Os anos van.

En ese pozo à vòs que estâs fechados
En ese pozo o mundo da leucion
Do que os parentes inda os mais chegados
E amigos son.

Mais tamen digo que na idà presente
Se fai delito da piedà e deber,
E acaso o fillo faise delinquente
Si ò pai vai ver.

Probe do probe que nunca a fertuna
Lle volve os ollos con carìs de risa!
Probe de aquel que viste desde a cuna
Ruin camisa!

Probe de aquel que solamente fie
Envolto en crime de ser inocente,
Probe que mentres o culpado rie
Serà o pacente!

Ah disgraciado do que sin padriños
E sin diñeiro perseguido for!
Ah desgraciado del e seus miniños
Do seu amor!

Non vos cansedes vo los da cadea
Non vos cansedes nunca de chorar,
Porque o remedio.... So Dios vo lo dea
Que o pode dar.

Ya concluyó el ciego, que en verdad no parece serlo de entendimiento.-O cego que diga o que queira, que esa cadea logo vay a dsaparecer en rematándose a nova que estàn facendo donde dicen que non a debian facer. Pero cando estará o mundo libre de compadradas?--Es verdad que aunque tarde se dió ahora principio a esa obra tan necesaria y mas útil que infinitas bagatelas; pero como llegue a durar tanto ese edificio como duró el camino a cuya orilla se está cimentando todavia tienen tiempo de pudrirse centenares de presos en la antigua hedionda cloaca que se ve a la entrada de Pontevedra.—Pois canto durou esa legua de ca-

miño que vai desde à obra nova no campo de S. José hasta o porto de Marin? —Señor unos diez o doce años.—Que dis, que dis?—Unos diez o doce años.—Mirao ben.—Unos diez o doce años.—Que escándalo!—Asi es Sr. ¿Que diria aquella antorcha del orbe literario, aquel hijo ilustre de Galicia honra y gloria de Pontevedra si tal oyera? Que diria aquel modesto y sábio benedictino que en un discurso que debia ser grabado en letras de oro nos dejó (1) escrito lo siguiente: Hayna Capac conquistó la provincia de Quito distante 500 leguas de su corte el Cuzco, y para que volviese, victorioso le hicieron sus vasallos un ancho y escelente camino de 500 leguas. Quiso despues él mismo ir á visitar su querida provincia de Quito, y le prepararon otro camino nuevo de otras 500 leguas; con esta diferencia que el primero iba tierra adentro cortando las montañas de la cordillera, y el segundo iba por el pais marítimo atravesando arenales, &c.—¿Cuanto se tardaria en ese camino trabajando en él al tenor de la legua de Pontevedra á Marin?—Outro tanto como leva de vida o mundo.—Ah Señor! ¿Qué diria aquel hombre incomparable à la vista de esta, y otras cosas notables en su querida patria? Paréceme que le veo salir del solar de sus abuelos en Sta. Margarita...—De quén falas Pedro Luces? Non me volvas tolo. Ti de quen falas ho? —De aquel á quien conocen los sábios; e ignoran los de su pueblo.—De quen falas Pedro, non teñamos festa—De aquel á quien D. Francisco Martinez Marina en la introducion al ensayo histórico-crítico sobre la legislacion de Castilla llama docto y erudito; de aquel de quien el abad y monges de S. Martin de Madrid dicen: (2) «no se nos oculta la ansia con que esperan los eruditos ver los trabajos de este gran hombre.—Todos sus escritos son parte de un mismo ingenio todos están llenos de erudicion, todos son dignos de la luz pública... Acaso no faltaràn genios delicados que quieran notar el estilo de nuestro autor de poco fluido, dulce y elegante: sobre que debemos prevenir, que aunque si queria poseia en alto grado este adorno de la elocuencia, lo despreciaba ú olvidaba, porque le ocupaba toda la sustancia y no el modo; y como el mismo dice en un escrito (en la vida de Cervantes.) *No busco en los libros palabras, sino cosas*; y llamaba con jocosidad al estilo limado con nimiedad: *Tornear cláusulas* A mas de que no dejan de tener bastante elegancia sus escritos; pero sobre todo abundan de naturalidad, de chiste y gracia. Tampoco perdonaràn algunas espresiones al pa-

(1) Apuntamientos para un discurso sobre la necesidad que hay en España de unos buenos caminos reales y de su pública utilidad, insertos en el tomo 20 del semanario erudito de Valladares.

(2) Prólogo á las Memorias para la historia de la Poesía y Poetas españoles.

recer duras ó bajas que se le escapan de tarde en tarde; pero los que conocieron su *candor*, y palparon el fondo *de su buena alma* saben que las proferia impelido por el peso de la razon, y que las decia no solo sin malicia pero aun con inocencia... Para este *incomparable hombre no habia materia en que fuese peregrino* » Ah señor, parèceme que lo veo en Sta. Margarita elevarse con una estatura inmensa, y...—De quen falas Luces, reventa de un-ha vez —Señor, de aquel de quien oportunamente Fr. Diego Mecolaeta dijo que unido al P. M. Feijò podia decir *Nos duo turba sumus* y que era tal y tan varia la estension de sus conocimientos que se le podia aplicar lo siguiente:

Opportuna mea est cunctis natura figuris:
In quamcumque voles, verte; decorus ero.

De aquel de quien dijo el Dr. D. Pedro Gonzalez Garcia: *Omnem philosophiam, omnes sectas, omnen historiam mira capacitate complexus est*

De aquel de quien dijo el R. P. M. Fr. Francisco Antonio Ballesteros lo siguiente: En todas las facultades habla *como maestro*, y en todas como si fuese *profesor solamente de cada una de ellas*. Tal es la universalidad de sus estudios, que en ninguna es forastero, siendo en todas tan peregrino.» Ah señor, paréceme que veo elevarse en Sta. Margarita aquel hombre insigne y...—De quen falas Pedro?—De aquel de quien el R. P. Fr. Benito Gorónimo Feijó, ornamento de su siglo y gloria de Galicia decia: (*) Mi religion tiene un sugeto que à la edad de 35 años es un milagro de erudicion en *todo género de letras divinas y humanas*. En cualquiera materia que se toque da tan prontas tan individuales las noticias, que no parece se oyen de su boca sino que se leen en los mismos autores en donde las bebió. Es de tan feliz memoria, como de àgil y penetrante discurso: por lo que las muchas especies que vierte à todos asuntos salen apurados con una sutil y juiciosa critica. En sugeto tan *admirable* solo se reconoce un defecto, y es que peca de nimia ó muy delicada su *modestia* Es tan enemigo de que le aplaudan que huye de que le conozcan. Bien veo que el lector queria conocer à un sugeto de tan peregrinas prendas, pero no me atrevo à nombrarle porque sé que es ofenderle.—Ti de quen falas Tamborileiro?-Señor.

(*) T. C. D. 14. n. 84 y prólogo del tomo 5. º

Fac simile.



Señor hablo de aquel para cuyo túmulo escribió el docto D. Diego Antonio Cernadas entre otros el siguiente mote:

Nulla hic munera desunt
Ingenium, doctrina, genus prudentia, virtus.
Hæc data sunt paucis singula, cuncta tibi:

Ah Señor! Paréceme que le veo elevarse en Santa Margarita: clavar una triste mirada sobre su pueblo: dejar caer el rostro sobre las palmas de sus manos y... Ti de quen falas Pedro? Mira que sinon... Señor... de...

FR. MARTIN SARMIENTO!

—Eu ben digo que non andan todos no mon'e. E ti cañon como probas que ese home que seique é santo, era gallego, e ainda mais que era de Pontevedra?--Señor lo pruebo de la manera siguiente.

—En todas las obras impresas y manuscritas del P. Sarmiento se descubre una tendencia, un cierto interes en ensalzar y ennoblecer todo lo perteneciente à Galicia, y con especialidad à Pontevedra.

En la demostracion apologética del teatro crìtico de Feijoó dice hablando de este que es gallego, (1) y añade: (2) me precio de ser su discípulo, soy su *paisano*, amigo, y corresponsal. Mas adelante (3) dice: Habrá notado el lector que no he citado en favor de Galicia, sino aquello que precisamente basta para descubrir las vulgaridades del R. No ha sido esto efecto de una *pasion nacional* sino advertencia de que tambien es vicioso el estremo de un *nacional* desafecto.

En el pàrrafo 343 de las memorias para la historia de la poesía dice: *Galicia mi Patria* es la provincia que mas voces latinas conserva.

Esplicando la palabra canga (4) dice: los que no saben que es voz portuguesa la creen china, persiana, malaya, &ct., y *yo con ser gallego* dudé al principio, &c.

En otra parte dice: (5) es innegable que el año 1090 ni habia reino de Portugal ni lengua portuguesa: entonces solo habia la lengua gallega que se estendió à Portugal, como la catalana á Valencia, &c... El hacer clase á parte

(1) Tom. 2. §. 5.° n. 821. (2) id. n. 785. (3) n. 834 (4) comento sobre unos versos que escribió en gallego el P. Sarmiento con motivo de la muerte de Felipe V. y exaltacion de Fernando VI. al trono de España. (5) Discurso sobre el método de la educacion in-

para Galicia es por ser el dialecto mas cercano al latin —no hay español que mas facilmente pueda aprender la lengua latina que los niños gallegos, &c., &c..

Dice tambien ..(2) quiero que solo se me crea que en el presente asunto voy haciendo lo que puedo, ó para contentar mi curiosa aficion *á mi lengua patria* ò para escitar á mis *paisanos* à que cultiven y manifiesten á sus compatriotas su antigüedad orígen y nobleza.

La carta sobre industria y comercio escrita por el P. Sarmiento à su hermano Javier inserta en el núm. 2.° de la revista de Galicia publicada en Santiago en 1850 concurre á la misma demostracion.—Londres ni Paris, dice en ella, no tienen mejores influjos celestes para que solo allí, y no *en Pontevedra* se puedan fabricar dichos géneros, si ponen ahí las manos, y el rey quisiere que se pongan.

Hablando de la Moureira arrabal de Pontevedra dice: (3) á todos aquellos desembarcaderos de la Moureira aun hoy llaman Peiraus o Peiraos; y aun á todo el muelle de la villa *llamábamos los niños* ó Peirau. Se me atravesó en la imaginacion siendo grande si acaso la voz Peirau tendria alguna alusion con Pireo, ò Peiræo de los griegos, &c.

Dice allí mismo: estoy persuadido à que el terreno de Pontevedra no pudo menos de ser habitado y famoso en tiempo de los romanos y que en tiempo de los suevos y de los godos por mediar entre Braga y Lugo ha sido el centro del comercio marìtimo, el teatro del catolicismo, y del instituto monástico y sin salir de las actas de S. Fructuoso el solar de la mas distinguida nobleza. Multæ idoneæ ac nobiles Personæ etiam de Palatio, servitium Regis relinquentes (vinieron à buscar allí á S. Fructuoso) ex quibas plerique ad Pontificalem, duce dominos conscenderunt honorem. Inter quos unus nomine Theudiselus, &c.

Dice mas: unos 300 pasos antes de llegar al rio Lerez al pie del Monasterio hay una cataratilla, ò por mejor decir una natural cascada que hace el arroyuelo de la Fillagosa al precipitarse en el Lerez de muy alto por la ladera que mira al sol de mediodia. El que hubiere leido la descripcion que Eliáno hace del Paraiso ó Thempe de Thesalia creerá que habla de aquella ladera dicha por la varia natural y complicada amenidad del sitio, y por la variedad de frutos, aves, peces

---

sorto en el semanario erudito de Valladares tomò 19.- Leyolo aquí por primera vez con suma complacencia el Ilmo. Sr. D. Eugenio Manuel Cuervo Fiscal que ha sido del Tribunal Supremo de Justicia, y de él mandó sacar una copia.--Solia despues aquel escelente magistrado decir al Gaitero: estoy admirado, amigo Pintos, de ver que à la edad de 70 años he venido á aprender la carta del Christus à Pontevedra. (2) Comento, citado. (3) Id.

frutales. y árboles, casi innotos, que con las aguas del rio y de la ria hacen aquel parage el mas delicioso que he visto.

Dice mas: á principios del siglo 17 descubrió Maire otro estrecho mas austral para pasar al Perú sin pasar por el largo y penoso de Magallanes. Al punto se determinó en España que algunos españoles pasasen à reconocer dicho nuevo estrecho, y siendo constante que entonces habia muchos peritos en las armas y en la marina logró la villa de Pontevedra que para tan árdua y arriesgada empresa fuesen preferidos los hijos suyos, y de una antigua familia de ella. Bartolomé García de Nodal y Gonzalo de Nodal ambos capitanes y hermanos carnales naturales y vecinos de Pontevedra son los dos aquienes Felipe III. y el consejo de Indias encomendaron la dicha empresa del dicho reconocimiento. La pericia y mérito de estos Nodales se dejan entender por el testimonio auténtico que se imprimió con la relacion del viaje, y por el cual consta que antes de hacerla habian los dichos dos hermanos rendido, quemado y echado á fondo setenta y seis navios de varios enemigos de España.

Hicieron pues su viaje: reconocieron con individualidad dicho estrecho al cual llamaron el estrecho de S. Vicente, y para memoria de que eran hijos patricios de Pontevedra pusieron nombres à algunos Promontorios v. gr., á uno llamaron la punta de Udra aludiendo á la punta de Udra que es uno de los cabos que forma la ria de Pontevedra. En memoria de que S. Bartolomé es el Patron de la villa, y de que se llamaba Bartolomé uno de los capitanes hermanos llamaron cabo de S. Bartolomé á la punta mas austral de la Isla, ó tierra que llaman de los Estados, entre cuyo terreno y el que llaman cabo de Horno pasa ó está el dicho estrecho de S. Vicente.

En memoria del otro hermano Gonzalo pusieron por nombre à otra punta el cabo de S. Gonzalo, que se fué corrompiendo en cabo Gonzalo y Gonzalez que nada significa. La Isla que está pasado el estrecho, que se llama de Diego Ramirez en memoria del principal piloto de aquella espedicion. Volvieron con felicidad de ella, y el año 1621 imprimieron en Madrid en un tomo en 4.° la relacion de su viaje y con un grande màpa cuyo libro raro es muy apreciado entre los estrangeros, sobre lo cual puede verse á Mr. Frecier y otros. Gil Gonzalez Dàvila en su historia de Madrid, dice que conoció y comunicó à estos hermanos Nodales de vuelta de su navegacion, &c.

Dice en otra parte. Asi como los romanos llamaban simplemente *urbs* à la ciudad de Roma para significar su escelencia sobre todas las demas; y á Constantinópla llamaban tambien los asiáticos pro famosiorí la c udad y decian p. ex. vamos à la ciudad-Is-tem polin-cuyas tres palabras reunieron y corrompiéndolas

formaron el nombre de-Estambolin-Estambol-Estambul. Asi á Pontevedra se le dominaba únicamente con el nombre de *á Vila* por ser la mas hermosa de las que hay en Galicia.

Contestando à la Junta de Agricultura dice... (1) tuve que sacar unos tiestos de flores que tenia en la celda porque asi se prevenia por bando... y lo mas sensible es que entre esa tierra habia tierra gallega de *Pontevedra* que habia hecho venir en unos barriles &c.

Hablando de la antigua feria que por 30 dias se celebrába en Pontevedra empezando 15 dias antes del patrono S. Bartolomé, y de las famosas fiestas en mar y tierra dice: cada uno pida para *su Santo*. Yo deseo y pido que *en Pontevedra* se restituya la antigua feria general &c.

Me parece Sr. Gaitero que lo dicho basta para demostrar que Fr. Martin Sarmiento Benedictino, era gallego, y natural ú oriundo de Pontevedra.

Mira Pedro: poida que para algus inda non abonden os teos discursos, é por si acaso achegalle esa autoridade.

D. Pedro Rodriguez de Campomanes en el discurso preliminar sobre la marina, navegacion, comercio y espediciones de la república de Cartago, que anda unido al Periplo de Hannon traducido del griego por el mismo dice pag. 32. «Fundaron los griegos en Galicia á Hellenes, que es lo mismo que pueblo de griegos y à Amphilochia que es Orense hoy y Hellenes Pontevedra y *su territorio* como me he certificado por la autoridad del P. Fr. Martin Sarmiento benedictino *honor de Pontevedra su patria, y de las letras en este siglo* que conservo en unas reflexiones que escribió à mi instancia sobre la esplicacion que yo hice de una inscripcion griega de Mérida. Sus observaciones que en todo son excelentes en punto de antigüedad son de lo mas sólido que se puede desear. Solo sentirà el público que con este *hombre incomparable* se sepulten sus descubrimientos.

—Pero reñor como Pontevedra tiene olvidado á este hombre, y apenas hay en ese pueblo media docena que tengan noticia de él?—Cala á boca Pedro que... cosas tenedes que faran falar as pedras,—Ah señor paréceme que veo á aquel Gigante lleno de magestad dirigir desde Sta. Margarita una mirada desdeñosa à tantos pigmeos, volverles la espalda y desaparecer para siempre.

Ahora recuerdo señor lo que V. con razon lleva repetido.

Habrá jaspe marmor bronce
Letras de prata è douradas
Floreadas

(1) Semanario erudito de Valladares tomo 21

Para laranjos honrar!
Homes de mérito abondo
Nese fondo
Do olvido han de quedar
--Non cuides tí que se esqueza
Nunca nesta patria miña
Por morrer,
Ese á quen miña alma preza
Po las virtudes que tiña
E saber.
E si cen anos pasados
Sin que nada á nai nos conte
Do millor
Dos fillos, foy que estiñados
Non tiña os choros da fonte
Do delor.
Inda agora entre saloucos
Comenza aquí ó menumento
De Sarmento
Que gloria abondo terá
E na terra de Nodale
Inmortale
Martin Sarmento será.

Fin das sete foliadas compostas po lo Gaiteiro que foy bateado en Sta. Maria á Mayore é vive en frente do cruceiro do Burgo á vista de Pontevedra.

—Señor, me alegro de que V. forme de siete en siete las series de sus foliadas, y que cuando vuelva à tocar convide para la primera de la segunda setena. Dìgolo por que parece que un intruso quiso embozarse bajo el capote de los plagiarios y no solo anunciar una 8.ª foliada, sino lo que es mas miserable todavia introducir en ella à un Pedro Luces usurpando asi mi nombre propio. Bien es verdad que aquel Pedro se presenta como un zote, y cualquier que sèa capaz de hacer comparaciones esclamarà al punto Quantum iste Petri culus distat ab illo Petro! Conozco que nadie està libre de tentaciones, y menos de aprensiones vanas que privan el conocimiento y esponen al desprecio

del púb ico sensato á los insensatos que forman poco aprecio del público. Cualquiera que vea tan desgraciada composicion recomendarà á su autor la lectura de aquellos famosos tercetos.

Juzgas que esto que llaman poesía
Cuyos primores se encarecen tanto
Es cosa de juguete ó fruslería?
Que se puede adquirir el numen santo
Del Dios de Delo sin estudio y arte
Por conjuro de bruja ó por encanto? &c.

Vergüenza es que en Pontevedra se hayan impreso tan desatinados versos. Su mala medida y desconcierto, arguyen que se le alcanza de eso muy poco à quien tal hizo. Demuestra ademas su nulidad lo ordinario y bajo de la espresion, pues aun para ejercer la mas dura crìtica se recomiénda el decoro y la decencia. El usar de lenguage gallego es un doble cargo para el autor porque lejos de procurar ennoblecer y ensalzar su idioma contribuye á hacerlo despreciable. Aun cuando en su diàlago hubiera introducido el Sr. J. A. á un Farruquiño, debiera dar muestras de talento y de algun ingenio, haciendole decir en frases naturales y sencillas cosas dignas de un entendimiento claro y limpio; pues como dice muy bien mi condiscípulo el docto y erudito La Fuente contestando á una carta en gallego.

«Que bajo de incultas frases
Se descubre el culto genio
Cual bajo de un tosco sayo
Se descubre á un caballero
Pues es cualidad preciosa
De la cuna y del talento
Brillar en humilde estilo
Lucir aun entre remiendos.»

Yo, el verdadero Pedro Luces no puedo autorizar con mi silencio la mas ligera sospecha de complicidad en tales disparates y blasfemias.

Ni como pudiera mostrarme indiferente al ver estampado en letras de molde. *Esos sacrílegos pedidos que llaman* de *pié* de *altar. Dama me rejala V. etc. Decia amigo que ciertos abusos* por las leyes *reprobados fueron por la Iglesia creados* etc. etc. etc.? Con solo haber estudiado el Astete al derecho tenia lo suficiente para no incurrir en tales heregías, y con su doctrina sola contestaria al autor de tan desgraciada composicion; pero habiendo visto algo de leyes cànones y teología seria un delito el callar, ó no decir algo. Brevìsimas palabras diré, con todo, pero que basten para confusion de ese Sr. J. A. que tan absolutamente condena lo que está autorizado por la costumbre y por la ley divina y humana.

Con abrir los sagrados libros hallamos en sus primeras pàginas las ofrendas dando motivo al primer fratricidio. *Factum est autem post multos dies ut offerret Cain de fructibus terræ múnera Domino (G. 4.)* Continuó esta costumbre hasta Moisés desde cuyo tiempo se observò como ley hasta J. C. (Lev. I) Si *máculam habuerit non offeretis* &c. (22 *id.* 20.) *Oblationem meam* &c. *panes* offerte &c. (núm. 28.) &c. Entre los cristianos se hace notable ya desde un principio la oblacion por la muerte de Ananías. *Cur tentavit Santanas cor tuum* &c. (Act. Ap. I.) Esta costumbre seguida constantemente por los fieles es una ley reconocida por la Iglesia, que se funda en la misma doctrina del Evangelio A saber. *Dignus est enim operarius cibo suo* M. x. 9. 10. *Quis militat suis stipendiis unquam? Si nos vobis spiritualia seminabimus magnum est si nos carnalia vestra metamus?* Cor. IX. 7. 9 11. *Dominus ordinavit iis qui evangelium annuntiant de evangelio vivere.* I. Cor. IX. A la vuelta de la hoja donde se halla el canon que se cita en ese papel (Dudo que el autor lo haya leido en la verdadera fuente, pues se halla truncado y mal copiado.) se lee mas claramente la doctrina que autoriza las oblaciones ó derechos de estola y pie de altar, (Cap. 42. ext. de simonia) *Sacramenta sunt liberé conferenda: cogit tamen Ordinarius laicos observare laudabiles consuetudines* (Vease el canon) Ninguno se puede escusar que los non pague (tales derechos) maguer diga que non habia costumbre. Ley 5.ª tit. 13. P. 1.ª—Id. Ley 3.ª tit. 17. Id. Ley 15 de tit. Estas ofrendas son *tenudos*, los homes de dar á los clérigos de las Iglesias parroquiales ò moran el reciben los Sacramentos. Et como quier que los clérigos sean tenudos de rogar á Dios por los homes que les perdone sus pecados, mas lo deben ser por las ofrendas que reciben de ellos. (Ley 6.ª tit. 19 P. 1.ª) Exigirá la Iglesia donde fueren enterrados los militares los emolumentos que *sean de costumbre* &c. (Rl. Ord de Càrlos 3.º de 20 de Julio de 1779.)

El capellan conserve para sí como verdadero párroco la 4.ª funeral ú ofrenda donde haya *costumbre de exijirla* por los párrocos territoriales &c. todo sin perjuicio de los otros derechos, y dejando á las Iglesias en que se entierre el cadàver los derechos que conforme *al estilo del país* les correspondan por la asociacion y tumulacion; esto es por el *acompañamiento, sepultura, campanas* &c. &c. Real órden del piadoso Càrlos III. en 31 de octubre de 1781.

Esto no necesita comentarios.

Diu oblationes istæ (pro mortuis) sola offerentium voluntati steterunt; at post sæculum décimun in laudabiles abierunt consuetudines, quibus post exequlas cogi possunt hæredes. Atque hæc sunt jura funeraria quæ parochis debentur propter animarum curam &c. &c. (Cabal. P. 2. c. 39.)

Cada vez me admiro mas de que se hayan levantado tan falsos testimonios á la Iglesia, y á nuestros católicos monarcas. No dudo que habrà abusos en la esaccion de los derechos indicados; mas aquellos pueden combatirse dignamente manejando la crítica con finura inteligencia y gracia, y dando à cada uno lo suyo.

Réddite quæ sunt cæsaris cæsari, quæ sunt Dei Deo.

La Iglesía no autoriza los abusos, y menos autoriza la impiedad. Es tanto lo arraigado que està en el corazon de los católicos el deber de las ofrendas que, habiéndose abolido el diezmo, respetò la autoridad civil aquellos derechos como para indicarnos que son aun mas sagrados, y que son inconmutables, ó que se les quitaria toda su gracia y mérito sustituyéndolos ò compensàndolos de cualquier otro modo. Respetàronse y se respetan en la actualidad por ambas potestades, sobre lo cual pudiera insertar aquí varias disposiciones; pero basta señalar el art. 33 del último Concordato que es una ley del Estado. Todos los autores canonistas se hallan conformes en esta doctrina, y hasta aquel que acaso habló con mas estremada libertad sobre asuntos eclesiàsticos. Hablo del Servita Fr. Paolo Sarpi que no debe ser sospechoso à ningun libertino. Pues ese historiador del Concilio de Trento en su tratado de beneficiis parece que se inclina á que eran obligatorias las oblaciones en el tiempo de los Apóstoles citando al intento aquel testo de S. Pablo.=*Per unam sabbati unusquisque vestrum, apud se seponat recondens quod ei bene placuerit (Ep. 1. Cor)* Es ademas corriente como enseñan los teologos que por la costumbre obliga la oblacion.=*Oblatio quantum est de se, voluntatis est; sed tamen necesaria fieri potest uno ex sequentibus modis: Primo; pacto aliquo vel conventione præcedente. Secundo voto vel promisione, vel donatione inter vivos vel testamento Tertio: propter Ecclesie et ministrorum necessitatem. Quarto: propter consuetudinem. (V. Div. Thom. quæst. 85. 2. 2)* —Ti à donde vas tamborileiro? Quen te mete a ti a predicador? Non tera por ventura a Igrexa cregos que saiban defendela? No ti... —Señor...—Cala che digo e corra a folla. A Gaita è para o Gaiteiro—Y el tamboril para el Tamborilero—Pois sabendo ti eso, anque viras que calesquer queria meterse a remedarte, tiñas mais que decirlle ó que á aquel outro entremetido mal remedador Tordesillesco lle dixo ó célebre Manco =Castiguele su pecado, con su pan se lo coma, y allà se lo haya?—Señor yo no puedo—Cala che volvo a decir.—Señor à cuenta de los sufridos.—Pedro cala che redigo outra volta, e recoméndalle a ese e a outros que como él se meten no que non é para eles estas palabriñas de Horacio:

Samite materiam vestris, qui scribitis, æquam
Viribus, et versate diu, quid ferre recussent,
Quid valeant humeri.

Burgo de Pontevedra 24 de Diciembre de 1853.

REAL ACADEMIA GALEGA

75 ANIVERSARIO

1906-1981

XOAN
MANUEL
PINTOS

GAITA GALLEGA

EAL ACADE
GALEGA
A CORUÑ
30294
Biblioteca